



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 86

VII lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 30 de maio de 2007

Presidencia da Excm. Sra. D.<sup>a</sup> Dolores Villarino Santiago

#### ORDE DO DÍA

(Continuación.)

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

#### 3. Mocións

##### 3.1 07/MOC-0062 (20839)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do Plan estratéxico 2006-2020 do ADIF, o informe da Unión Internacional de Ferrocarrís referente á posta en servizo dos treitos galegos e o seguimento da construción do AVE en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación n.º 17690, publicada no BOPG núm. 298, do 28.02.2007, e debatida na sesión plenaria do 08.05.2007)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 356, do 16.05.2007

##### 3.2 07/MOC-0063 (20840)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Bernardo Tahoces, Ángel

Sobre as observacións do Goberno galego no procedemento formal de investigación iniciado pola Unión Europea respecto da tarifa eléctrica do ano 2005 correspondente aos grandes consumidores industriais e a súa coordinación con Alcoa e Ferroatlántica. (Moción a consecuencia da Interpelación n.º 18032, publicada no BOPG núm. 305, do 08.03.2007, e debatida na sesión plenaria do 08.05.2007)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 356, do 16.05.2007

##### 3.3 07/MOC-0064 (20841)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castelao Bragaña, José Manuel e Miras Portugal, Aurelio Domingo  
Sobre as medidas do Goberno galego para a protección das persoas galegas residentes en Venezuela, así como o seu patrimonio, e os plans para atender a súa situación nos ámbitos asistencial, sanitario, retorno, seguridade persoal, patrimonial e xurídico

(Moción a consecuencia da Interpelación n.º 17505, publicada no BOPG núm. 294, do 23.02.2007, e debatida na sesión plenaria do 08.05.2007)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 356, do 16.05.2007

#### 4. Proposicións non de lei ante o Pleno

##### 4.1 07/PNP-0306 (18191)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Besteiro, Manuela e 3 deputados máis

Sobre a apertura do proceso de negociación coa plataforma de profesores interinos previo á celebración das oposicións, así como a adquisición dos compromisos mínimos solicitados por esta en relación coa estabilidade nos seus postos de traballo

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 310, do 14.03.2007

##### 4.2 07/PNP-0324 (19150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Parga, Carlos Fernando

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións dos traballadores e das traballadoras das empresas auxiliares da minaría galega do carbón

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 337, do 19.04.2007

##### 4.3 07/PNP-0334 (20449)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rojo Noguera, Pilar e 2 deputados máis

Sobre as actuacións que se van levar a cabo en relación coa situación urbanística e social que se está a producir na illa de Arousa

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 356, do 16.05.2007

##### 4.4 07/PNP-0335 (20500)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seara Sobrado, Laura

Sobre a divulgación do valor histórico e o desenvolvemento cultural e social do Couto Mixto, radicado entre os concellos de Calvos de Randín e Baltar, na fronteira con Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 352, do 10.05.2007

#### 5. Interpelacións

##### 5.1 07/INT-0158 (19058)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 5 deputados máis

Sobre a aplicación da normativa vixente relativa á descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 337, do 19.04.2007

##### 5.2 07/INT-0169 (20585)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e 6 deputados máis

Sobre as investigacións realizadas en relación ás causas dos incendios forestais do ano 2006, os datos e as actuacións levadas a cabo respecto da intencionalidade destes

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG núm. 351, do 09.05.2007

#### 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

##### 6.1 07/POPX-0105 (21044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre os anuncios realizados polo Ministerio de Industria de modificación do marco regulador da produción de enerxía eólica

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 361, do 24.05.2007

##### 6.2 07/POPX-0107 (21047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rego González, Ismael

Sobre as previsións do Sr. Presidente da Xunta de Galicia en relación coa ordenación territorial e urbanística

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 361, do 24.05.2007

##### 6.3 07/POPX-0106 (21045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto

Sobre a situación da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 361, do 24.05.2007

#### 7. Preguntas orais ante o Pleno

##### 7.1 07/POP-0385 (17626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a elaboración dunha nova lei do voluntariado de Galiza.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 298, do 28.02.2007

##### 7.2 07/POP-0392 (17944)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 7 deputados máis

Sobre o número de pacientes da lista de espera non estrutural en cada hospital do Servizo Galego de Saúde, así como en Povisa

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 306, do 09.03.2007

Publicación correccións, BOPG núm. 337, do 19.04.2007

#### 7.3 07/POP-0455 (20993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María del Carmen e 2 deputados máis

Sobre os obxectivos do desenvolvemento do programa "Alerta Escolar"

Publicación vía urxencia, BOPG núm. 361, do 24.05.2007

#### 7.4 07/POP-0419 (18779)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre o presunto incumprimento do disposto no Decreto 24/2004, do 29 de xaneiro, polo que se crea o Comité Científico Galego de Pesca

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 327, do 07.04.2007

#### 7.5 07/POP-0431 (20258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruíz Rivas, Manuel Santos

Sobre o cobramento de taxas portuarias en lugares non dedicados á actividade dos portos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 341, do 25.04.2007

#### 7.6 07/POP-0436 (20408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Paz Antón, Xosé Ramón

Sobre o fomento e promoción do deporte feminino.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 349, do 05.05.2007

#### 7.7 07/POP-0438 (20488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Riobó Dios, María Modesta

Sobre o desenvolvemento da Lei de dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 349, do 05.05.2007

#### 7.8 07/POP-0440 (20504)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta

Sobre a demora da efectivización polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do financiamento prometido para a aplicación da Lei de dependencia de Galicia

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 348, do 04.05.2007

*Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os anuncios realizados polo Ministerio de Industria de modificación do marco regulador da produción de enerxía eólica.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Aymerich Cano (BNG). (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Pérez Touriño. (Páx. 10.)

Réplica do autor: Sr. Aymerich Cano (BNG). (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Pérez Touriño. (Páx. 12.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Sr. presidente da Xunta de Galicia en relación coa ordenación territorial e urbanística.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Rego González (S). (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Pérez Touriño. (Páx. 13.)

Réplica do autor: Sr. Rego González (S). (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Pérez Touriño. (Páx. 14.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Alberto Núñez Feijoo, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación da sanidade pública galega.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Núñez Feijoo (P). (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Pérez Touriño. (Páx. 16.)

Réplica do autor: Sr. Núñez Feijoo (P). (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Pérez Touriño. (Páx. 18.)

**Moción do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ángel Bernardo Tahoces, sobre as observacións do Goberno galego no procedemento formal de investigación iniciado pola Unión Europea respecto da tarifa eléctrica do ano 2005 correspondente aos grandes consumidores industriais e a súa coordinación con Alcoa e Ferroatlántica.** (Punto terceiro da orde do día.)

*A señora presidenta comunica que a esta moción lle foron presentadas emendas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 19.)*

*Intervención do autor: Sr. Bernardo Tahoces (P). (Páx. 20.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Blanco Parga (BNG) (Páx. 21.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 24.)*

*O señor Bernardo Tahoces (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 25.)*

*A señora presidenta decide continuar co desenvolvemento do pleno mentres os grupos intentan chegar a un acordo en relación coas emendas. (Páx. 26.)*

**Moción do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Castelao Bragaña e D. Aurelio Domingo Miras Portugal, sobre as medidas do Goberno galego para a protección das persoas galegas residentes en Venezuela, así como o seu patrimonio, e os plans para atender a súa situación nos ámbitos asistencial, sanitario, retorno, seguridade persoal, patrimonial e xurídico. (Punto terceiro da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Miras Portugal (P). (Páx. 26.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 28.) e Sra. Soneira Tajés (S). (Páx. 30.)*

*O señor Miras Portugal (P) intervén na rolda de peche. (Páx. 32.)*

**Moción do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alejandro Gómez Alonso, sobre a valoración do Goberno galego respecto do Plan estratéxico 2006-2020 do Adif, o informe da Unión Internacional de Ferrocarrís referente á posta en servizo dos treitos galegos e o seguimento da construción do AVE en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)**

*A señora presidenta comunica que a esta moción lle foi presentada unha emenda conxunta polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 34.)*

*Intervención do autor: Sr. Gómez Alonso (P). (Páx. 34.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Da Silva Méndez (BNG) (Páx. 36.) e Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 38.)*

*O señor Gómez Alonso (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 40.)*

*A señora presidenta anuncia que se van votar as mocións, empezando pola última moción debatida. (Páx. 41.)*

*Votación da moción (documento número 20839) do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alejandro Gómez Alonso, sobre a valoración do Goberno galego respecto do Plan estratéxico 2006-2020 do Adif, o informe da Unión Internacional de Ferrocarrís referente á posta en servizo dos treitos galegos e o seguimento da construción do AVE en Galicia: rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 41.)*

*O señor Bernardo Tahoces (P) le o texto transaccionado da moción (documento número 20840) que se vai votar a continuación. (Páx. 41.)*

Votación do texto transaccionado da moción (documento número 20840) do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ángel Bernardo Tahoces, sobre as observacións do Goberno galego no procedemento formal de investigación iniciado pola Unión Europea respecto da tarifa eléctrica do ano 2005 correspondente aos grandes consumidores industriais e a súa coordinación con Alcoa e Ferroatlántica: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da moción (documento número 20841) do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Castelao Bragaña e D. Aurelio Domingo Miras Portugal, sobre as medidas do Goberno galego para a protección das persoas galegas residentes en Venezuela, así como o seu patrimonio, e os plans para atender a súa situación nos ámbitos asistencial, sanitario, retorno, seguridade persoal, patrimonial e xurídico: *rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Manuela López Besteiro e tres deputados máis, sobre a apertura do proceso de negociación coa plataforma de profesores interinos previo á celebración das oposicións, así como a adquisición dos compromisos mínimos solicitados por esta en relación coa estabilidade nos seus postos de traballo.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. López Besteiro (P).* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Parga Núñez (BNG)* (Páx. 44.) e *Meijón Couselo (S).* (Páx. 46.)

*A señora López Besteiro (P) intervén na rolda de peche.* (Páx. 48.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Fernando Blanco Parga, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións dos traballadores e das traballadoras das empresas auxiliares da minaría galego do carbón.** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei lle foron presentadas emendas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e Popular de Galicia.* (Páx. 49.)

Intervención do autor: *Sr. Blanco Parga (BNG).* (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Gallego Lomba (S)* (Páx. 51.) e *Bernardo Tahoces (P).* (Páx. 53.)

*O señor Blanco Parga (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 55.)

*A señora presidenta propón seguir co desenvolvemento do Pleno mentres os voceiros dos grupos intentan chegar a un acordo, e que logo lle comuniquen o resultado á Presidencia.* (Páx. 56.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera e dous deputados máis, sobre as actuacións que se van levar a cabo en relación coa situación urbanística e social que se está a producir na Illa de Arousa.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rojo Noguera (P).* (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Da Silva Méndez (BNG)* (Páx. 58.) e *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 60.)

*A señora presidenta anuncia que a sesión se retomará ás catro e media da tarde, e suspende a sesión. (Páx. 63.)*

*Suspéndese a sesión.*

*Retómase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Laura Seara Sobrado, sobre a divulgación do valor histórico e o desenvolvemento cultural e social do Couto Mixto, radicado entre os concellos de Calvos de Randín e Baltar, na fronteira con Portugal. (Punto cuarto da orde do día.)**

*A señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda polo G. P. Popular de Galicia. (Páx. 63.)*

*Intervención da autora: Sra. Seara Sobrado (S). (Páx. 64.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Rodríguez Fernández (P). (Páx. 65.)*

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Paz Antón (BNG). (Páx. 68.)*

*A señora Seara Sobrado (S) intervén parra posicionarse respecto das emendas. (Páx. 69.)*

*A señora presidenta suspende a sesión co fin de transaccionar. (Páx. 70.)*

*Suspéndese a sesión.*

*Retómase a sesión.*

*A señora presidenta anuncia que se van votar as proposicións non de lei debatidas. (Páx. 70.)*

*A señora Seara Sobrado (S) le o texto transaccionado da proposición non de lei (documento número 20500). (Páx. 70.)*

*Votación da proposición non de lei (documento número 18191) do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Manuela López Besteiro e tres deputados máis, sobre a apertura do proceso de negociación coa plataforma de profesores interinos previo á celebración das oposicións, así como a adquisición dos compromisos mínimos solicitados por esta en relación coa estabilidade nos seus postos de traballo: rexeitada por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 70.)*

*A señora presidenta le o texto transaccionado da proposición non de lei (documento número 19150). (Páx. 70.)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei (documento número 19150) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Fernando Blanco Parga, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións dos traballadores e das traballadoras das empresas auxiliares da minaría galega do carbón: aprobado por 68 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 70.)*

*Votación da Proposición non de lei (documento número 20449) do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera e dous deputados máis, sobre as actuacións que se van levar a cabo en relación coa situación urbanística e social que se está a producir na Illa de Arousa: rexeitada por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 70.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei (documento número 205000) do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Laura Seara Sobrado, sobre a divulgación do valor histórico e o desenvolvemento cultural e social do Couto Mixto, radicado entre os concellos de Calvos de Randín e Baltar, na fronteira con Portugal: *aprobada por 68 votos favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71)

**Interpelación de D. Roberto Castro García e seis deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as investigacións realizadas en relación ás causas dos incendios forestais do ano 2006, os datos e as actuacións levadas a cabo respecto da intencionalidade destes.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (P).* (Páx. 71.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (Suárez Canal).* (Páx.73.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 76.) e *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 78.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (P).* (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (Suárez Canal).* (Páx. 80.)

**Pregunta de D.<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a elaboración dunha nova lei do voluntariado de Galiza.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 82.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar (Quintana González).* (Páx. 83.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar (Quintana González).* (Páx. 84.)

**Pregunta de D.<sup>a</sup> María Modesta Riobó Dios, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento da Lei de dependencia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Riobó Dios (BNG).* (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar (Quintana González).* (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Riobó Dios (BNG).* (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar (Quintana González).* (Páx. 86.)

**Pregunta de D.<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias, do G. P. Popular de Galicia, sobre a demora da efectivización polo Ministerio do Traballo e Asuntos Sociais do financiamento prometido para a aplicación da Lei de dependencia en Galicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar (Quintana González).* (Páx. 88.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar (Quintana González).* (Páx. 88.)

**Pregunta de D. Miguel Santalices Vieira e sete deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de pacientes da lista de espera non estrutural en cada hospital do Servizo Galego, así como en Povisa.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Santalices Vieira (P).* (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Rubio Vidal).* (Páx. 91.)

Réplica do autor: *Sr. Santalices Vieira (P).* (Páx. 91.)



Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Rubio Vidal)*. (Páx. 92.)

**Pregunta de D.<sup>a</sup> María del Carmen Acuña do Campo e dous deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os obxectivos do desenvolvemento do programa “Alerta Escolar”.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación e Ordenación Universitaria (Sánchez Piñón)*. (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación e Ordenación Universitaria (Sánchez Piñón)*. (Páx. 94.)

**Pregunta de D.<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e D. Xosé Ramón Paz Antón, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o fomento e promoción do deporte feminino.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Cultura e Deporte (Bugallo Rodríguez)*. (Páx. 96.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Cultura e Deporte (Bugallo Rodríguez)*. (Páx. 97.)

**Declaración institucional**

*A señora presidenta le unha declaración institucional sobre a paz en Palestina.* (Páx. 98.)

*Remata a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

**A señora PRESIDENTA:** Bos días, señoras deputadas e señores deputados. Reiníciase a sesión, e lles prego que ocupen os seus escanos.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os anuncios realizados polo Ministerio de Industria de modificación do marco regulador da produción de enerxía eólica**

**A señora PRESIDENTA:** Reiniciamos, como é tradicional, coas preguntas ao señor presidente da Xunta, empezando pola do portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre os anuncios realizados polo Ministerio de Industria de modificación do marco regulador da produción de enerxía eólica.

Para formular a pregunta ten a pregunta o señor Aymerich Cano.

**O señor AYMERICH CANO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor presidente, o pasado sábado, día 26 de maio, o *Boletín Oficial do Estado* publicaba o Real decreto 661/2007, que establece o novo marco regulador da produción de enerxía eléctrica en réxime especial. Temos que felicitarmonos de que este decreto corrixa felizmente, atendendo o traballo e atendendo os argumentos esgrimidos pola Consellería de Industria e polo Goberno de Galiza, o que eran versións anteriores dese mesmo decreto e que poderían supor un baleiramento na práctica das competencias de Galiza, das competencias das institucións galegas en materia enerxética e, en concreto, en materia de produción de enerxía eléctrica a partir do vento, de enerxía eólica.

O Goberno español, por tanto, recúa ao eliminar a equiparación entre as primas para instalacións de menos de 50 megavatios, chamadas en réxime especial de competencia da Xunta de Galiza, e pra as instalacións en réxime ordinario de máis de 50 megavatios ou as instaladas no mar. Por iso, temos, como digo, que nos felicitar, a pesar de que poñamos tamén de manifesto que houbo, na elaboración deste decreto, moitas indas, moitas idas, moitas vindas e, desde

logo, o que houbo tamén é moita falta de transparencia. Temos que deixar sentado que non houbo unha consulta a Galiza, que non houbo unha consulta á Comunidade Autónoma, unha consulta preceptiva, de acordo co que establece o artigo 30 da Lei do sistema eléctrico, e que do noso punto de vista supón un mal precedente –que estamos seguros que se vai corrixir– pouco acorde coa lealdade mutua que debe rexer as relacións entre Galiza e o Estado.

Pra nós o fundamental é preservar as competencias do Goberno galego, as competencias de Galiza, á hora de formular e aplicar unha política enerxética acorde cos intereses da nosa nación, unha política enerxética que asegure que, como mínimo, unha parte da riqueza producida cos nosos recursos naturais na xeración de enerxía eléctrica fiquen no noso país ao tempo que se evite a produción de oligopolios no sector e se preserve a transparencia e obxectividade na autorización de novas instalacións, en claro contraste co que acontecía no pasado; é dicir, que en Galiza sexa o Goberno galego e non o Goberno español nin grandes empresas eléctricas as que planifiquen e ditén a política enerxética.

Por iso, señor presidente, á vista deste feito novo que se produciu unha vez xa formulada a pregunta, pensamos que a pregunta segue sendo pertinente: ¿que medidas vai adoptar o Goberno galego para preservar íntegras as competencias que as nosas institucións teñen en materia de política enerxética e, en concreto, en materia de produción de enerxía eólica?

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Aymerich.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):** Si, grazas, presidenta.

Señoría, como xa manifestei nesta Cámara en diversas ocasións, a consecución dunha política enerxética que combine criterios de eficacia, de progreso e de desenvolvemento sustentable é un dos eixos de actuación do Goberno que presido.

Non se pode ignorar que no mundo en que estamos a vivir o futuro da economía está ligado moi estreitamente ás

posibilidades dun maior e mellor desenvolvemento enerxético, aproveitando os recursos dos que dispoñamos dun xeito racional, pensando non só nun porvir inmediato senón no legado que debemos deixar ás vindeiras xeneracións.

Neste contexto, señoría, o Goberno galego está a traballar no impulso do sector enerxético e facendo un fincapé especial no eido das enerxías renovables, e en concreto no eido da enerxía eólica, no que Galicia é a primeira produtora no conxunto de España e a sexta, se as estadísticas non me confunden, no ámbito mundial. E o que quero decirlle é que vaia por diante que a intención deste Goberno é consolidar esa posición de liderado.

Dende a Xunta de Galicia somos conscientes das enormes posibilidades e mesmo a necesidade de potenciar estas enerxías renovables no seu conxunto: eólica, biomasa, hidráulica. Galicia debe aproveitar o seu potencial para consolidar esa posición de liderado enerxético no conxunto de España. E neste senso o Goberno está a traballar nunha combinación de futuro no campo das enerxías renovables: 1.500 novos megavatios de enerxía eólica no período inmediato, a enerxía fotovoltaica, a biomasa, os paneis solares térmicos, os proxectos de biocombustible. E sen ser en ningún modo triunfalistas, unha combinación que probablemente ningunha comunidade autónoma de España poderá ter nun horizonte próximo, tal e como debe ter e aspira a ter Galicia.

Sabemos que a lexislación actual sobre enerxías renovables contiña carencias sobre algunha destas enerxías, como a biomasa e a enerxía solar. Para poder cumprir os obxectivos enmarcados no Plan de enerxías renovables 2005-2010, no que se estimaba que o ano 2010 un 12%–12,1%– do consumo de enerxía primaria sexa abastecido por enerxías renovables e cumprir cos compromisos adquiridos por España a nivel internacional no protocolo de Kioto. Nese contexto, o pasado venres, o 25 de maio, o Consello de Ministros aprobou un real decreto que establece o réxime xurídico e económico da actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial. Este decreto substitúe o do ano 2004 e enmárcase no compromiso da política enerxética de impulsar a utilización, tamén en España, de enerxías limpas autóctonas e eficientes.

A regulación busca unha estabilidade no tempo que permita aos empresarios unha programación a medio e longo

prazo ao igual que unha rendibilidade suficiente e razonable que, unida á estabilidade, dote ao marco dun atractivo e un investimento de dedicación regular e estable a esta actividade.

No conxunto do Estado pensamos que no ano 2010 debemos de cubrir ese obxectivo do 12%, evitándose a emisión de 27 millóns de toneladas. O Goberno galego –e concluyo nesta primeira parte– seguiu en todo momento o proceso de elaboración na defensa dos intereses de Galicia e dun sector tan importante para o noso país.

Estou certo, como vostede acaba de subliñar, que a modificación introducida no artigo 45 responde a este impulso, a este compromiso do Goberno de Galicia, e nesa liña seguiremos traballando.

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Aymerich, o seu turno de réplica.

**O señor AYMERICH CANO:** Efectivamente, señor presidente, gañamos unha batalla, pero vamos ter outras batallas e outros retos por diante pra facer verdade e pra levar á práctica o convencimento que, desde logo, compartimos o Goberno e as forzas que sustentamos no Parlamento de que a política enerxética en Galiza debe ser elaborada polo Goberno galego.

E nese sentido vai haber, como dicía, máis retos. Un deles: hai unha..., un marco legal –a Lei do sistema eléctrico do ano 97– que do noso punto de vista establece unha distribución de competencias discutíbel á vista do bloque da constitucionalidade. Alí onde a Constitución di que o Estado en materia eléctrica só tería competencias para instalacións ou liñas de transporte de enerxía eléctrica cando excedan do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, sen embargo, a Lei do sistema eléctrico establece, bueno, pois a competencia do Estado para autorizar eses parques ou esas instalacións de máis de 50 megavatios ou as realizadas no mar.

É unha lei, está aí, pero o que temos, en todo caso, que procurar é que esa consulta, consulta preceptiva que se establece na Lei do sistema eléctrico, que se establece tamén

nese decreto, é dicir, o Estado terá que consultar preceptivamente ao Goberno galego, á Xunta de Galiza para autorizar, antes de autorizar, parques en réxime ordinario de máis de 50 megavatios ou parques eólicos no mar –e hai que lembrar que este Parlamento se pronunciou unánimemente en contra da instalación de parques eólicos en fronte das costas galegas–, esa consulta ten que ser unha consulta real non un mero trámite formal. Ten que ser un informe preceptivo e un informe vinculante da Xunta de Galiza.

E, por outro lado, temos, ademais, que levar adiante o que se anunciará seguramente nos próximos días, ese novo decreto, esa nova política polo que se refire á enerxía eólica no marco de conseguir 6.500 megavatios eólicos autorizados –ese é o compromiso do Goberno galego, e, por certo, compromiso asumido polo presidente do Goberno español– no ano 2012; 6.500 megavatios autorizados e concedidos, como antes dicía, de acordo con criterios de sustentabilidade, con criterios de defensa dos intereses de Galiza, cun retorno mínimo do 10% ao noso país, á facenda galega, da riqueza xerada por esta actividade, garantindo que non se produzan oligopolios e preservando, en todo caso, a obxectividade e a transparencia na adxudicación.

Sei que esta é unha tarefa do conxunto do Goberno e, desde logo, o Bloque Nacionalista Galego, este grupo parlamentar, vai estar alentando e apoiando que estes obxectivos se logren.

Máis nada e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):** Si, grazas,

Señoría, comparto con vostede –como non podía ser doutra maneira– plenamente o interés e a decisión clara e a aposta inequívoca do Goberno da Xunta de Galicia por afianzar e definir unha política estratéxica en beneficio do noso país e que nos dé os marcos de competencia, de autonomía e de definición da política enerxética que necesitamos. E traballamos nesa dirección, estamos comprometidos nesa dirección.

E comparto tamén con vostede a valoración satisfactoria sobre o que o Real decreto aprobado recentemente no mes de maio polo Ministerio de Industria significa de impulso para unha política enerxética máis eficiente. Amosa as claves polo que a nosa política enerxética debe transcurrir. A estratexia do liderado na promoción eólica que mantén Galicia debe estar ligado a unha planificación responsable. O novo texto supón un impulso importante á biomasa que permitirá que despegue definitivamente coa idea de acadar os obxectivos do Plan de fomento de enerxías renovables, permitíndose –permítanme que reflexione sobre isto– a hibridación dos distintos tipos de biomasa e fomentándose as plantas de pequeno tamaño, o cual é importante para Galicia.

Unha das melloras substanciais con respecto ao marco anterior é permitir a hibridación. Isto quere dicir que as instalacións de enerxía solar termoeléctrica poidan utilizar biomasa como combustible naqueles períodos nos que non exista radiación solar.

Así mesmo, ese decreto, as instalacións que utilicen como combustible cultivos enerxéticos, poderán utilizar, por exemplo, residuos forestais para compensar períodos de escaso subministro e así garantir en ambos casos unha utilización máis eficiente das plantas e un mellor desenvolvemento destas tecnoloxías.

No campo da enerxía eólica, o novo marco busca acadar un modelo atractivo, axustando lixeiramente a prima para as novas instalacións, tendo en conta prezos de mercado máis reais que os que consideraban ao publicarse o Real decreto do ano 2004.

Efectivamente, existía unha preocupación certa en relación con textos previos do Real decreto, na medida en que o exercicio, tal e como estaba formulado nos borradores, podería plantear un exercicio complicado para a competencia autonómica e que non podíamos admitir en ningún caso. Por eso se ten modificado, logramos a modificación dese decreto, que dá unha solución satisfactoria nese sentido aos intereses de Galicia e que non supón, polo tanto, menoscabo da Administración autonómica e das nosas competencias.

Nese senso, eu creo que, polo tanto, estamos nun terreno de avance positivo, e pode ter seguro a súa señoría que o

Goberno galego traballa para acadar os maiores beneficios para o país, tamén neste terreno, esforzándonos en vertebrar e mellorar Galicia con criterios de sustentabilidade, de racionalidad e de eficacia; que mantemos un eixo de solidariedade co conxunto do Estado e sabemos ben que estamos diante dunha rede que hai que xestionar conxuntamente, pero fortalecendo as competencias autonómicas e a planificación enerxética dende Galicia. E nesa dirección estou seguro que irá o decreto autonómico que no seu momento, proximamente, regulará esta materia, que será, está sendo, tramitado con transparencia. Estou seguro que o conseguiremos con pleno respecto á legalidade, con plena confiabilidade e cunha aposta decidida pola mellora da eficiencia e da capacidade enerxética da nosa comunidade.

Moitas gracias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Sr. presidente da Xunta de Galicia en relación coa ordenación territorial e urbanística**

**A señora PRESIDENTA:** Pasamos agora á pregunta formulada polo portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do señor presidente da Xunta de Galicia en relación coa ordenación territorial e urbanística.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rego González.

**O señor REGO GONZÁLEZ:** Moitas gracias, señora presidenta.

Señor presidente, a entrada en vigor o pasado día 17 da Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral da nosa comunidade non supuxo, felizmente, ningún tipo de paralización nas nosas costas nin no conxunto do noso país, e moito menos non supuxo, afortunadamente, ningunha das catástrofes anunciadas por algúns ao longo do noso territorio, máis ben supuxo a paralización, eso si, da especulación e do desorden urbanístico en amplias áreas da costa do noso país, e supuxo tamén que os galegos tiveran un instrumento útil que o seu Goberno se garantiza

para protexer o que eles consideran o seu ben máis preciado, que é o seu territorio, como acaban, por certo, de demostrar, non atendendo estratexias político-partidarias que tentaron utilizar esta lei, ao longo e ancho do territorio, como arma e instrumento de desgaste contra o Goberno ou os grupos que o sustentamos. Máis ben, pola contra, señor presidente, entendemos o Grupo Parlamentario Socialista que a entrada en vigor desta lei dota o Goberno dun instrumento útil para xestionar e facilitar a xestión do territorio de forma e xeito ordenado e sustentable, en linea co que os galegos e as galegas parece que, con absoluta claridade, demandan.

Pero a lei tamén abre un espacio de oportunidade de traballo para o futuro, ao noso xuicio, moi relevante, e esa razón pola que facemos a pregunta a vostede de qué previsións manexa, como presidente da Xunta de Galicia, en relación coa ordenación territorial e urbanística do noso país.

Nada máis e moitas gracias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):** Gracias, señoría.

Señoría, co cambio de Goberno asumíuse o compromiso de tomar decisións na procura do ben común para facer de Galicia ese país que a gran maioría da sociedade quere, país moderno e economicamente puxante, pero, ao mesmo tempo, respectuoso coas súas raíces, coas súas tradicións, co seu patrimonio, co seu territorio, coa súa identidade. Un país do que estamos orgullosos e do que poidamos estar cada día máis orgullosos. Un país que aproveite a súa potencialidade pero sen autodestruírse, no que non haxa galegos de primeira e de segunda, no que a igualdade de oportunidades e o benestar social sexan pedras angulares das políticas deste Goberno.

Nese contexto, tras lustros de inestabilidade normativa e de caos, centramos os esforzos na preservación do activo máis importante de Galicia: o seu territorio, a súa paisaxe. As novas políticas de Goberno implican, señorías, sen ningún xénero de dúbidas, un antes e un despois, un punto de inflexión cara á construción do país despois de dezaseis anos

perdidos nesta área tan fundamental e tan identitaria da nosa terra.

O primeiro grande paso xa foi dado, non se pode pasar por alto a importancia da aprobación de Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, a primeira peza da protección cara á futura aprobación do Plan de ordenación do litoral. Permítame que lle diga, señoría, que esta norma representa, ao meu entender, todo o que se quere dicir cando se fala de Goberno de cambio. Busca unha Galicia mellor, un país habitable e respectuoso co seu contorno, unha Galicia na que nos sintamos orgullosos e na que termos como feísmo ou marbellización sexan asuntos do pasado. Implica poñer as bases para preservar o noso patrimonio paisaxístico natural, acoutar as ansias depredadoras dos que pensan no beneficio particular amparados por unha normativa e unhas políticas que non foron quen de impedir atropelos ambientais que sementaban de impotencia a cidadanía, que vía como cada día o ladrillo medraba en lugares impensables desde o máis mínimo sentido común.

Iso se acabou, a Lei de medidas urxentes traza un novo frontispicio para as políticas urbanísticas en Galicia: evitará abusos no litoral, permitirá a creación do Instituto Galego do Territorio, aboa o terreno para a elaboración do Plan integral do litoral, e supón a vangarda dunha serie de medidas entre as que se inclúe a posta en marcha da Axencia da Protección da Legalidade Urbanística. Son medidas todas elas que apostan pola calidade de vida dos cidadáns, todas son medidas de futuro que contan –como ben se acaba de demostrar nos últimos resultados electorais– cun amplo respaldo da sociedade, inequívoco claramente na vontade dos cidadáns.

Neste senso, e concluyo, o pasado Consello da Xunta, celebrado o día 24, vén de dar aprobación ao inicio do proceso formal, procesal, para a elaboración e aprobación do Plan de ordenación do litoral, que establecerá principios e normas xerais e que adaptará a protección e a singularidade de cada unha das cinco demarcacións que se establecerán como plans específicos: a Mariña luguesa, a Costa Ártabra, a Costa da Morte, as Rías Baixas e os espazos insulares. Presentaremos este plan a finais deste ano, principios do ano 2008, polo tanto ese será o momento para presentar xa definitivamente a proposta do Plan integral do litoral, no marco das directrices de ordenación do territorio, que serán aprobadas e presentadas para aprobación tamén, a finais deste mesmo ano.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor presidente.

Señor Rego González, o seu turno de réplica.

**O señor REGO GONZÁLEZ:** Si, moitas gracias, señora presidenta.

Unicamente para celebrar, señor presidente, que neste país se teña rematado na xestión do territorio coa política da ocorrencia e a discrecionalidade e que, dunha vez por todas, os galegos vexan reflexados no seu Goberno o seu interés que eles teñen por protexer o seu en máis preciado, que é o seu territorio, e utilízalo de forma ordenada e sustentable.

Nesta tarefa, señor presidente, como vostede ten dito, sería bon que traballáramos todos no despois, que pasáramos do de antes. O Goberno, como vostede acaba de dicir aquí, moveu ficha, moveu ficha con moita claridade, e polo tanto aos socialistas galegos tamén nos gustaría que neste tema, sobre todo no tema de despois, puidéramos estar todas as forzas políticas que formamos o arco parlamentario galego, e incluso aquelas que hoxe non están nel, nos gustaría que aquí, en torno a este tema, que é o noso territorio, que é o noso ben máis preciado, puidéramos entre todos traballar a prol do futuro, do despois que vostede acaba de afirmar, en aras de que, se o facemos entre todos, será máis fácil e será mellor, e sobre todo será máis fácil establecer, en torno a todo isto, a amplísima complicidade dos cidadanos que, sin duda, necesitamos. Pra eso os socialistas galegos sempre teremos a man tendida –como vostede ten dito máis dunha vez en representación de todos nós e en representación tamén de todos os galegos–, sempre teremos a man tendida para traballar en esa dirección co conxunto das forzas políticas do país, pero tamén co conxunto dos cidadanos que representamos e tamén dos que non representamos.

Nada máis e moitas gracias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):** Si, para resumir algo que me parece extremadamente importante desde o punto de vista da dinámica do país e da

acción conxunta de todas as administracións. Resumo a axenda de traballo que temos por diante.

A finais deste ano presentaremos e deberán aprobarse as directrices de ordenación do territorio. A finais deste ano e principios do ano que vén se presentará a proposta de Plan integral do litoral, cuido procedemento formal xa empeza a partir da aprobación do Consello o pasado día 24. Ese plan será sometido a información pública e ao trámite procesal pertinente ao longo do ano 2008. Está en marcha o que é a Axencia da legalidade urbanística, que espero que empece a funcionar a finais deste ano, nese trimestre do ano 2008. Están en marcha todas as medidas de apoio aos concellos para dotarlles de recursos humanos e económicos, para poder abordar o planeamento que precisa concello a concello, de tal forma que non lle faltarán recursos nin medios a ningún concello de Galicia pra abordar esta tarefa. Está en marcha o Instituto de Estudos do Territorio, derivado da lei que se acaba de aprobar por este Parlamento. Polo tanto, creo que hai unha folla de ruta trazada clara que debe permitir que o país aborde as pezas claves de ordenación do territorio e da protección do litoral, da disciplina e da legalidade urbanística neste ano 2007, e no ano 2008 ver a luz completamente.

Esta é a axenda, unha axenda á que, unha vez máis, convoco ao partido da oposición, convoco ao Partido Popular, a sumarse, a engadirse, a cooperar e a traballar conxuntamente. É un mandato de país, é unha misión de país, creo que neste deberíamos de estar todos, sin ningún tipo de dúbidas, e sin duda, e non quero facer unha lectura sesgada, pero creo que de maneira inequívoca e clara, as súas señorías da oposición o poden tomar como queiran, cada un é responsable diante dos cidadanos, os cidadanos acaban de refrendar inequivocamente, municipio a municipio, un apoio. (*Murmurios.*) Señorías, non estou facendo distinción de color partidario, por unha vez fagan uso de altura de miras e miren e defendan o país. Se se lle pode solicitar unha vez, llo digo, por unha vez na súa vida, fagan un pouco de altura de miras. Non estou facendo aquí unha lectura partidaria, estou facendo unha lectura de país, e lle estou decindo algo que está hoxe en todos os medios de comunicación e que está na cidadanía que acaba de decidir. E acaba de decidir a cidadanía que quere realmente progreso e respecto ao litoral, que quere ordenar o país, que quere que protexamos a nosa costa, e nese empeño estamos, sin ningún tipo de cortapisas.

Os convoco sinceramente e honestamente, unha vez máis, a sumarse e integrarse plenamente neste esforzo colectivo e solidario. Ese camiño está aberto, e lles podo garantir unha cousa, que, en todo caso, este país crece e avanza. Con vostedes sería mellor que sin vostedes, sin ningunha dúbida tamén.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor presidente.

Por favor.

### **Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D. Alberto Núñez Feijoo, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación da sanidade pública galega**

**A señora PRESIDENTA:** Pregunta formulada polo portavoz do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre a situación da sanidade pública galega.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Núñez Feijoo.

**O señor NÚÑEZ FEIJOO:** Moitas gracias, señora presidenta.

Bueno, non hai ningún problema, Galicia no país das marabillas. Desde que fai dez días se aprobou unha lei, xa se solucionou o problema do litoral e a especulación urbanística. En todo caso, señoría, vamos a falar nunha sesión de control donde hai unha pregunta —de control ao Goberno— sobre unha cuestión na que supoño que vostede estará de acordo comigo, en que probablemente non estemos no país das marabillas, aínda que pode ser que tamén.

Mire, señoría, un dos problemas de todos os cidadáns é a súa saúde, un problema fundamental, lle preocupa a todos os cidadáns, e a saúde ten unha relación directa co funcionamento ordinario dos servizos públicos sanitarios. Fai seis meses falamos desto nesta mesma Cámara e nos preocupaba realmente a crise que se estaba desenvolvendo na Consellería de Sanidade. Efectivamente, fai seis meses os máximos responsables asistenciais do Sergas presentaban a súa dimisión ou eran cesados e se iban da consellería. Pasaron seis meses, vostede me dixo naquela ocasión que a culpa era do PP, como é natural; pero digo que pasaron seis meses, señoría, e a situa-

ción da sanidade pública en Galicia probablemente sexa a peor crise sanitaria dos últimos quince anos do país.

Mire, señoría, non hai un só colectivo que non esté en contra da política sanitaria do seu Goberno. Se manifestaron ou fixaron folga todos os colectivos: quince mil persoas, personal non facultativo; por suposto todo o persoal facultativo; os médicos sen praza, mais de mil quinientos médicos sen praza; máis de mil médicos internos residentes; en definitiva, señoría, leva vostede un récord, aproximadamente unha manifestación por semana. ¿Que significa esto? Pois que hai un enorme desprestixio da sanidade pública a pesar da excelente preparación dos profesionais, pero, sobre todo, o que se percibe é que hai unhas vítimas aquí, que son, como sempre, os pacientes.

Señoría, o deterioro asistencial vai cada vez a peor. ¿Hai unha lista de espera da sanidade en atención primaria? Vostede dixo que non e a conselleira aceptou no Parlamento de que si; entre cinco e dez días, en función de cada pobo, xa se trate dun médico xeral ou dun pediatra. ¿Hai enfermos de cancro esperando máis dun mes? A consellería dixo que non e despois a consellería veu a aceptar que si. Por certo, señoría, ¿fixeron vostedes esa auditoría interna? ¿Nos pode decir si realmente se confirma que hai centenaes de persoas enfermas de cancro que levan esperando máis de un mes en Galicia pra ser intervidas? Señoría, según os propios datos seus da lista de espera hai máis de un cuarto de millón de cidadáns galegos esperando por unha consulta de especialista. E según os seus propios datos hai máis de catorce mil persoas que esperan máis que o pasado ano; catorce mil persoas que esperan máis que o pasado ano pra unha consulta dun especialista. Según os seus propios datos, señoría, hai trinta e cinco mil persoas que non se computan na lista de espera porque vostedes chaman lista de espera estrutural. Non se computa, pero trinta e cinco mil persoas. Señorías, segundo os propios datos das xerencias, hai axendas de especialistas que están pechadas, simplemente que non se dá cita. Non se dá cita por problemas informáticos ou non se dá cita porque non está aberta a axenda do especialista; en definitiva, simplemente hai un suposto de inasistencia sanitaria. Señoría, ¿me pode confirmar vostede estos datos, se son verdade ou non son verdade?

Por último, señoría, é evidente que probablemente vostede vexa isto como na pregunta anterior, a Galicia no país das

marabillas. O problema, señoría, é que hai unha crise sen precedentes na sanidade. O problema é que hai unha conflictividade na sanidade pública non coñecida dende a transferencia dos servizos sanitarios do Insalud. O problema, señoría, é que hai lista de espera en atención primaria; nunca existira esta lista de espera. O problema, señoría, é que hai enfermos de cancro que esperan máis dun mes. O problema, señoría, é que, como sempre, o prestixio dos servizos públicos sanitarios desde fai dous anos está nunha situación de deterioro, e aos que nos preocupa a sanidade pública e os que, dalgunha forma, cremos que a sanidade pública é un elemento esencial de igualdade nunha sociedade, nos preocupa, señoría, que o seu Goberno non acepte ningunha de estas... destes diagnósticos, que, por suposto, non acepten ningún tratamento, e o que é máis grave, señoría, que vostedes estén negando a existencia dunha enfermidade importantísima de xestión nos servizos públicos sanitarios.

En todo caso, señoría, estou convencido que vostede me aclarará, aceptará ou rexeitará, pero, en todo caso, vostede me aclarará cal é o seu posicionamento desde o punto de vista do funcionamento dos servizos públicos sanitarios en Galicia.

Moitas gracias, señor presidente. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Núñez Feijoo.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):** Señor Feijoo, simplemente, para deixar as cousas claras, me dice vostede, ¿son verdade ou non son verdade? Pois non son verdade. Os datos que vostede manexa e que pon enriba da mesa, simplemente non son verdade.

Lle direi, e logo entrarei nunha reflexión máis alá deso. Simplemente, marzo do 2005 –tome nota, marzo do 2005–, número de persoas en espera, 43.000; marzo do 2007, número de persoas en listas de espera –cirúrxicas estou a referirme–, 34.000. Se ten reducido en 9.000 persoas. Tempo medio de espera de acordo ao real decreto correspondiente, marzo do 2005, 130 días; marzo do 2007, 85 días. Estes son os datos reais dos que, evidentemente, hai unha aposta decidida de redución de listas de espera, cunha efica-



cia importante na redución e con moito traballo por diante por facer.

Mire, señor Núñez Feijoo, na sanidade, vostede, como en todo, introduce unha visión catastrofista do país, usted sabrá por qué. Pero hai cambios substanciais e positivos para mudar un sistema que herdamos e que logo terei oportunidade de caracterizar a fondo.

Os cambios teñen como elemento fundamental, como alicerce fundamental, fortalecer a natureza do sistema público sanitario, a súa calidade; facelo sostible para as actuais e para as vindeiras xeneracións; e recuperar o tempo perdido pola nula planificación, pola escasez de recursos económicos e humanos, pola precariedade laboral, polo abandono da atención primaria, pola herencia en que deixaron vostedes un enfermo crónico e cunha crisis aguda cando chegamos ao Goberno.

Primeira cuestión. O fortalecemento económico e financeiro do sistema para facelo sustentable. Os incrementos financeiros presupuestarios en dous anos, máis de 978 millóns de euros. Superamos as achegas dos últimos seis anos do Goberno popular. Saneamos o forte endebedamento. Deixaron vostedes 325 millóns de euros que poñían en perigo o sistema de endebedamento. Este Goberno conseguiu que a débeda esixible en decembro do 2006 fora cero.

En segundo lugar, fortalecemento dos recursos humanos, dando estabilidade e loitando contra a precariedade laboral. Incrementamos os efectivos. En dous anos, 1.802 plazas, máis que nos cinco anos anteriores polas súas partes.

Reducimos a precariedade laboral e creamos emprego de calidade. A precariedade, que era a norma do sistema, está reducida de forma drástica. A taxa de estabilidade dos traballadores e traballadoras superará o 96% no ano 2009.

Puxemos en marcha un plan de mellora da atención primaria, 144 novos profesionais se incorporarán ao sistema.

E estamos xestionando con transparencia, sin apuntar enfermos nas listas de espera, señor Núñez Feijoo; publicándoas periodicamente, non dúas veces ao ano senón cada tres meses, hospital a hospital e especialidade por especialidade; facilitando información, cun trato homoxéneo dos datos

de acordo con todo o Sistema Nacional de Saúde; sin manipular as listas e sin ocultar listas, que era o que vostedes fixeron.

Vostedes trouxeron á sanidade pública precariedade desregularización, un intento de privatización e a ocultación e engaño nas listas de espera. Estamos fortalecendo o sistema sanitario público, é un traballo onde queda moito por facer, pero xa lle podo decir que hai adiantos substantivos respecto á situación que temos herdado.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor presidente.

Señor Núñez Feijoo, ten vostede a palabra para o seu turno de réplica.

**O señor NÚÑEZ FEIJOO:** Eu comprendo, señoría, que a vostede non lle guste a oposición, pero son cousas da democracia. A oposición existe, señoría, e vostede pode decir o que queira, o problema, señoría, é que a vostede non lle creen. E non lle creen porque, cando un paciente dice que leva doce días para que o atenda un médico de atención primaria en Sarria, seguro que vostede a ese cidadán non lle cree. O problema é que cando un paciente na Costa da Morte dice que leva 412 días para un ecocardiograma e que ten cita para o ano 2008, é que simplemente vostede non lle cree. Señoría, cando familiares e pacientes dicen que levan máis de un mes e medio esperando unha intervención de cancro, é que simplemente non lle cree. E o problema, señoría, é que vostede pode decir na Cámara o que considere oportuno, por suposto, e pode utilizar sempre a fórmula mesma. Vostede ten unha fórmula perfecta, todo o que ocorra mal en Galicia é por culpa do PP, e todo o que ocorra ben en Galicia é gracias ao seu partido. Señoría, vostede siga por aí, o problema é que con eso non vamos a mellorar nada.

Mire señoría, en plena crise sanitaria, de conflictividade brutal, vostedes collen e sacan unha primeira cortina de fume, o plan contra o calor en verano. Está a consellería ardendo, comprendo que vostedes crean que incrementou moitísimo a temperatura, e sacan o plan contra o calor.

Os xerentes se están indo dos hospitais, dos grandes hospitais galegos, os dous abandonan o barco, Coruña e Vigo, e

sabe vostede que hai máis, e simplemente se lle ocorre cambiar a imaxen corporativa do Sergas.

Mire, señoría, eiquí hai un problema, e o problema é que vostede non é capaz de asumir ningunha crítica, e eso se chama soberbia, señoría. E cando vostede cree que toda a culpa é dos demais, é que vostede simplemente non é un presidente que escoita nin que ten un mínimo de sensibilidade no país. Alá vostede, señoría, vostede siga de éxito en éxito, siga de éxito en éxito.

Entonces, mire, aquí hai un problema de necrose. Entón, cando hai un problema de necrose, se poden facer dúas cousas: amputar membros ou unha cirurxía moi seria e amputar o problema da consellería. Vostede vai amputando membro a membro. Primeiro se lle vai o xerente de A Coruña, despois se lle vai o xerente de Vigo, pero vostede siga, siga, señoría, por esa vía, que xa verá o que lle vai ocorrer.

Coa fórmula secreta súa, ningún problema, dous anos despois, a culpa é do PP e xa está. Dez días despois de aprobar unha lei do litoral, xa está solucionado o problema do litoral. Pero mire, señoría, se é que se rien todos, e o problema é que esto non avanza.

Mire, señoría, eu lle pido unha cousa. Mire, vostede adicou dous tercios do seu tempo a regar as relacións co Bloque Nacionalista Galego. Ben, agora, señoría, todo o seu poder depende do Bloque Nacionalista Galego todo, non só na Xunta senón en todas as cidades de Galicia e nas deputacións.

Señoría, a min me gustaría que gobernara. Ademais de regar esa relación dous tercios do seu tempo, agora vai a ter que adicar o 100% do seu tempo. Pero mire, señoría, vostede siga de éxito en éxito.

Onte os socialistas recoñecían que había unha grave crisis no socialismo madrileño porque sacaron o 32% dos votos nas municipais. O señor do Partido Socialista en Galicia saca o 29%, e é un gran éxito nas municipais. Señoría, o señor Simancas se vai. Vostede... (*Aplausos.*) Vostede, señoría, cree que ten un gran éxito. Pero non se preocupe, señoría, mire, o éxito, o éxito, ao final, o miden os cidadáns. Por eso, señoría, eu lle digo con total tranquilidade: Mire, non funciona, o sabe vostede igual que nós, non funciona. Os

servicios sanitarios públicos non están a funcionar, e vostede, como sempre, estará acabando a lexislatura e seguirá decindo que o problema é do Partido Popular.

Supoño, señoría, que hai xente intelixente en Galicia, como se amosou nas eleccións, por eso, señoría, vostede siga celebrando, siga celebrando os éxitos da súa xestión, e os cidadáns que sigan padecendo os problemas da súa xestión.

Moitas gracias, señoría. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Núñez Feijoo.

Lle prego ás señoras deputadas e señores deputados das bancadas que guarden silencio.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):** Moitas gracias, señora presidenta.

Señoría, bueno, a usted comprendo que lle gusta ou non lle gusta, non o sei, a verdade. Por outra parte, tampouco me preocupa demasiado, señor Feijoo. Pero si que me preocupa e si que estamos traballando e si que estamos apostando decididamente por mellorar a sanidade, e queda moito por facer, claro que si, pero estamos avanzando. Se usted non lle quere chamar avanzar a que nun ano, simplemente nun ano, señor Feijoo, no 2006, teñamos reducido nun 34% o tempo medio de espera, nun 34%, pasando de 110 días a 85. Bueno, vostede o que queira, catástrofe todos os días. Vostede de éxito en éxito, nós de catástrofe en catástrofe. Perfecto, se así lle vai ben... Pero o noso compromiso é seguir nesta liña, e nesta liña vamos a seguir.

Estamos cumprindo obxectivos. Establecíamos un obxectivo de 95 días para a lista de espera ao rematar o ano e o deixamos en 85 días en marzo do 2007. Polo tanto, estamos avanzando e mellorando a calidade e a eficiencia do sistema, e poñendo moitos recursos e moita capacidade de xestión para mellorar ese sistema.

A vostede non lle gusta falar do diagnóstico da situación en que recibimos a sanidade pública e que agora estamos

mellorando en apenas un ano e algo de acción do Goberno. Mire, recibimos a sanidade de vostedes, de vostedes, e ten usted unha altísima responsabilidade nesa materia, con 35 millóns de euros de débeda, ao borde da crise financeira. Recibimos de vostedes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –escoite, señor Feixoo, escoite, señor Feijoo– un modelo sanitario baseado na privatización, na saída do sistema e na creación das fundacións sanitarias que vostede coñece ben, que provocaron un déficit asistencial, de recursos e de servizos, espectacular e uns resultados negativos superiores a 16 millóns de euros. Foi un auténtico fracaso o seu modelo, en toda España e en Galicia, e a proba é que o tiveron que abandonar en todas partes.

A precariedade e a escasez de recursos humanos. Durante todo o tempo de Goberno do Partido Popular en Galicia non existiu nunca, nunca, unha soa oferta pública de emprego para facultativos e médicos especialistas, ¡nunca! Vostedes era o dígito, é dicir, o dedo, e a comisión de servizos. Precariedade, 800 médicos galegos e galegas que se tiveron que marchar a Portugal a buscar traballo.

Vostedes bloquearon a reforma da asistencia primaria, enganaron e ocultaron coas listas de espera por sistema. E cando vostede fala de situacións graves, Vigo, deixaron Vigo sin quirófanos e cun auténtico embudo no sistema de reanimación, nunha situación de colapso sanitario que estamos remediando e tratando de superar con gran esforzo e cunha gran xestión. Esa é a realidade.

Nós estamos, señor Feijoo, nunha política decidida para recortar as listas de espera, e aí están os resultados e a avaliación. E o estamos facendo de forma transparente, publicando as listas cada tres meses, someténdonos ao control da cidadanía e ao control parlamentario; sacando a sanidade pública da UCI, que é onde a deixaron vostedes; apostando pola súa mellora con máis recursos; fortalecendo o sistema; regularizando as situacións de persoal; facendo ofertas públicas de emprego; garantizando concursos de traslados... E claro que eso crea friccións cando se reforman os sistemas para dar claridade e transparencia, friccións que estamos resolvendo dende a negociación e dende o diálogo. Pero apostamos por superar a precariedade, por regularizar, por estabilizar e por dar transparencia ao sistema, ampliando o catálogo de servizos asistenciais e integrando, por certo, todo o persoal

e as fundacións sanitarias no sistema xeral do Servizo Público de Saúde de Galicia. Ese é o traballo, un fortalecemento, unha mellora, e nese camiño estamos, e teña a seguridade de que o vamos a conseguir co esforzo e co apoio dos cidadanos galegos.

Vostede siga facendo o análise que queira. Acaba de obter, ao parecer, brillantes éxitos. ¿Está usted satisfeito? Pois noraboa. Me quedo tranquilísimo, me gusta velo a usted tranquilo e satisfeito, é bon para o país, e seguro que é bon para o seu partido, que falta lle fai. A verdade é que, se está satisfeito despois de perder 40.000 votos, de potencialmente –verá o día 17 ou o día 16– ter diante de si a alcaldes progresistas, con gobernos de renovación e de progreso neste país en máis de 140 alcaldías, con toda a rede de cidades do país gobernada polas forzas que sustentan a acción do Goberno que presido, e vostede está encantado e feliz, a miña felicitación e parabéns.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Moitas grazas, señor presidente da Xunta.

### **Moción do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ángel Bernardo Tahoces, sobre as observacións do Goberno galego no procedemento formal de investigación iniciado pola Unión Europea respecto da tarifa eléctrica do ano 2005 correspondente aos grandes consumidores industriais e a súa coordinación con Alcoa e Ferroatlántica**

**A señora PRESIDENTA:** Pasamos agora a substanciar as mocións, comezando pola do Grupo Parlamentario Popular, sobre as observacións do Goberno galego no procedemento formal de investigación iniciado pola Unión Europea respecto... (*Interrupcións.*) –por favor, silencio; por favor, pré-golles silencio– pola Unión Europea respecto da tarifa eléctrica do ano 2005, correspondente aos grandes consumidores industriais, e a súa coordinación con Alcoa e Ferroatlántica.

A esta moción se lle teñen presentadas as emendas documento 21306, do Grupo dos Socialistas de Galicia, e 21308, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Xaquín M.ª Fernández Leiceaga e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario Popular, sobre as observacións do Goberno galego no procedemento formal de investigación iniciado pola Unión Europea respecto da tarifa eléctrica do ano 2005 correspondente aos grandes consumidores industriais e a súa coordinación con Alcoa e Ferroatlántica*

*Emenda de modificación.*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que transmita á Comisión Europea, a través dos condutos oportunos, o seu apoio ás observacións formuladas pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria á Carta de 27 de xaneiro de 2007 Axuda Estatal C43/07 (EX NN 66/06)- Tarifas Reguladas de Electricidade en España.”*

*O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Fernando Blanco Parga, presenta a seguinte Emenda de Substitución á Moción doc. num 20840 do Grupo Parlamentar do Partido Popular sobre as observacións do Goberno galego no procedemento formal de investigación iniciado pola Unión Europea respecto da tarifa eléctrica do ano 2005 correspondente aos grandes consumidores industriais e a súa coordinación con Alcoa e Ferroatlántica.*

*Emenda de Substitución.*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción, polo seguinte:*

*“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a trasladar á Comisión Europea o apoio deste Parlamento ás observacións formuladas pola Xunta de Galiza ao expediente “Axuda Estatal C 3/07 (ex NN/66/06) Tarifas reguladas de electricidade en España”)*

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a moción, ten a palabra o señor Bernardo Tahoces.

**O señor BERNARDO TAHOCES:** Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señoras e señores deputados.

Como vostedes perfectamente lembrarán, esta moción trae causa dunha interpelación que tivo por obxecto analizar e debatir as observacións que o Goberno galego efectuou no procedemento informativo iniciado pola Comisión Europea tendente a declarar como axudas de Estado o déficit tarifario ou, mellor dito, a tarifa eléctrica de España do ano 2005.

No debate da sesión plenaria anterior quedou perfectamente claro, quedou perfectamente constancia, de que a Comisión Europea, precisamente para considerar como axuda de Estado a tarifa do ano 2005, utilizou tres argumentos fundamentais.

O primeiro argumento foi que o sistema regulamentado eléctrico español é discriminatorio de *iure* e de *facto* a favor dos grandes consumidores de electricidade. Este argumento vén a supoñer e a deixar constancia de que o prezo da tarifa é menor que o prezo do mercado da electricidade, pero esta diferenza vaise incrementando en función dos niveis de consumo, de tal xeito de que o grupo dos grandes consumidores eléctricos teñen ao seu favor unha diferenza de prezos substancialmente superior á diferenza de prezos entre a tarifa e o prezo do mercado de outros grupos de consumidores.

O segundo argumento da Comisión Europea foi de que o sistema regulamentado eléctrico español ocasiona efectos sobre a competencia e o comercio entre os estados membros. Ou, o que é o mesmo, que as vantaxas que teñen estas empresas de grandes consumidores de electricidade, estas vantaxas esténdese precisamente a outros sectores económicos. E, finalmente, a Comisión Europea considerou que para o déficit tarifario do ano 2005 o Estado preparou un fondo específico e propio para o seu financiamento. Como vostedes saben perfectamente, o déficit tarifario do ano 2005 ascende a 3.811 millóns de euros. Este déficit tarifario vai a ser financiado a través dun recargo que pagaremos todos os consumidores de electricidade; un recargo sobre o noso recibo da luz, precisamente, que vaise a pagar durante catorce anos e medio. Pois ben, a Comisión Europea considera que estes ingresos teñen a cualificación de recursos públicos.

Afortunadamente o Goberno galego o tivo claro, a tarifa do ano 2005, este déficit tarifario, non constitúe axuda de Estado. E o conselleiro de Industria compareceu, efectiva-

mente, neste Parlamento e expuxo as súas liñas argumentais en relación precisamente a combater este posicionamento inicial da Comisión Europea. O conselleiro de Innovación deixou constancia –como dixen anteriormente– de que utilizou dous liñas argumentais fundamentalmente. A primeira foi a seguinte: a Comisión Europea equivocouse na elección da determinación do prezo do mercado de referencia. O conselleiro de Innovación, xunto co resto de expertos na materia, consideran que para determinar o prezo de mercado de referencia para os grandes consumidores eléctricos hai soamente dúas técnicas. A primeira técnica é utilizar o prezo de oferta das tecnoloxías máis eficientes. O conselleiro de Industria utilizou, efectivamente, unha terminoloxía pois suave para eludir, efectivamente, o termo de prezo de oferta da enerxía nuclear, pero esa é unha técnica. E a outra técnica é precisamente utilizar un prezo medio de oferta ponderado pola proporción media de adquisición de enerxía polo consumidor durante os distintos períodos horarios. En todo caso, utilizando unha técnica ou outra, o resultado sempre vai a ser o mesmo: que o prezo de tarifa vai a ser inferior ao prezo de mercado. Pero esta diferenza vai a ser sensiblemente inferior á diferenza cuantificada pola Comisión Europea.

A segunda liña argumental utilizada polo conselleiro de Innovación foi de que faltan fundamentos para considerar o déficit tarifario da tarifa do 2005 como axudas de Estado. A consellería entende, en primeiro lugar, que non existen vantaxes na competencia con empresas de outros estados, argumentando fundamentalmente de que noutros estados membros da Unión Europea existe –en moitos estados membros da Unión Europea– un mercado eléctrico moito menos liberalizado que o noso. O segundo argumento utilizado foi que non existe selectividade de *iure* na tarifa para os grandes consumidores. Porque, claro, a tarifa é unha previsión, unha previsión que se fai precisamente no ano anterior e que pondera unha serie de variables, variables económicas e outras. Por tanto, o resultado desa previsión pode ser un déficit, como foi no ano 2005, ou ben un superávit, por tanto, non podemos falar de que o Estado teña unha intencionalidade de antemán para favorecer, efectivamente, a un determinado grupo de consumidores.

En terceiro lugar, a consellería entende que non hai recursos públicos. A consellería considera de que efectivamente este financiamento do déficit tarifario prodúcese, vai a levarse a efecto, polas aportacións de cada un dos consumi-

dores de electricidade en España, efectivamente, como dixen anteriormente, durante catorce anos e medio.

Ben, esta é a situación, este é o posicionamento da Comisión Europea e este, en síntese, é o posicionamento do Goberno galego. Cando estivemos a debater a interpelación, o noso grupo parlamentario deixou perfectamente constancia que nós apoiariamos o Goberno, que nós apoiariamos calquera actuación do Goberno conducente a evitar unha resolución da Comisión Europea que dera lugar a que grandes empresas radicadas en Galicia tiveran que devolver unha importante cantidade de cartos en concepto de axudas de Estado. E nós consideramos tamén de que ese apoio é convincente oficializar, e que ese apoio prestado polo Grupo Parlamentario Popular se estendese, naturalmente, a todos os grupos parlamentarios desta Cámara. Por eso nós presentamos hoxe esta moción, moción que vén a dicir o seguinte: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que a través dos condutos oportunos transmita á Comisión Europea o seu apoio unánime” –esperemos obtelo– “o seu apoio unánime ás observacións formuladas pola propia Xunta de Galicia no expediente aberto pola Comisión Europea contra España sobre axudas de Estado en relación á tarifa eléctrica regulada do ano 2005”.

Señorías, isto é todo, espero o seu apoio; estou seguro que vou a obtelo. E teñan vostedes moi presente de que este apoio será importante para España e para Galiza.

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Tahoces.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Blanco Parga.

**O señor BLANCO PARGA:** Bos días e moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados.

Bueno, unha primeira apreciación. Estamos ante un feito inusual, o cal é... e ademais honestamente agradece-lo, que a oposición, que debe controlar ao Goberno, criticar ao Goberno cando o considere, nesta ocasión ponse de lado do Goberno galego a defender un tema das tarifas, porque afecta fun-

damentalmente a dúas grandes empresas galegas, a Alcoa e a Ferroatlántica, nunhas observacións presentadas diante da Unión Europea. Nós agradecemos publicamente que o Grupo Parlamentario Popular apoie explicitamente unha actuación do Goberno galego –do Goberno galego, repito, non de outros, do Goberno galego–, a respecto do expediente aberto pola Unión Europea que afecta no fundamental a estas dúas empresas galegas, a Alcoa e a Ferroatlántica.

Pero, indo ao tema, efectivamente, hai aproximadamente un ano, en abril de 2006, unha empresa de distribución de capital inglés, céntrica, denunciou diante da Unión Europea o sistema tarifario eléctrico do Estado español. Logo desa denuncia, a Unión Europea, en xaneiro deste ano, abriu un expediente informativo sobre as tarifas eléctricas que teñen a ver co ano 2005. A actual lei do sector eléctrico, a Lei 54, de novembro do 97, contempla dous sistemas de pagar a enerxía eléctrica, unha no sistema liberalizado, que é a tasación –tasación libre– entre consumidor e produtor, e o sistema de tarifas, o sistema regulado, que ata o de agora o Estado, unha vez ao ano, viña publicando a final de ano as tarifas que entraban en vigor no ano seguinte, que xa mudou o ano pasado, que vai mudar este ano –xa pasaron as eleccións, agora xa podemos facer política de verdade e deixarnos de promesas–, e, efectivamente, agora a electricidade vai subir unha vez ao trimestre.

¿Como se calcula o decreto de tarifas? Efectivamente, un cálculo sobre previsións, sobre previsións. Aclarar que as tarifas son políticas, son políticas. Se un Goberno quere que o IPC non suba, fai unha previsión de tarifas falsa, falsa, e súbeas pouco; súbeas pouco, que é o que pasa. Porque a tarifa eléctrica afecta, efectivamente, para o IPC e para todo o que teña que ver co sistema produtivo que afecte indirectamente ao IPC. Entón o que fai un Estado é –o Goberno do Estado– facer unha previsión de tarifa falsa, intencionadamente errónea –para ser así, máis suave–, e provoca o déficit tarifario. O déficit tarifario non é novidade no ano 2005, houboo en menor medida no 2000, no 2001, no 2002. É certo que no 2005 foi tremendamente abultado: 3.810 millóns de euros, pero é que no 2006, agora xa con esta referencia pechada, no 2006 –que non hai expediente aberto aínda pola Unión Europea–, o déficit tarifario do 2006, o expediente a respecto do 2005 é de 3.578 millóns, case... algo menos, pero case que a mesma cantidade que no 2005. Entre o 2005 e o 2006 estamos a falar dun déficit tarifario de

máis de 7.000 millóns de euros. ¡Tremendo! En pesetas, pasaremos o billón de pesetas, das antigas pesetas.

Claro, as tarifas calcúlanse nun escenario previsíbel: custe, custe das materias primas, fundamentalmente petróleo e carbón; previsión da climatoloxía, non é igual que chova que non chova, no [...] enerxético de Galiza, no [...] enerxético do Estado español, se chove, as hidráulicas producen moito máis. Se non chove, se é un ano de seca, lóxicamente as hidráulicas producen menos. Por certo, señor Tahoces, a enerxía máis eficiente é a hidráulica, non agachamos nada. Mesmo aquí hai un posicionamento liderado polo BNG, traído polo BNG a este Parlamento, en contra da enerxía nuclear e aprobado por unanimidade, é certo. A enerxía máis eficiente é a hidráulica, a máis eficiente, e é renovable; e mesmo a máis eficiente en termos de custes, máis que a nuclear, máis que a nuclear. O que pasa é que a hidráulica ten o inconveniente de que non é previsible de cando se pode producir ou canto se vai poder producir, pero é a máis eficiente.

En calquera caso, este sistema de tarifas non é exclusivo do Estado español. Na Unión Europea é semellante en Italia, Dinamarca, Portugal, Irlanda, Grecia, Hungría, Chipre, Malta, Estonia, Lituania e Letonia. Ou sexa, en once estados da Unión Europea teñen un sistema tarifario semellante ao Estado español. Mesmo hai que comentar que no ámbito da Península Ibérica –nisto si que entra Portugal– a península Ibérica é unha illa no sistema enerxético eléctrico a respecto de Europa. As conexións que tiñamos con Francia son menores, en torno a 1.500 megavattios, que para entendernos é algo así como a central das Pontes. É a única conexión que temos de fluxo de entrada e saída con Francia, realmente somos unha illa enerxética, co cal, que aquí haxa unhas tarifas, non afecta a outros sistemas tarifarios ou compete con outros sistemas tarifarios de outros estados.

E outra cuestión. Non só a tarifa de Alcoa e Ferroatlántica, denominada tarifa G4, xenera déficit, todas as tarifas xeneran déficit, mesmo a tarifa doméstica. A doméstica tamén xenera déficit. Todas as tarifas xeneran déficit, unhas máis e outras menos, según a capacidade de consumo. A capacidade de consumo doméstico é menor e xenera menos déficit, pero todas xeneran déficit. E, efectivamente, para pagarlles eses cartos ás eléctricas –que, por certo, xa o cobraron; as eléctricas sempre cobran todo, xa llo dixen da outra vez–, o Estado, que saca un real decreto no ano 2006,

que recarga a tarifa futura durante catorce anos e medio para solventar ese déficit do 2005, agora vai ter que volver face-lo a respecto do 2006. Durante catorce anos e medio recarga a tarifa en 1,378% no mercado regulado e un 4% no que excede na peaxe de acceso ás redes de mercado liberalizado. É dicir, de futuro vaise pagar o 2005 e as eléctricas xa colle-ron, déronlle ese futuro aos bancos e xa teñen eses cartos nas súas caixas. [...] Vaise facer algo semellante co 2006; co cal, estase pagando, trasládase ao futuro, o que tiña que ser paga-do no ano en curso. Co cal, efectivamente, cremos que non hai unha axuda estatal, que é unha das cuestións que alega a Unión Europea. Vai ser pagada tamén por Alcoa, tamén por Ferroatlántica, vai ser pagada este déficit tarifario; pero en vez de pagalo agora paga en catorce anos e medio, como vamos a pagar todos e todas.

Efectivamente, non hai ningún sistema regulatorio selec-tivo de facto, como alegaba a Unión Europea. Eu creo que aí as aclaracións da consellería, do conselleiro de Innovación e Industria, son claras e correctas. Non hai. Temos un sistema regulatorio semellante a outros estados e o que falla é unha apreciación política do Goberno, interesada, loxicamente, no que no IPC non se dispare. Se xoga con estos instrumentos, como outros gobernos. O Partido Popular xogou cos CTCs –custes de transición á competencia– cando se implanta esta lexislación e se lles dá as eléctricas un millón de pesetas. Se lles deu un millón de pesetas. Que nesas temas non se recar-ga a tarifa para que pareza que non sube tanto, e vía BOE se lle dá cartos ás eléctricas, que é como se fai nestes sistemas, chámese CTCs, chámese déficit tarifario, que é o que esta-mos a falar hoxe nesta comisión.

Porén, o caso de Galiza é especialmente singular por eso alegrámonos das alegacións da consellería, porque Galiza, como todo o mundo sabe, é excedentaria alegremente en enerxía eléctrica; excedentaria alegremente porque non reci-biu ningunha compensación por esa explotación dos nosos recursos naturais, polos custes ambientais e sociais que representa a produción de enerxía eléctrica na nosa nación galega.

Pero ese efecto de ser excedentarios de alta capacidade produtiva tamén significa que as grandes consumidoras eléc-tricas, nomeadamente Alcoa e Ferroatlántica, deberan ter un prezo máis baixo, porque hai menos custes de perda de ener-xía no transporte pola mera proximidade, pola mera proxi-

midade. Non é igual producir un quilovatio en Meirama e consumilo en Palencia que producir un quilovatio en Meira-ma e consumilo no Carballiño. Non é igual a nivel de custes realmente do sistema.

Efectivamente, se vamos a dicir que [...] aclarar o siste-ma, Alcoa e Ferroatlántica están producindo no país, na nación galega, e consumen enerxía xerada na nación galega, deberan ter un precio, efectivamente, menor. Alcoa é un grandísimo consumidor, témolo comentado moitas veces que Alcoa soa consume o 25% do consumo enerxético de Galiza, 395 megavattios/hora, que é practicamente tres cuar-tas partes da central de Meirama funcionado a pleno rende-mento, ¿non?

Preocúpalle de futuro a este deputado a desaparición do sistema de tarifas reguladas. A partir do 2010 desaparecen as tarifas reguladas, agás para o caso de baixa tensión, para o mercado doméstico, que vai seguir mantendo tarifas regula-das e, efectivamente, é un escenario preocupante. En cal-quera caso, sobre a resolución apresentada, nós temos apre-sentada unha emenda como BNG porque cremos que aclara mellor o que se quere dicir na... Non estamos de acordo co fondo, pero cremos que aclara mellor o que quere dicir a moción do Partido Popular. Agradecemos, repito, que a opo-sición nesta ocasión se aveña a apoiar ao Goberno galego. E aínda que a min non me cumpre falar doutras resolucións, outras emendas, vouno facer porque só teño este turno, ¿non?

A respecto da presentada polo Partido Socialista, non sabemos a conto de qué vén falar do documento do Ministe-rio e Industria, porque non foi de debate na interpelación neste Parlamento produto desta moción, mesmo se lemos a orde do día desta moción refírese ás observacións do Gober-no galego, non do Ministerio de Industria, que non foron obxecto de debate, que non sabemos cales son. Esperamos que neste caso foran de acordo con esta liña. No, non fagan xestos, señores do PSOE, porque a labor do Ministerio de Industria na historia recente a respecto da nosa nación é tre-menda, ¿verdad? ¿Para que vamos falar do de Navantia-Fene, da consulta preceptiva do decreto das eólicas –que non fixo, por certo–, do tema da OPA, da explicación do Plano do carbón, que falaremos nunha PNL posterior; ou sexa, o Ministerio de Industria non é garante, a respecto da nosa nación, de nada, de nada, máis ben todo o contrario, dos fei-

tos constatables. Eu espero que desta vez o Ministerio de Industria coincida co Goberno galego, non porque apoie a Galiza, senón porque hai outras empresas no Estado que teñen a mesma situación. Espero, pero non o sei.

En calquera caso, nesta Cámara falamos das observacións feitas do Goberno galego e a moción vai ...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, se fai o favor.

**O señor BLANCO PARGA:**... sobre o Goberno galego.

Eu non sei... –remato xa, señora presidenta, un segundo–, non sei que fixo o Goberno asturiano, non sei que fixo o Goberno de Cantabria, eu non vou abrir ese abano. Me vou a restrinxir, por rigor, por rigor ao que está aquí a debate que é o do Goberno galego, que é do que temos coñecemento e o que nos cumpre como Cámara da soberanía do pobo galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Blanco.

De todas maneiras lle quero recordar que a emenda do Grupo Parlamentario Socialista foi calificada pola Mesa como coherente coa interpelación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, igual ca súa de coherente.

Señor Fernández Leiceaga, ten vostede a palabra.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, moi brevemente, porque a verdade é que eu creo que as razóns de fondo foron expostas por todos os grupos no debate da interpelación con bastante claridade. En todo caso, para resumir moi brevemente a nosa posición, indicar que nós tamén creemos que hai que presentar alegacións, e alegacións contundentes en relación co excedente aberto pola Comisión Europea por motivos diversos. Se trata dun servizo de interese público, as grandes empresas consumidoras prestan servizo ao conxunto do sistema, hai un diferencial de costes que ten que ver non só coa proximidade, senón tamén coa existencia dunha demanda extremadamente concentrada e que, por tanto, reduce os custos de negociación, de transacción, etc., e, en fin, motivos moi diversos que avalan esa posición.

Nese sentido, pois a nós tamén nos parece interesante, digamos, esta innovación de que a oposición promova, digamos, o apoio unánime ao Goberno; parécenos que isto honra ao deputado que presenta esta proposición e ao seu grupo e vamos apoiar esta posición con total decisión, ¿non? Entón, non creo que sexa preciso gastar moito máis tempo nesto.

En todo caso, unha pequena precisión en relación coas tarifas, dado que..., coa evolución das tarifas, dado que xurxiu neste debate. ¡Home!, hai que dicir que entre o ano 1996 e o ano 2002 a evolución das tarifas, a media xeneral das tarifas, foi á baixa. Por tanto, en boa medida o déficit tarifario nace dunha decisión política dun goberno neses anos de reducir o impacto da tarifa eléctrica sobre o índice de prezos ao consumo. A partir do ano 2005 xustamente a evolución é sempre positiva, sempre á alza, intentando axustar a evolución das tarifas, a evolución dos prezos e, por tanto, intentando amortiguar o déficit tarifario; cuestión que non foi completamente conseguida, aínda hoxe sigue existindo déficit tarifario, pero que vai ter que ser obtida nos próximos anos.

¿Por que nós presentamos a nosa emenda que introduce o Ministerio de Industria? ¡Home!, en primeiro lugar, porque formou parte da miña argumentación na interpelación. Eu dixen expresamente que me parecía que eran importantes as observacións do Ministerio de Industria, entre outras razóns porque é quen ten a obriga de ter contacto directo coa Comisión Europea, e parece que no expediente aberto que eu teño aquí, digamos o que está comunicado oficialmente, se fala reiteradamente de España, España, España; é dicir, por tanto, o Ministerio de Industria, o Goberno español, que é o referente, e por outra razón básica que eu creo que todos podemos entender. Sen información aos medios da Consellería de Innovación e Industria, en San Cibrao, o 6 de marzo de 2007, e o señor Fernando Blanco –o conselleiro, non o deputado, neste caso– di o seguinte –e cito a información da consellería, publicada na páxina *web* da consellería, información aos medios–, dice: “Neste sentido e en relación ao expediente da Unión Europea, Fernando Blanco anunciou que a Xunta vai presentar as súas propias observacións ao expediente e tamén vai colaborar co Ministerio de Industria, que, segundo explicou, é o que ten que liderar este proceso, xa que ten as competencias directas na materia”. E nun párrafo seguinte dice: “Neste sentido explicou que a con-



sellería xa lle enviou unha carta ao ministerio para actuar de maneira coordinada nun tema que cualificou de vital importancia”.

Por tanto, nós, a partir desa posición da consellería, entendíamos que era vital actuar de maneira coordinada e que era vital involucrar ao Ministerio de Industria nun asunto no que ten, digamos, as máximas competencias e que por eso era preciso introducir na emenda esta referencia.

En todo caso, estamos dispostos a transaccionar para aproximar posicións entre os tres grupos e poder sacar un acordo unánime deste Parlamento, que eu creo que é o que ten máis sentido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas, señor deputado.

Ten agora a palabra, para o turno de posicionamento sobre as emendas, o señor Bernardo Tahoces.

**O señor BERNARDO TAHOCES:** Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Eu agradezo profundamente o seu talante, eu agradezo profundamente as súas palabras, pero eu non entendo como vostedes teñen sorpresa porque nós estamos a apoiar ao Goberno. Esta non é a primeira vez. Nós, en temas industriais, cando se están a barallar asuntos do país, sempre estivemos aí, apoiando aos estaleiros, apoiando a enerxía eólica. Vostede sabe perfectamente que hai moi poucos días, nunha comisión de Industria, eu brindei todo o noso apoio ao director xeral de Industria precisamente para salvaguardar as nosas competencias. Por tanto, non entendo, agradezo as súas palabras, pero non entendo a súa sorpresa.

Señor Blanco Parga, teño que decirlle que estou moi de acordo tamén con vostede cando falou da tarifa específica para Galicia. Xa sabe vostede que hai varios meses eu fun un dos primeiros en reivindicar, efectivamente, a derogación dunha vez da tarifa uniforme e establecer unha tarifa diferenciada. Foi precisamente no verán de fai un ano.

Polo que respecta ás emendas, teño que dicir que estas emendas melloran o texto da moción, sen dúbida, melloran o texto da moción.

Polo que respecta á emenda presentada polo partido Socialista, señor Leiceaga, esta é unha emenda totalmente razoable. Eu o dixen, o dixen fóra deste hemiciclo e sigo a decilo, é unha emenda completamente razoable porque o ministerio, efectivamente, pretende o mesmo que nós. Pero, sen embargo, eu entendo que non é unha emenda rigurosa, eu enténdoo humildemente. Porque o obxecto da interpelación foi precisamente as observacións do Goberno galego, foron as observacións do Goberno galego, o posicionamento do Goberno galego. E, dende logo, eu teño que dicir algo. Eu non coñezo en absoluto as observacións efectuadas polo ministerio, non as coñezo. Coñezo, naturalmente, as referencias periodísticas, pero non as alegacións efectuadas polo ministerio. Moi diferente ao que ocorre coa Consellería de Industria. Eu coñezo detallada e pormenorizadamente todo o que fixo a Consellería de Industria porque, efectivamente, é de xustiza dicir aquí que o conselleiro de Industria tivo a ben entregarme, efectivamente, toda a documentación.

Na súa consecuencia, partindo da base, don Fernando e don Joaquín, de que, efectivamente, vostedes melloran, melloran o texto da moción, no sentido de darlle máis clarezza, eu fago unha proposta para, efectivamente, chegar a un acordo.

A proposta sería a seguinte: O Parlamento insta á Xunta de Galicia a trasladar á Comisión Europea, a través dos condutos oportunos... Porque mire, señor Blanco Parga, eu teño dúbidas, teño dúbidas de que a Xunta de Galicia poida dirixirse dun xeito oficial á Comisión Europea. Ao mellor incluso se a Xunta de Galicia traslada este posicionamento do Parlamento galego a traveso do Ministerio de Asuntos Exteriores, incluso pode ter máis forza. Non o sei, eu teño dúbidas, non o podo asegurar nin dun xeito nin de outro; teño dúbidas. Por tanto, penso que esas dúbidas quedan completamente eliminadas poñendo esa salvaguarda de “a través dos condutos oportunos”. Como digo, á Comisión Europea, a través dos condutos oportunos, o apoio deste Parlamento ás observacións formuladas pola Xunta de Galicia ao expediente, axuda estatal C3/07 (EXNN/66/06 tarifas reguladas de electricidade en España).

Eu quero dicirlle algo. Eu parto da base, señor Parga, de que esta referencia do expediente a súa é a correcta e non a miña, ben entendido que a miña –a referencia que puxen na moción– estaba na carátula do documento que me entregou o conselleiro de Industria. Pero eu parto de que o seu é o correcto neste senso. Por tanto, eu proponho, señora presidenta, efectivamente, este texto para a súa aceptación, e como estou seguro, estou seguro, señor Leiceaga, que imos ter a unha plena unanimidade, agradezo o seu apoio, agradecendo tamén o apoio que vostedes están a dar ao noso posicionamento.

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas, señor deputado.

¿Acepta, por tanto, vostede a emenda formulada?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Fai, por tanto, unha proposta de transacción. ¿Aceptan os deputados? ¿Os grupos? ¿Queren falar un momento? Vale. Mentres vostedes intentan chegar a un acordo, continuamos coa seguinte e, en canto o teñan, lle pido que llo faciliten aos servizos da Cámara.

**Moción, do G. P. Popular, por iniciativa de D. José Manuel Castelao Bragaña e D. Aurelio Domingo Miras Portugal, sobre as medidas do Goberno galego para a protección das persoas galegas residentes en Venezuela, así como o seu patrimonio e os plans para atender a súa situación nos ámbitos asistencial, sanitario, retorno, seguridade persoal e patrimonial e xurídico**

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Pasamos á seguinte moción, do Grupo Parlamentar Popular, por iniciativa de don José Manuel Castelao Bragaña e don Aurelio Gómez Miras Portugal, sobre as medidas do Goberno galego para a protección das persoas galegas residentes en Venezuela, así como o seu patrimonio e os plans para atender a súa situación nos ámbitos asistencial, sanitario, retorno, seguridade persoal e patrimonial e xurídico.

A esta moción non se lle presentaron emendas, e para a defensa da mesma ten a palabra o señor Miras Portugal.

**O señor MIRAS PORTUGAL:** Señora presidenta.

Señorías, teño unha gran desazón. Eu coidaba que por parte dos grupos parlamentares emendasen, como é lóxico que sexa, que emendan algo que foi presentado en positivo, e podera ser enriquecida en moito probablemente esta moción. Tal vez é que o término moción en si sexa semánticamente negativo. Como non hai, desde o punto de vista parlamentar, outra posibilidade máis que traer esta moción consecuencia dunha interpelación, é polo que a traemos. Quero dicir que creo, pero espero co meu discurso polo menos convencer ás súas señorías pra que, si non son capaces de apoiála, que quede na súa conciencia a posibilidade de que pensen, mediten, sobre esta materia.

Estamos a falar dunha situación que eu coido que non necesita argumentación pola miña parte. Se a algunha das súas señorías tivera que argumentarlle que é o que acontece en Venezuela, pediríalle encarecidamente que abandonase este hemiciclo e deixase de ser deputado parlamentario de Galicia. Polo cual, voulles ás súas señorías a non narrar o que acontece nese querido país, Venezuela.

Pero, como consecuencia deso que saben vostedes, todos vostedes, do que alí acontece, creía, e ademais creíao cegamente, porque escoitando e lendo e relendo a intervención que tuvo sobor desta materia o conselleiro de Presidencia –moi positiva, teño que decilo– ao respecto, considerábame avalado polo Goberno de Galicia con respecto á presentación desta moción. Despoixa darei lectura, en todo caso, ao sentido positivo, porque así o entendo, que fixo o señor Méndez Romeu, o cual di que o Goberno ao mellor está pensando unha cousa e os grupos parlamentares están pensado outra, cousa que hasta agora non aconteceu aquí.

Pois ben, creíamos que o que acontece en Venezuela... En primeiro termo, nós decíamos o seguinte, fíxense o que decíamos: “Que ao mesmo tempo proceda a efectuar un relevamento na comunidade española que alí reside”. ¿Que quere dicir un relevamento? Que o Goberno, por parte de España e de Galicia, pase a tratar de saber cal é a situación dos galegos e dos españoles que alí hai. Non pedíamos nada estraño. É dicir, para poder actuar, a diagnosis temos que coñecer que lle acontece aos españoles e galegos que alí hai, cantos están e que necesidades teñen. Creo que o que pido é algo lóxico, por eso non o entendo.

Falábamou doutra serie de aspectos, aspectos sanitarios, vostedes falaron xa deles aquí, non vamos falar agora deles, ou de aspectos sociais. Pero había un que nos preocupaba por derriba de todo, e tal vez sea o núcleo desta moción, e o núcleo desta moción radica fundamentalmente no retorno. O retorno é a clave, eu diría, desta moción. ¿Por que? Porque no debate que tuvemos –hai que dicilo– en momentos previos ás eleccións, foi un debate positivo, edificante, por parte de todos, e nel dábanse datos decindo –por parte concretamente do portavoz do Bloque e apoiado posteriormente pola portavoz do PSOE–... víñase a decir que está vindo pouca xente de Venezuela aquí, que o retorno non é casi necesario porque demostra que empezaron a baixar o número de personas que acuden de Venezuela aquí. É certo, pero tamén expliquei o por que. Expliquei e dixen cal era o motivo. O motivo fundamental é que os españois e os galegos que alí viven non poden abandonar facilmente Venezuela, por distintos motivos. Primeiro, porque non se dan desfeito das súas propiedades alí, non é un momento en que se poidan vender. Segundo, aínda podéndoo facer, chegar a España non teñen un plan, que é o que eu lle pido á Xunta e ao Goberno central dende eiquí, que se elabore un plan, que se elabore un plan. ¿Por que? Porque estamos ante unha situación grave. Os acontecementos do último día que vimos en toda a prensa internacional e nas cadenas internacionais do mundo de calquera signo, dalgunha maneira preocupánnos, e a quen non lle preocupen, quero decir que é un bondadoso de pensamento, e esas bondades de pensamento só acaban nunha cousa, que é que a pagan os inocentes, e os inocentes son os galegos que están alí desprotexidos, que queren vir e non poden. Por eso, insisto, pénseno, medítano. A min daríame igual que en vez de agora apoiar esta moción –miren o que chego a decir–, en vez de apoiar esta moción, que ustedes pensen en traer unha moción. E, si son capaces e teñen a valentía e a gallardía, consensuala antes de traela aquí con nós, ese é o meu reto. É decir, tres grupos, tres grupos que o piden, consensuado. Xa que agora, polo que vexo, non vai a ser consensuado, eu préstome a eso, e préstome non desde o partidismo que quere decir eso. Non teño intención que sea unha moción do Partido Popular aprobada. O que teño intención é que o contido, cos cambios oportunos, sea aprobado, por eso esperaba esas emendas á moción.

Mire, nós fundamentábamolo en dous temas: ¿Quenes eran os que a tiñan que facer? Primeiro, o Goberno central. ¿Por que? Porque lle compete –ou compete, perdón–, porque

lle compete ao Goberno central, el é responsable desa área. E ao ser responsable desa área teranos que dar resposta satisfactoria. ¿Que sucede? Todos coñecemos o pensamento de Madrid. É máis lento, por emplear unha terminoloxía amable neste sentido. Moito máis lento que o Parlamento galego pode ser o Parlamento canario, ¿por que? Por algo que se chama que os fillos de Canarias ou os fillos de Galicia, en particular, son aqueles que máis están e a poboación, a pesar dos pesares, a pesar da forza que houbo ultimamente pra, dalgún xeito, que os emigrantes sean vistos ou se vexan dunha maneira especial, a pesar deso, este país sigue crendo que os emigrantes siguen sendo fillos deles.

Pois ben, o que lle pedíamos a Madrid era moi fácil. Primeiro, saber que é o que acontece en realidade, porque desde aquí declaro solemnemente que a min, o que din os consulados, desde as embaixadas españolas, con todo o respecto que me merecen, non son coñecedores. E a proba é que a día de hoxe non son coñecedores. É decir, esa é a proba irrefutable, que nós mesmos dicimos que non sabemos; dino vostedes e dío o propio Goberno central. Pois, se non sabemos, non quedemos coas estruturas clásicas que hai, coa estrutura clásica, que é consulado, embaixada, consulado e os corpos consulares. Pois non señor, non o saben nin os atenden, coido eu, como é debido. E dígoo en sede parlamentaria. ¡Como é debido!. Non falo deste Goberno, falo concretamente desas institucións en ese sentido.

Pois ben, e, ao mesmo tempo, o que nós víñamos a decir, dalgunha maneira, é a unificación de todas as accións que se veñen desenvolvendo por distintos organismos da Xunta. Digo unificación, non falo de descoordinación, falo de coordinar. En gobernos anteriores ou agora mesmo, cando hai unha situación de emerxencia como pode ser a de Venezuela, sempre se fai o mesmo, alguén coordina todo. Hai distintas consellerías, pois que se coordine, eu creo que non é ningún delito pedir que se coordinen, ao contrario, é normal e ustedes vano facer. Saberán como van ter que coordinalo, porque parece lóxico. Eso non quere decir que estea á boa de Dios. Coordinar. Coordínanse as accións cando hai algo especial e, sobre todo, de carácter grave, como acontece en Venezuela.

Pois ben. Nós o que dicíamos é que, unha vez que se sepa e que nós podamos actuar primeiro alí, que posteriormente se prepare unha política. unha política que nós cremos que

ten que ser intersectorial, a fin de que a esa xente poidámoslle ofertar dende eiquí as condicións oportunas, as condicións oportunas pra o seu retorno, porque, se non teñen condicións oportunas para o retorno, non virán. E non virán, porque aquí non se acollen.

Mire, eu estes días leo na prensa, nos medios, vexo e escoito algo que me fai sentir grande como español que son, e é que... Español, son español e galego, son español, ademais eu sono. ¡Bueno! hainos que aquí non o son, pero eu si. E como español que son, cando ao mellor unha serie de desdichados da vida, empuxados polas súas necesidades, se atopan en augas internacionais á deriva, e que os países costeños escapan desas responsabilidades, e España axúdaos, eso a min páreceme que un país é grande e solidario. Se un país como España, grande e solidario, é capaz, é, é... Señor Lobeira, mire, eu, a verdade, vostede de democracia a min non me vai a ensinar nada, nin de amor a este país tampouco, téñao vostede moi seguro, moi seguro, moi seguro. (*Aplausos.*) A maneira de sentir cada cal enténdeaa ao seu xeito, pero os sentimentos non son patrimonio de ninguén. Dito eso, cando España demostra esa solidariedade, e ao mellor a grandeza de facer eso, está claro que non pode ser mezquino nin miserable cos españoles fóra. Cos españoles fóra, cos galegos que están fóra, os canarios ou de onde sexan, e aí é donde, de algunha maneira... Señor Lobeira, se ten moito interese, suba aquí. Señora presidenta, se ten moito interese pode invitálo a que suba aquí e que fale o señor Lobeira. Eu non teño inconveniente, que ademais hai algunhas cousas que as fai ben. Ben. Pois ben, en todo caso, volvamos á clave.

Eu creo que o Goberno galego debe empuxar ao Goberno de Madrid en estas cousas. O señor Méndez Romeu decía algo que eu lle agradezco, e decía o seguinte: “Concordo con vostede –referíase a min– na necesidade de afondar na planificación dunha política de retorno”. Neste momento non temos datos concretos sobre o que vostede presenta aquí, ¿comprende? Non temos datos concretos. Eso é exactamente o que eu pido, que se teñan eses datos concretos, que se lle pidan ao Goberno de Madrid. E nós botarlle unha man ao Goberno de Madrid, porque probablemente eles sean os cegos e nós fagamos de lazarillos, en esta materia, do Goberno de Madrid.

En definitiva, sinto que, polo que se me dixo, non se vote a favor esta moción, pero teñan por seguro que eu votarei a

súa proposición cando se presente. Pero, sobor de todo, pediríalle que a fixéramos conxuntamente.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Miras Portugal.

Polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego creo que vai intervir o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, hai xente que ve os vasos medio cheos, hai xente que os ve medio baleiros. Eu pensei que o señor Miras Portugal era dos primeiros, pero está claro que neste, como noutras cousas, trabuqueime. E digo eso porque é curioso que empezase hoxe falando dunha grande desazón, cando eu creo que o que temos todos, e estou certo que el é o primeiro, é unha grande ledicia a respecto do que foron os quince días anteriores, pola liberación dos nosos compatriotas en Venezuela, o señor Fiz Souto e don Francisco Muradás, e eu creo que eso ten que ser o primeiro e o máis salientábel, sobre todo cando a interpelación e a moción versan sobre o que versan ¿non?

Ben, xa no pasado Pleno falábamos da sorpresa que nos producía que se referise exclusivamente á inseguranza en Venezuela. E, certamente, non –como dixemos no seu momento– porque non estea a padecer este país problemas de inseguridade, non porque non fose un dos destinos principais dos galegos, da emigración galega, e por iso, a día de hoxe, a residencia de galegos e galegas no exterior, dos principais, ¿non?, senón porque non é unha circunstancia excepcional. Dicíamos no seu momento, apoiábamonos en datos, que mesmo Colombia ou Arxentina, este segundo pois cun continxente da diáspora galega, da colectividade galega, moito superior, ten índices de delincuencia superiores. E, ao contrario do que falaba antes, eu creo que tamén o tempo non tardou en darnos a razón, ¿non? E vimos nestos quince días como tamén un fillo dun emigrante galego en México pois tamén foi asasinado.

Estamos a falar de problemas que eu creo que non existen razóns para focalizalos, exclusivizalos, en Venezuela,

¿non?, nin tampouco na colectividade galega. É dicir, que dea a impresión de que sean problemas que están a padecer con máis intensidade, por algún escuro ou estrano motivo, os galegos e as galegas residentes no exterior. Non, é un problema destes países; é un problema da febleza dos estados; é un problema da inxerencia de terceiros estados e da creación de grupos paramilitares non respectando a lexitimidade nin a soberanía destes; é un problema, ao meu xuízo —xa vexo que en boa medida discrepaba con algún dos oradores na interpelación pasada, que non falarán hoxe—, creo que é un problema de inxustiza social, e que medidas de xustiza social, nacionais e internacionais, por suposto, son as medidas para solventalo. En calquera caso, como decía, non é un problema exclusivo e, por ende, non temos que focalizalo en Venezuela.

En relación coa iniciativa, dicir, bueno, que estou certo que concordamos coa intención do autor, que estou certo de que poderemos chegar a sucesivos puntos de encontro, mais non neste caso. Eu vou facer unha confesión que non a tería feito se o tono do señor Miras non fose como foi. Eu realmente esperaba que esta moción xa fose plantexada polos tres grupos de común acordo, e creo que teño motivos para ter esa esperanza ou para que tivera esa creencia, ¿non? Por eso si estou convencido de que no futuro poderemos chegar a puntos de acordo, e xa lle digo, por anticipado, que eu esperaba que esta moción se plantexara por acordo polos tres grupos políticos.

Ben, como puxemos de manifesto, e eu creo que un dos motivos polos que non podemos votar a prol desta moción é que a situación de inseguridade, a carencia de asistencia sanitaria, de protección económica, a demanda de servicios sociais ou de intercambios culturais dos emigrantes en Venezuela ao respecto da colectividade galega en Arxentina, Montevideo, Brasil, México, por pór un exemplo, non é singular; por tanto, focalizalo en Venezuela eu non o entendo. Non entendo que existan razóns obxectivas que xustifiquen unha especial intensidade de políticas estatais ou nacionais en relación con Venezuela.

E despois —e como xa lle expliquei privadamente ao señor Miras Portugal, e eu creo que estamos de acordo—, en relación coa segunda parte da iniciativa —probabelmente non seña esa a súa intención, pero a redacción así o parece—, pode dar impresión de que volvemos a esa táctica do Parti-

do Popular de estar tratando de abrir cuñas no Goberno, de estar falando constantemente de descoordinación no Goberno, no Goberno galego, cando é evidente que non é así. Existen políticas e exemplos en materia cultural, tanto de colaboración entre a Consellería de Cultura coa Secretaría Xeral de Emigración; ou, por suposto, en materia sanitaria, entre a Consellería de Sanidade e a Secretaría Xeral de Emigración, que están a falar dunha acción unitaria, unificada; ou mesmo tamén en Vicepresidencia, por suposto, donde ese órgano de coordinación, máis que de execución, é obviamente a Secretaría Xeral de Emigración.

¿Por que non presentar enmendadas? Pois eu creo que unha enmenda tería que ser de un calado tal que desnaturalizaría a súa iniciativa, e obviamente non me parece de honestidade política, e ante todo eu creo que eso é o sinal do noso grupo parlamentar.

Ben, en calquera caso, eu entendo que existen elementos positivos que permiten albiscar a posibilidade de encontros futuros. O primeiro, é curioso, eu creo que louba o señor Miras Portugal que despois de dezaseis anos da responsabilidade na Consellería de Emigración, exercendo, exercitando, por tanto, políticas migratorias, que o seu partido, partido ao que tan fielmente pertence e apoia no Goberno do Estado, gobernando durante oito anos, que agora veña recoñecendo que o primeiro de todo isto sería facer un censo, un estudo, un relevamento, para coñecer a situación real das galegas e dos galegos no exterior. Eu creo que lle honra ese recoñecemento, digamos, da ausencia de protocolo nas políticas de emigración do Partido Popular, ¿non?, esqueceron o primeiro. Pero ben, eu eso creo que é de sabios rectificar, e me parece —xa lle digo— que lle honra como persoa e como político, concordo plenamente. Eu creo que é moi importante coñecer a situación dos galegos e das galegas, en Venezuela e os que non están en Venezuela, e moitas veces porque dende o BNG reprochámoslle ao Partido Popular, ás políticas do Partido Popular, que estaban moi centradas nos centros galegos do exterior, e que existe unha parte moi importante da colectividade que resultaba allea a elas, e que moita desta parte, descoñecida, pois podemos estar a falar das persoas mais carenciadas e por iso mais necesitadas dos servicios e das accións públicas. Por tanto, a realización de estudos para coñecer a situación dos galegos, para coñecer as demandas e necesidades, e tamén o que poden ofertar, o intercambio, a posibilidade de intercambio, tanto empresa-

rial como cultural como económico como social, eu creo que é un punto de partida importante, xa digo, non só en Venezuela sinón en todos os lugares onde se ubica a diáspora galega, pero como vostede, señor Miras, coñece, porque o pudo escoitar igual ca min, ese é un dos obxectivos da Secretaría Xeral de Emigración explicitados na primeira comparecencia na Comisión 1.ª por parte do secretario xeral, que así o manifestou.

En calquera caso, tamén celebro con ledicia o que supón a elaboración deste documento, o que implica. É dicir, xa non falamos exclusivamente do CERA, do único documento como censo. É dicir, xa non nos importa o emigrante como un mero elector, e eu creo que eso é unha cuestión moi importante. Efectivamente, hai que afondar no CERA porque é un censo absolutamente caótico, exento do mais mínimo rigor.

Moi ben, se estamos a falar do censo, estamos a falar xa non do emigrante elector senón do emigrante persoa, do emigrante titular de dereitos e de obrigas, de dereitos e de obrigas que teñen particularidades no seu exercicio e, ao mellor, tamén condicionantes na súa efectividade. É dicir, son persoas, con independencia de que voten ou non voten. Eu realmente felicítome de que chegásemos a este punto.

E, como o tempo remata, pois simplemente referirme ao retorno. Efectivamente, hai cifras que están a xustificar pois, tanto en números absolutos como relativos, elevar o do retorno dos galegos, e nomeadamente o retorno dende Venezuela. Eu, en calquera caso, concordo co que falaba o señor Miras, non estamos a falar de políticas cuantitativas senón cualitativas, o problema do retorno non é un problema de número, é un problema de persoas, e eu creo que con esta finalidade está a traballar a Secretaría Xeral de Emigración, no incremento pois das contías, das axudas extraordinarias, para o retorno. En este sentido, xunto co mantemento do Risga, xunto co mantemento das PNC, o mesmo que o critiquei teño que louvar un apartado do decreto Caldera, que é unha lagoa que existía aí, que permitiu, a través da extensión das prestacións asistenciais dos retornados, cubrir aí un problema que existía coas PNC. Eu creo que si son políticas que temos que louvar, que están incrementadas coas da Consellería de Traballo, que están incrementadas coas da Consellería de Vivenda, pero, en calquera caso, non podemos sentirnos satisfeitos en ningunha área de goberno, en ningunha

área de política mundial. Eu creo que mostrarse satisfeitos, mostrarse conformistas, é unha atrocidade, por tanto, en esto tampouco, e temos que seguir avanzando en políticas de atención, de inserción e de información. Para información non abonda Internet, creo que unha boa saída son as delegacións da Xunta no exterior, que hai que afondar en elas, que hai que traballar en elas.

E despois remato xa agradecendo á Presidencia a súa benevolencia. Remato xa, existe un problema, ou pode existir un problema. Existiu no pasado co corralito, non existe actualmente pero pode existir no futuro, que son as posibilidades dos eventuais retornos masivos. Eu creo que estaría ben elaborar un plan que permita prever este tipo de continxencias. Non creemos alarmismos, non existen hoxe nin en Venezuela nin en outro sitio, pero que poden existir, poden existir mañá, e para eso estou convencido que a Xunta de Galiza traballará e que seremos quen, os tres grupos parlamentares, de pormos de acordo.

Máis nada e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Tabarés.

Señora Soneira Tajés, ten vostede a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**A señora SONEIRA TAJES:** Grazas, señora presidenta.

Antes que nada, como xa o fixo o señor Tabarés, alegrámonos porque hoxe, esta madrugada, o último galego secuestrado en Venezuela acadou a liberdade; está ca súa familia, está en boas condicións, e eu creo que eso que nos alegra a todos. E non nos cabe duda ningunha, desde o noso grupo, que esta moción que presenta o Grupo Popular a través dos seus deputados, señor Castelao e señor Miras Portugal, é unha moción que busca solucionar problemas, non nos cabe duda ningunha. Pero sabe vostede, señor Miras Portugal, que a veces o sentido da oportunidade é fundamental, e non falo de oportunidade política en este caso, e non me vou a estender máis porque vostede, que ten experiencia en isto, sabe que si tivéramos que debatir isto sin que houbera galegos secuestrados, e sen posiblemente lanzar a mensaxe de que ter un galego secuestrado pode aumentar o seu valor pola importancia que se lle dá –valor entre comillas, digo, na industria do secuestro– en países donde a violencia, a delin-

cuencia, son males endémicos, posiblemente estaríamos falando de outra cuestión, e a vostede creo que non lle teño que dar máis explicacións sobre esto.

E despois hai un tema que nos leva esencialmente a dicir que non en esta moción, entre outras cousas, polas razóns que dixo o señor Iago Tabarés, pero tamén porque o tema non se pode circunscribir exclusivamente a un país como Venezuela. Vostede sabe que hai países donde a violencia incluso xoga –e xa o falamos, non vou a dar os números– no seu produto interior bruto, por canto que hai que destinar cuantiosos recursos a seguridade. Nácese con eso, vívese con eso, e, se me apuran, mórrrese con eso. Vostede sabe que na propia cidade de Caracas as rexas nas ventanas dos edificios acadan ata a 8.<sup>a</sup> e 9.<sup>a</sup> planta, que aos que vamos de fóra parécenos increíble, pero aos que están alí parece o máis natural do mundo, porque incluso aseguran que entran e hai violencia en plantas que están por encima desos pisos que están sin reixas.

Polo tanto, estamos a falar dunha situación que non é, desgraciadamente, patrimonio dun só país. Estamos falando, aquí o señor Tabarés citou un caso, pero a semana pasada na cidade de México secuestrouse a un ciudadano español, de León, e a pesar de pagar o rescate, pegáronlle un tiro. É dicir, a mesma sensación de inseguridade haina en determinados puntos de Iberoamérica porque as cousas son como son. E, por exemplo, non nos chegan a nós moitos dos secuestros exprés que se producen no contorno urbano da cidade de Buenos Aires, e que sin embargo se producen casi a diario e que lle tocan a un porcentaxe importante de cidadanos de orixen español, a moitos deles galegos. E eu incluso lle podo dicir que dous deles os conozco, que estiveron case 24 horas paseándoos pola cidade nun maletreiro dun coche. Quero dicir que esto non o podemos circunscribir –aí comparto absolutamente o que dixo o señor Iago Tabarés– a un país, a un punto concreto, sinón que isto debemos abordalo en conxunto e, desde logo, non poñendo en perigo, en algún caso –aí falo do tema da oportunidade–, cando temos situacións como as que acabamos de vivir.

E despois, incluso, vostede conocerá declaracións de colectivos de emigrantes retornados que descalificaron que estuvéramos debatindo estas cousas agora mesmo, porque lles parecía que... referíanse en termos de crítica ao Grupo Popular. Pero, insisto no primeiro, eu sei que vostede conoz-

co que sinte estas cousas e que, desde logo, o sentido da oportunidade teño a impresión, polo menos, que non foi para buscar unha rentabilidade política.

Despois, en termos de atención aos nosos cidadanos fóra, eu podo entender pois que un portavoz dun grupo nacionalista poda non compartilo. O que non podo entender é, señor Miras Portugal, que nós, que somos organizacións, que non renunciámos a ningún dos dous afectos, pois poña en cuestión o sistema do Estado no exterior que basicamente é o mesmo que había hasta hai algo menos de dous anos, e que, sen embargo, en ningún caso aí, cando aquí se teñen traído iniciativas en ese sentido, se ten cuestionado.

Eu voulle dar algúns datos a pesar de que concordo con vostede –sobre todo no tema das baixas consulares– en que os datos non son fiables, porque moita xente non vai a buscar a baixa. É verdade, e quizá aí tamén teñamos todos que mellorar, e alégrome desa chamada ao consenso, que eu creo que podemos alcanzalo, para facilitar esta información fóra e que nadie se veña sen a baixa consular cando quere retornar, porque eso priva de moitas oportunidades e de axudas tanto do Goberno galego como do Goberno español. Por exemplo, no que vai de ano pasaron polas oficinas que ten o Estado no exterior algo máis de setenta mil personas. Os datos son hasta o día 15 de maio.

Curiosamente, para o retorno, a pesar de que se renovaron moitos pasaportes, foi esencialmente para cambiar o pasaporte digamos que ordinario e tradicional, que conecemos sempre, polo pasaporte electrónico, que unha parte, si, é para telo dispoñible e para en calquer momento que poda retornar, pero tamén outra parte, vostede sábeo coma min, é porque en Estados Unidos, se non tes o pasaporte electrónico, non podes entrar. E vostede sabe, e aquí o temos debatido en máis dunha ocasión, que hai unha gran cantidade de cidadanos de orixen español que viven en Venezuela, e non sólo español, senón que a sociedade venezolana ten como referencia, sobre todo no tema dos estudos superiores dos seus fillos, Estados Unidos, e moi en concreto Florida e a cidade de Miami. Esa era unha das demandas esenciais que se tramitou aí xunto con outras moitas, non sólo esas. E, desde logo, que as baixas consulares non sólo non aumentaron senón que están decrecendo. Reconocéndolle isto que lle dicía antes de que non todas se piden. Pero é que eso pasaba exactamente igual pois no ano 2002, e vou a dar o

salto xa para non citalos a todos. No ano 2002, 1.441 cidadanos gallegos solicitaron a baixa consular, posiblemente volveron moitos máis sen que a houberan solicitado, pero no 2006 solo a pediron 726. Seguramente volveron máis tamén, pero a proporción, si servía para o 2002, ten que servir tamén para o 2006, e, de feito, as gráficas sempre recollen, tanto en términos absolutos como relativos, unha baixada permanente. E quizá tamén polo que di vostede, porque non se pode vir con todo detrás.

Pero bueno, quero decir que ao final esta demanda tampouco é tan acuciante nin hai esa sensación, polo menos nós non a temos, dígollo honradamente, porque se a houbera tamén llo decía, pero nin siquera nos peores momentos da crisis do corralito, e con situacións de emerxencia sanitaria, acometemos fórmulas de evacuación casi masiva que se poderían dar en caso de catástrofe ou en caso de guerra, que non é esta a situación. Podemos concordar ou non que ao mellor o clima político hoxe en Venezuela non é o mellor, pero tamén podemos comparalo co de hai un par de anos, donde o nivel de crispación nas rúas de Caracas e de todo o país era moitísimo máis exaltado que o que temos hoxe. Polo tanto, quero decir que non hai, por eso lle falaba tamén da oportunidade de presentar esta iniciativa, que creo que debemos abordala doutra maneira.

Despois, en canto ás axudas, vostede sabe que se acaba de crear a Oficina do Retorno, que vai a permitir *in situ* dar información e coordinar todos os programas de axudas que hai, para que os emigrantes cando retornen sepan exactamente a donde e como ir. E do tema sanitario non lle vou a falar porque xa falamos no debate da interpelación. Hoxe, a día de hoxe, case doce mil españoles, maioritariamente galegos e canarios, están acollidos ao novo plan de salud que se puxo en marcha alí a través da fundación creada, e, desde logo, eu creo que a información é clave, e polo que nos transmiten desde o Goberno galego, desde a propia intervención do señor conselleiro na interpelación, non sólo se está facendo senón que se está acentuando. E sigo crendo que non é suficiente, que non chega, e concordo co señor Tabarés en canto ao papel que teñen que xogar as delegacións da Xunta. Pero cando un emigrante retornado –por eso é tan importante a baixa consular– volve, ten dereito á prestación de desemprego, ao subsidio por desemprego para maiores de 55, axudas extraordinarias, pensión asistencial –que o dixi moi ben o señor Tabarés– coa modificación do

decreto, pois sabe vostede que había aquela obrigatoriedade de residir dous anos ininterrompidos en España antes dos 65, que hoxe está superado, que eso é moi importante, porque eso xeneraba moitos problemas que todos temos vivido. E, desde logo, tanto desde a propia Secretaría Xeral como desde a Consellería de Traballo, todos os programas de integración laboral.

E quero destacar un papel importantísimo que está facendo a Consellería de Vivenda por canto en todos os seus programas, tanto na vivenda usada, a vivenda de nova construción, na promoción da vivenda propia, que sabe vostede que eso forma parte da nosa cultura no medio rural e se retorna precisamente ao medio rural, en todos os casos se recolle como unha puntuación adicional ser emigrante retornado. Quérese decir que os instrumentos existen e que posiblemente teñamos aí un déficit de información e que debemos traballar en eso. Se o conseguimos entre todos, e se ademais isto o facemos como unha iniciativa conxunta de todas as forzas políticas do noso país, eu creo que o podemos conseguir. E ademais non o debemos circunscribir –dígollo como o penso e como o sinto– a un único país porque temos problemas en máis de un, e debemos incluso prepararnos para situacións de emerxencia como as que desgraciadamente se viviron e que lle tocou a vostede xestionar, para estar preparados. E as situacións poden ser por crisis económicas, por problemas incluso climatolóxicos, como pasou en Vargas no seu momento, ou por crisis políticas nos países de residencia.

Para eso, señor Miras Portugal, estamos dispostos.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Turno de peche para o autor da iniciativa, o señor Miras Portugal.

**O señor MIRAS PORTUGAL:** Señora presidenta.

Señorías, non empecei felicitando realmente aos galegos de Venezuela hoxe liberados porque cando presentei a interpelación tampouco os quixen citar, porque coidaba, efectivamente, que non era o momento. E moito menos... alguén que viviu estas cousas sabe o perigoso que pode ser falar, dar



nombres, etc., etc. En todo caso, como non pode ser doutra maneira, ¡quen é o que non se sente hoxe feliz de que esta xente esté liberada! O que non sabemos é todos aqueles que probablemente estén secuestrados en Arxentina, efectivamente, ou en Méjico ou na propia Venezuela ou en algunha outra parte. E aqueles que teñen outro tipo de eivas, e que pola idade e polas súas circunstancias están impedidos tan siqueira de soñar. Este Parlamento pode axudar a vivir e a soñar a moita xente. Pensen, a soñar, porque ao que aquí non lle damos valor ningún, en outro sitio llo damos.

Eu a verdade é que teño, en primeiro lugar, que agradecer tamén o tono e, sobor de todo, que aceptasen a miña proposta de facer unha acción conxunta desde o Parlamento, porque, non se enganén, ¿saben por qué avanzan os dereitos abstractos e se concretizan, dos emigrantes? porque hai deputados, porque hai portavoces e hai deputados deste Parlamento que empuxan aos seus no Parlamento de Madrid. ¿Ou é que acaso ustedes non empuxan aos seus deputados de Madrid e ao seu Goberno de Madrid? ¿É que acaso nós non o facemos? Bueno, o Bloque tamén o fai, non digamos, a través das propostas que presenta en Madrid, ¡claro que si! Nós somos o motor, en este caso. Nós somos a conciencia, e como somos a conciencia, a conciencia non se esvaece, temos esa obriga nós.

Cando eu falo do retorno, que en definitiva era a moción, focalízoa en Venezuela porque é un momento moi grave. Eu vivín un momento moi grave da vida de Venezuela. Como saben, trouxemos a feridos de alí e fixemos unha acción especial.

Hai algo que a min me asusta, e é pensar que cheguei tarde cando puđen chegar a tempo. Non é pola situación política, é pola situación que se está a vivir en Venezuela, que a nosa xente necesita saber cales son as súas salidas. Despoixa que escolla, porque a oficina do retorno xa funcionaba. Quero en eso, señora Soneira, dicirlle que non se creou agora. En Venezuela tiñamos unha Oficina do Retorno, en Uruguai tiñamos unha Oficina do Retorno. Unha estaba na Hermandad Galega de Caracas, concretamente en Uruguai estaba no Centro Galego, e na Arxentina tiñamola concretamente en dous sitios: en Casa de Galicia, fundamentalmente, e tamén á parte outra no Centro Galicia, acordaranse ustedes. E tiñamos en Suíza traballando, traballando, un Centro Itinerante do Retorno, porque Suíza era o sitio

que máis nos preocupaba. ¿Por que nos preocupaba? Porque estaban desorientados, non sabían a que pau quedarse. Se esperar o segundo pilar, se non esperar o segundo pilar, que aínda hoxe están con esa dúbida moitísima xente. E ademais é que non ten nada que ver o retorno de Suíza, porque non é un retorno, eso é cando a xente vén de seu, vén de seu porque se lle acaba a súa vida laboral, porque dalgunha maneira pretenden virse para acá a meirande parte, outros quedan. Pero os de Venezuela non, os de Venezuela é que pensaban na meirande parte dos casos, e escoitámolo aínda á persona que secuestraron, decindo que el se vai a quedar alí e os fillos que ten, que ademais ten moitos. Dixo, non, non, eu voume quedar en este país, síntome ben en este país. Efectivamente, pero hai outros que non. Entonces temos esa obriga. Volvo ao principio. Ustedes recoñeceron, temos que cuantificar. Porque é certo que o Partido Popular gobernou oito anos en Madrid, claro que si, non fixen ningunha louvanza sobre esta materia, pero é que o Partido Socialista leva dezaioito, e non por eso vou a atacar ao Partido Socialista. Estou no Parlamento galego, e a miña obriga é tender pontes con todos vostedes pra que esa xente sinta que aquí somos capaces de entendernos en esa materia. Por eso o agradezco de maneira especialísima, porque ustedes teñen maioría e podían non contar connosco, nin co señor Castela nin comigo, que somos os dous autores –apoiados polo noso grupo, non cabe a menor duda–. Agradézcoo de corazón, porque, en definitiva, non estamos facendo nada para os nosos partidos, estamos facendo algo para alguién, e espere-mos –e eu espero que sea así– que non cheguemos tarde. Por eso eu emplazaríaos a que mañá mesmo nos poñamos a traballar nesta materia.

Máis nada e moitas gracias pola súa consideración e tratamento.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Miras Portugal.

**Moción do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alejandro Gómez Alonso, sobre a valoración do Goberno galego respecto do Plan estratéxico 2006-2020 do Adif, o informe da Unión Internacional de Ferrocarrís referente á posta en servizo dos treitos galegos e o seguimento da construción do AVE en Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Substanciamos agora a moción do Grupo Parlamentario Popular sobre a valoración do Goberno galego respecto do Plan estratéxico 2006-2020 do Adif, o informe da Unión Internacional de Ferrocarrís referente á posta en servizo dos treitos galegos e o seguimento da construción do AVE en Galicia.

A esta moción presentouse unha emenda conxunta, documento 21309, dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

*(Os Grupos Parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada Abel Losada Álvarez e Carme Da Silva Méndez respectivamente, a través dos seus portavoces e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte emenda á moción do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do Plan estratéxico 2006-2020 do ADIF, o informe da Unión Internacional de Ferrocarrís referente á posta en servizo dos treitos galegos e o seguimento da construción do AVE en Galicia (07/MOC-0062, doc. núm. 20839).*

*Emenda de modificación:*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que esixa do Goberno Central a adopción de todas as medidas necesarias para acelerar a execución das liñas de alta velocidade comprometidas e concretamente: AVE - Eixo Atlántico (Tui - Vigo - A Coruña - Ferrol), AVE Lubián - Ourense, AVE Ourense - Santiago, AVE Ourense - Vigo, AVE Ourense - Lugo.”)*

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a moción ten a palabra o señor Gómez Alonso.

**O señor GÓMEZ ALONSO:** Gracias, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, señorías, resulta francamente sorprendente que nestes pasados quince días de campaña electoral tan só a vicepresidenta do Goberno da nación, a señora de la Vega, e o señor presidente do Goberno, o señor Zapatero, falaran do AVE galego.

Resulta chamativo o silencio sepulcral do señor presidente da Xunta e do señor Caballero respecto ao tren de

alta velocidade e, en especial, do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo.

Señorías, ¿que pasou, que mudou, para que nestes quince días de campaña electoral vostedes non foran capaces de facer un novo anuncio ou promesa en torno a esta materia? ¿Que foi o que pasou para que por parte do Partido Socialista de Galicia o AVE Vigo-Ourense por Cerdedo desaparecera do mapa do debate político-electoral nas pasadas eleccións municipais?

Iso si, do que si se encargou o Partido Socialista foi de porlle notas curiosas ao AVE do noso país. Temos a ocorrencia do señor Bugallo, de facer un teleférico dende o que vai ser a futura estación do AVE en Santiago co monte Gaiás. E temos como nota salientable, e a máis cómica, pois o famoso “tren chú- chú” do señor Orozco, porque será o único AVE co que contará esta cidade tendo a Magdalena Álvarez como ministra de Fomento.

A maiores destas ocorrencias, si me gustaría destacar as manifestacións do señor vicepresidente da Xunta sobre as liñas de alta velocidade, aínda que foran incorrectas.

O señor Quintana trabucouse cando afirmou que os populares tan só nos encargamos de falar do que el denominou taxativamente como “maldito AVE á Meseta” nas eleccións. O señor vicepresidente trabucouse. O señor Quintana ou ben debería de falar máis coa súa voceira de infraestruturas ou co seu deputado que o representa en Madrid, o señor Francisco Rodríguez. Porque nesta Cámara e fóra dela si que se fala moito do tren de alta velocidade.

Dende o ano 2002 o AVE en Galicia é un dos temas estrela do Parlamento galego. No ano 2004 –como vostedes ben saben– chegamos a acordos históricos sobre os seus prazos de finalización. Cando o Partido Popular tiña responsabilidades de goberno deixou deseñado e programado todos os proxectos construtivos dos AVE galegos, cos seus máis de 900 quilómetros, e cun investimento superior a 7.000 millóns de euros. Deixamos sentadas as bases para a súa construción e posta en servizo do AVE da terceira xeneración.

Lembrarán tamén as súas señorías que coa chegada de Magdalena Álvarez ao Ministerio de Fomento os debates

desta área cobraron un especial protagonismo en todas as cámaras de representación existentes. Nunca se falou tanto de AVE, nin no Congreso nin no Senado nin no Parlamento nin neste Parlamento nin nos concellos do noso país. No noso país dende que o Partido Socialista chegou ao poder o AVE pasou de ser unha infraestrutura realizable, viable –en definitiva, un proxecto constatable e posible–, a unha idea e unha ilusión que parece en ocasións que forma parte máis do imaxinario social dos que estamos nesta Cámara e dos que xeneran opinión pública. Por iso este grupo parlamentario mantén vivo este debate na Cámara galega. Fixémolo cando éramos Goberno e estámolo a facer dende a oposición. Sempre levamos a iniciativa. A resposta por parte do Goberno sempre é con evasivas e ataques. A Xunta carece de solvencia para afrontar este debate, señorías. Buscan todas as argucias dialécticas para non responder á opinión pública ou ben para desmentir o que esta publica nos xornais do noso país. Recurren constantemente á manipulación e ás medias mentiras, que son a peor das falsedades, e sempre baixo a tónica de eludir responsabilidades. E así aconteceu unha vez máis na pasada sesión desta Cámara cando debatimos a interpelación sobre os plans do Adif para o ano 2010. E non nos quedaron respondidas as preguntas que lle formulamos á máxima responsable da Política Territorial no noso país. Formulamos preguntas e aínda buscamos respostas a cuestións tan sinxelas como saber por que antes de que remate o ano 2007 quince millóns de españois en dazasete capitais de provincias terán liñas de alta velocidade e non haberá ningunha cidade galega.

Queremos tamén saber, porque non se nos respondeu nin se nos valorou, que pensa a Xunta de Galicia sobre que o Adif, no seu plan estratéxico 2006-2010, cun investimento superior aos 23.400 millóns de euros, prevea pór en servizo máis de 1.150 quilómetros de liñas de alta velocidade e ningunha en Galicia, e ningunha en Galicia. Pero é que non está previsto tan só no Adif, é que non o ten previsto nin o [...] nin a Dirección Xeral de Ferrocarriles. Por tanto, no ano 2010 non haberá un só quilómetro en servizo nin por parte do Adif nin do [...] nin de ferrocarriles. Ningunha entidade adscrita ao Ministerio de Fomento nin o propio Ministerio de Fomento teñen previsto pór en servizo un só quilómetro de AVE para o noso país.

Señorías, eu recoñezo que a nosa insistencia é teimuda, pero non sen razón, mais todo o contrario, está lexitimada

porque representamos xa o maior número de cidadáns e porque somos a voz dunha demanda social e clamorosa de moitos cidadáns.

Nós presentamos hoxe unha moción cun obxectivo claro, o primeiro, que por parte dos grupos que apoian ao Goberno recoñezan que existe un retraso de tres anos en todos os proxectos construtivos do AVE do noso país; en segundo lugar, para insistir en que é necesario voltar a retomar unha comisión de seguimento para que dende o Parlamento de Galicia, onde estamos os deputados que representamos a todas as galegas e os galegos, sepamos oficialmente cal é o estado construtivo de todas as liñas previstas para o noso país. E o máis importante, que é o que hoxe nós tentamos someter a votación: pedimos que dentro deses procesos construtivos fixemos obxectivos na súa tramitación, porque se o retraso é evidente, se o seguimento non se fai dende este Parlamento, pero o BOE nunca minte, o BOE está aí, evidentemente, nos parece que o razoable é pórle deberes ao Ministerio de Fomento. Señorías, é, por tanto, necesario facer das infraestruturas unha cuestión de país, porque é bon para Galicia que cheguemos a un acordo unánime para facer forza en Madrid sobre investimentos, sobre prazos de finalización e para que vislumbremos, dunha vez por todas, dun xeito serio e viable, a construción do AVE no noso país.

Podemos falar de que o AVE en Galicia se divide en catro grandes liñas: temos o eixo atlántico, que vai dende Ferrol ata a fronteira portuguesa; temos a liña Madrid-Galicia, na cal cobra un especial protagonismo o AVE Vigo-Ourense por Cerdedo e o AVE Santiago-Ourense; podemos tamén considerar unha liña independente nun sentido formal, o AVE interior, que está absolutamente desaparecido dos plans do Ministerio de Fomento; e, o cuarto, o AVE transcantábrico. Como vostedes ben saben, pois foi derogada a encomenda de xestión ao Adif, que era o encargado de construír esta importante liña para conectar catro comunidades autónomas.

Se analizamos o estado construtivo do AVE do eixo atlántico, a conclusión é que este non se vai a rematar ata o ano 2014. Se vemos o que acontece entre A Coruña e Santiago resulta que a meirande parte dos subtramos están en obras e moi poucos quilómetros en servizo. Se vemos o que acontece entre Santiago e Pontevedra, tan só están en obras algúns dos seus tramos. Entre Padrón e Vilagarcía está iniciada tan só a

redacción do proxecto construtivo. E, recentemente, entre Pontevedra e Vigo, o propio Fomento anunciou a adxudicación da redacción destes proxectos construtivos.

Nós fixamos unha serie de obxectivos temporais en base á tramitación actual para todos e cada un dos tramos e subtramos do AVE do noso país. Parécenos, honestamente, que é unha proposta seria e congruente, e precisamente para conquistar os famosos anuncios do señor Zapatero. E por iso nos chama enormemente a atención que na emenda presentada polos grupos parlamentarios que apoian ao Goberno nin siquiera se atrevan a fixar a data do ano 2012 proposta polo señor Zapatero e ratificada tempo atrás polo señor Touriño e a señora conselleira de Política Territorial.

Señorías, pedimos que rectifiquen a súa posición. Pedimos que retiren esa emenda. Pedimos, por tanto, apoio á nosa moción. Porque, miren, xa está ben de tanto engaño ás galegas e aos galegos. E xa é hora de que falemos, unha vez máis, como o fixemos cando gobernaba o Partido Popular, en serio das liñas de alta velocidade para o noso país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Gómez Alonso.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

En primeiro lugar, a señora Da Silva Méndez, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra.

**A señora DA SILVA MÉNDEZ:** Grazas, señora presidenta.

Señoras diputadas, señores deputados, bos días.

Non é posíbel recoñecer, señor Gómez Alonso, un retraso de tres anos nas infraestruturas ferroviarias galegas. A nós, desde logo, ao Bloque Nacionalista Galego, nos podería, nos gustaría –perdón– poder recoñecer iso, poder recoñecer que as infraestruturas ferroviarias galegas teñen un retraso de tres anos. Pero, como vostede ben sabe, e como sabemos todos os galegos e galegas, o retraso é de moito máis, o retraso é de moitos anos. Polo tanto, como xa dixemos en diversas ocasións neste Pleno, no que se debateu ao

respeito das infraestruturas ferroviarias galegas en distintos dos seus aspectos, o retraso é de décadas. As infraestruturas ferroviarias galegas teñen acumulado un retraso histórico. Polo tanto, lamentamos non poder aceptar un retraso de tan só tres anos.

É imprescindible, según a opinión do noso grupo parlamentar, actuar nunha dobre dirección ao respecto das infraestruturas ferroviarias galegas. Por un lado, impulsar con claridade e contundencia as infraestruturas ferroviarias de altas prestacións incluídas no PEIT –o AVE para entendernos–, traballo no que instamos a que se comprometa aínda máis enerxicamente a Xunta de Galiza, conscientes do seu compromiso con esta infraestrutura ferroviaria. E que, fundamentalmente, aquelas redes que estruturan unha rede ferroviaria de comunicación completa en Galiza con Portugal e coa Meseta, como serían, como vostede describiu antes, o eixo atlántico na súa totalidade, dende a fronteira portuguesa até Ferrol, a liña fundamental de conexión coa Meseta, Ourense-Lubián, Ourense-Santiago, Ourense-Vigo e Ourense-Lugo, porque permiten estruturar as comunicacións de altas prestacións de Galiza e as comunicacións co exterior. E hai unha segunda dirección na que é necesario actuar nas infraestruturas ferroviarias en Galiza, que é na mellora tanto do material como dos servizos prestados pola rede convencional.

No tocante á primeira dirección de intervención, entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego que é imprescindible unha actuación no eixo atlántico no sentido de axilizar o tramo Vigo-fronteira portuguesa, coa declaración de impacto ambiental, axilizar o estudio informativo do tramo Betanzos-Ferrol, porque o outro xa se someteu a exposición pública, acelerar a redacción dos proxectos pendentes entre Catoira e Vilagarcía. Hai, evidentemente, coincidencia, e entendemos que entre todos os grupos parlamentares, na necesidade de axilizar o eixo atlántico, dada a importancia que ten e dada o nivel de usuarios e o incremento da súa competitividade, o significado que tería para o transporte ferroviario en Galiza. Pero tamén teño que decirlle que foi a insistencia do Bloque Nacionalista Galego, non deixar nunca de insistir na importancia do eixo atlántico, o que fixo que tamén pasase á primeira liña e que hoxe esté na situación na que está.

A vostede gústalle moitísimo citar ao deputado nacionalista no Congreso, Francisco Rodríguez, e eu o entendo. Xa

Ilo dixen en outra ocasión, non pode acudir aos deputados do Partido Popular para falar da reivindicación das infraestruturas ferroviarias galegas e ten –do que me alegro– que insistentemente acudir aos deputados nacionalistas no Congreso. E ten lóxica, só os deputados nacionalistas son os únicos que só defenden os intereses de Galiza. A vostedes, membros do Partido Popular, non lles pasa o mesmo.

Adxudicáronse recentemente as obras dos tramos pendentes: As Maceiras-Redondela, Redondela-Soutomaior, Soutomaior-Vilaboa e Vilaboa-Pontevedra, o 26 de maio. E nós pensamos que é importante que cando se fan estas adxudicacións de obras se adxudiquen tamén as instalacións de seguridade e non pase como na variante de Portas, e, polo tanto, que se axilice tamén a adxudicación destas instalacións de seguridade e non nos vexamos con retrasos como consecuencia de obras que non tiñan instalacións imprescindibles previstas.

Hai outro tramo que é moi importante, que é Ourense-Lubián. Non fai falta que lle diga a vostede nin a ninguén do Partido Popular a importancia que sempre lle deu o Bloque Nacionalista Galego ao tramo Ourense-Lubián. É importante axilizar a elaboración dos proxectos construtivos, dos xa adxudicados, como dos adxudicados recentemente –estes concretamente o 17 de maio–. A verdade é que o 17 de maio é unha data moi importante para a nosa nación, e este maio a min veume á cabeza con estas adxudicacións “Ben veñas, maio”, porque a verdade que foi un mes de maio no que en Galiza houbo un impulso a esas adxudicacións de tramos das infraestruturas ferroviarias que supoño que terán que ver exclusivamente con que maio é un mes, pois, florido e maio é un mes no que a fertilidade da natureza tamén se transforma, á parte de coñecido por milagros no país próximo. Pois conseguiron este mes de maio que se axilizasen adxudicacións que, benvidas sexan. Polo tanto, e dada esta recente adxudicación e os prazos que ten, é necesario axilizar eses proxectos construtivos, xa que un prazo de dezoito meses para a elaboración deses proxectos fai prever que non empezarán as obras antes do 2009.

Outro tramo importante é Ourense-Santiago, que hai que resolver o trazado, por parte de Fomento, do tramo Vedra-Dornelos-Boqueixón.

Ourense-Vigo é un tramo, como vostede sabe, moi importante, pero os avatares históricos da conexión ferro-

viaria entre Ourense e Vigo non fai falta que as relate neste pleno, porque son ben coñecidas.

Ourense-Lugo é outro tramo fundamental para a integración de Lugo na alta velocidade, para que esa provincia non se quede fóra das prestacións ferroviarias, sobre todo tendo en conta que as previsións de desenvolvementos loxísticos nesa provincia fan que as conexións ferroviarias Ourense-Lugo e Ponferrada-Monforte adquiran unha importancia especial.

Pero tamén hai que actuar nunha segunda dirección, que é reivindicar a capacidade galega para xestionar e planificar a súa rede convencional, sobre todo tendo en conta o importante investimento que a Xunta de Galiza está facendo nesta rede convencional, que é fundamental para vertebrar as conexións ferroviarias en Galiza, facela competitiva e remarcar coa obsolescencia que teñen estas vías.

A nosa enmenda vai dirixida a facer un chamamento a Fomento, a facer un chamamento a que se cumpran as previsións e se planifique adecuadamente as infraestruturas ferroviarias galegas. Pero, desde logo, o que non vamos aceptar desde o Bloque Nacionalista Galego –e xa llo dixen noutra ocasión– son prazos irrealistas como os que aparecen na súa moción, que só pretenden contribuír a converter en normal –entendendo por normal, habitual– unha situación sistemática de incumplimento coas infraestruturas ferroviarias galegas.

O Partido Popular, coa súa insistencia en introducir prazos, consciente de que eses prazos non son cumpribles co estado no que vostedes deixaron as infraestruturas ferroviarias en Galiza, conscientes deso, insisten unha e outra vez en introducir estes prazos nas súas propostas para xenerar un incremento do escepticismo que xa ten a sociedade galega respecto das infraestruturas ferroviarias despois de tantos anos de propaganda por parte dos gobernos do Partido Popular.

Eu solicito desde o Bloque Nacionalista Galego que, se realmente queren que a rede de infraestruturas ferroviarias galegas adquira o impulso necesario para que se remate nun horizonte temporal aceptábel para a sociedade galega, acepten a enmenda; unha enmenda pensada como un punto de partida para ter unha posición conxunta diante do Ministerio de Fomento e unha emenda pensada para deixar atrás incumplimentos.

Desde logo, vostede dixo que o Partido Popular, cando gobernaba en Madrid, deixara un AVE realizábel. O anterior portavoz do Partido Popular, na moción anterior, dixo que quería que os galegos soñásemos. Vostede o que fixo na súa intervención foi fabular, porque é fabular decir que a previsión de investimentos, coa raquílica aportación orzamentaria que había para as infraestruturas ferroviarias en Galiza nos orzamentos do Estado, convertían as infraestruturas ferroviarias galegas en realizábeis. No Bloque Nacionalista Galego con estas cousas non queremos fabular. Seguiremos traballando, como xa estamos facendo, para a mellora e para que se cumpla a necesidade de dotarnos dunhas infraestruturas ferroviarias adecuadas. Desde logo, non vamos contribuír á confusión e a xenerar na sociedade galega máis escepticismo do que xa ten polas actuacións do Partido Popular tanto no Goberno central como en Galiza. Con eso nunca conten con nós. Xa llo dixen en outras ocasións, o tema é moi importante como para falar del con seriedade. Os prazos na súa moción non son executábeis, vostede sábeo perfectamente, e, polo tanto, empece-mos novamente a falar en serio deste tema.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora da Silva.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Bueno, certamente o Partido Popular e o ferrocarril teñen unha relación tormentosa, porque o inefable expresidente Aznar no ano 1992, xusto antes de inaugurarse o AVE de Madrid-Sevilla, chamoulle exactamente “rapidillo de Sevilla”, que iba ser un fracaso e un fiasco económico. Por certo, o fixo non nunha celebración vitivinícola senón nunha declaración oficial co señor Javier Arenas. *(Aplausos.)*

Posteriormente, o señor Álvarez Cascos publicitou convenientemente o AVE Madrid-Barcelona, e o deixou cando saliu do Goberno, a 200 quilómetros por hora, con serios problemas de seguridade e ca necesidade dunha revisión de proxectos que fai que aínda agora, tres anos despois, acade

exclusivamente os 300 quilómetros por hora de velocidade máxima e non chegue á velocidade de aquel “rapidillo de Sevilla” que fixemos os socialistas. Polo tanto, señor Gómez, en fin, non vaia á historia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ya, ya. Ya, ya.

Bueno, vostede sigue mentindo, e se montou a interpelación sobre unha mentira, sobre que o contrato-programa do Adif non recollía os fondos da liña Ourense-Santiago. Lle dixemos que si, 2.124 millóns de euros. Agora mesmo acaba de decir vostede que se acaban de licitar os proxectos construtivos dos cuatro tramos do eixo atlántico entre Pontevedra e Vigo. Sabe perfectamente que é mentira, que o que se licitou foi a construción da obra. E sigue mentindo, e vén aquí e minte sistematicamente vostede e o seu partido. Pero os cidadanos, os cidadanos, fan o que teñen que facer, votan, e vostedes están na oposición, en Madrid, eiquí, e afortunadamente tamén en Pontevedra, en Vigo, en Santiago de Compostela, na Coruña, en Lugo, en Ourense e en Ferrol e en Vilagarcía. Señor Gómez Alonso, empece a pensar un pouco que a mentira e a demagogia non leva a ningún lugar nin falando do AVE nin falando de ningún outro tema, nin falando de ningún outro tema.

Quérolle decir tamén unha cuestión en relación co compromiso do Partido Socialista e do Goberno socialista, e tamén co compromiso dos deputados socialistas galegos no Parlamento de España. Porque, sen dúbida, sen dúbida, o esforzo presupostario sen precedentes que sitúa a inversión media en Galicia per cápita no 130% da media española, cando con vostedes no Goberno, naqueles momentos de “España va bien” e de “déficit cero” non acadaba máis alá do 70% no mellor dos anos. Polo tanto, déixense tamén de mentir en termos de compromiso do Goberno central con Galicia, déixense de mentir tamén neso, se é posible. Evidentemente, non é posible, porque o problema claramente é estrutural.

O esforzo inversor, o esforzo inversor na rede ferroviaria, eu a verdade é que me costa a veces repetir unha e outra vez os datos, pero a verdade é que a súa insistencia, esta especie de contumacia aí, en fin, apostolado, esa especie de apostolado seglar, bueno, pois fai que sexa necesario.

Mire no ano 2007, 1.600 millóns de euros; o 8% da inversión total en España. Por certo, os seus correligionarios

de outras provincias e de outras comunidades autónomas protestaban airadamente en Madrid polo trato de favor que o Goberno do señor Zapatero daba á Comunidade Autónoma de Galicia. Van a ter que poñerse de acordo os dazasete porque, se non, o van a ter complicado.

Galicia ten o 6% da poboación de España e o 5,1% do seu produto interior bruto, e recibe o 8% das inversións. Si eso non é compromiso, vostedes mesmos, porque, cando vostedes gobernaban, no ano que maior porcentaxe tuvo o Goberno de Aznar de inversión pra Galicia, foi o 4,5%, practicamente a metade do que ten no ano 2007.

E bueno, podemos seguir falando da situación das distintas liñas, desas todas que vostede, na súa moción, pois detalla –como ben dicía a voceira do BNG– con prazos absolutamente irrealizables. É unha especie de brindis ao sol, non sei si mediático, si con intereses internos de partido, en fin, se me escapa cal é o obxectivo. Desde logo, está moi claro cal non é o obxectivo, e é conquistar que, efectivamente, as inversións de Fomento en Galicia leven o ritmo máis axeitado e máis rápido posible; que é, por certo o que quere o Goberno de España e, dende logo, o que quere o Goberno de Galicia e os dous grupos parlamentarios que o sustentan, sen dúbida. Quen, dende logo, parece que non o quere, ca continua inyección de mentira e de desánimo, é o Grupo do Partido Popular. E, volvo a repetir, os resultados electorais algo, algo, lles deberían de ensinar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eixo atlántico... Si, si, ganaron na oposición, efectivamente. Eixo atlántico. Deixaron unicamente tres tramos en servizo, trece tramos sin iniciar os proxectos. Empezou falando vostede –por certo, non sei moi ben por que– da cidade de Vigo e do seu futuro alcalde. Terán que explicar por qué todos os tramos entre Santiago de Compostela e Vigo estaban sen iniciar os proxectos construtivos. Terán que explicarllo aos cidadáns de Pontevedra e de Vigo, porque supoño que algunha razón haberá. O certo é que era obxectivamente así, e usted o sabe, aínda que saírá aquí e dirá que é falso; pero sabe perfectamente que é así.

Neste momento, efectivamente, salvo o tramo Vilagarcía-Padrón, que se está a realizar o proxecto construtivo, o resto dos tramos están licitados e en obras. E, por certo, entre Pontevedra e Vigo, todos eles licitados as obras, todos eles,

os cinco tramos, cunha inversión total de 360 millóns de euros. Se estos non son compromisos, señor Gómez Alonso, pois bueno, continuamos no discurso habitual.

Da mesma maneira –e supoño que agora que llo repito por terceira vez seguro que é capaz de entendela–, o convenio de xestión directa asinado entre o Ministerio de Fomento e a Sociedade Estatal de Infraestructuras de Transportes (SEIT), firmado pra construción do tramo Olmedo-Medina do Campo-Zamora, 92 quilómetros e 370 millóns de euros, vai a permitir que, en canto se rematen os proxectos construtivos que realiza a Dirección Xeral de Ferrocarriles do Ministerio de Fomento –como ben lle dixen xa na intervención da interpelación, pero que vostede bueno, pois perseverara no error, pero, en fin, ¡que lle vamos a facer!–, será posible iniciar as obras, licitar as obras. Exactamente o mesmo vai ocorrer co tramo Zamora-Lubián, que son os tramos, digamos, antecesores ou antecedentes do tramo Lubián-Ourense. E, efectivamente, o tramo Lubián-Ourense, que é o que leva máis retraso pero, en todo caso, sabemos de donde partíamos, partíamos, seguro que o recorda, e se non o recorda, tendo en conta que o señor Álvarez Cascos veu dar un paseño por Galicia na campaña electoral, seguro que puideron falar do tema, unha liña única cunha velocidade punta de 140 quilómetros por hora; eso é o que o señor Álvarez Cascos deixou entre Ourense e Lubián, como vostede ben sabe *(Aplausos.)*, como vostede ben sabe. E, por certo, non sólo o sabe vostede senón que tamén estaba recollido nos informes da consellería que presidía nese momento o presidente actual do Partido Popular.

Bueno, pois tamén neste caso, no caso de Ourense-Lubián, quedaban catro tramos por licitar os proxectos construtivos. Pois están xa licitados, e, polo tanto, neste momento o tren de alta velocidade entre Madrid, digamos, ou Olmedo, e Ourense, están licitados os proxectos construtivos de toda a obra, e, polo tanto, eso significa o inicio, digamos, da materialización física destes compromisos presupostarios.

Señor Gómez Alonso, nós presentamos unha emenda construtiva. Efectivamente, apoiar a Xunta de Galicia pra que esté ocupada e preocupada en que o Ministerio de Fomento cumpra os compromisos e cumpra os prazos o máis axiña posible. O que non vamos a facer en ningún caso é intentar enganar os galegos, e xa non digo con medias verdades, digo exclusivamente, en algúns casos, con mentiras.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Losada Álvarez.

Ten a palabra o señor Gómez Alonso para o seu turno de posicionarse sobre as emendas.

**O señor GÓMEZ ALONSO:** Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señores voceiros, alégrome que a señora voceira de infraestruturas do Bloque Nacionalista Galego houbera cambiado o tono da súa dialéctica. Teño que dicir que, seguramente a raíz de que por parte deste voceiro do Grupo Popular pois se cite tanto ao señor Francisco Rodríguez, pois seguramente falará máis co señor Francisco Rodríguez e empezará a contaxiarse do que debe de ser un espírito combativo e crítico contra quen non fai nada a prol das infraestruturas do noso país. Felicítola porque vai polo bo camiño, e poderemos chegar no futuro, se vostedes así o consideran, a un bo entendemento.

Mire, no que si non estou de acordo, pese a que xa escomezou a ir pola boa senda parlamentaria, é que me afirme rotundamente que o que nós propomos na nosa moción, eses prazos de tramitación en base ao estado actual dos proxectos construtivos... Tamén teña en conta que cando presentamos a moción foi fai vinte ou vinte e cinco días antes das eleccións, e, polo tanto, anterior aos posteriores anuncios do Ministerio de Fomento. Eu quero preguntarlle a vostede se para o AVE Ourense-Vigo por Cerdedo, vostede considera que non é posible de asumir que se someta de inmediato a información pública o estudio informativo antes do 30 de xuño do ano 2007. ¡Se leva 38 meses en redacción ese estudio! ¿É inasumible pedir esto, señora Da Silva? ¿Verdad que non é inasumible?

Vostede sabe que este grupo parlamentario e o seu grupo estivemos apoiando aos traballadores de Ramsa porque están preocupados sobre cál vai ser o trazado e o grado de afectación do AVE por Vedra, Dornelas, Boqueixón; en Ourense-Santiago. Nós formulamos unha pregunta parlamentaria, tanto na comisión de Industria como na comisión

de Obras Públicas. ¿É inasumible solicitar que se adopte unha decisión definitiva antes do 30 de xuño deste ano, señora Da Silva? ¿É inasumible? ¿É imposible que se adopte unha decisión antes do 30 de xuño? ¿Verdad que non?

Despois tamén me chama enormemente a atención o medo que lle ten este grupo, os grupos parlamentarios que apoian ao Goberno e o propio Goberno, a proceder ao que nós consideramos un procedemento moi axeitado para acelerar a construción das infraestruturas, que é o procedemento da licitación conxunta do proxecto e obra. No propio Ourense-Santiago, o Ministerio de Fomento, cando estaba o señor Cascos, adoptou ese procedemento para Ourense-Santiago, e o primeiro que fixo a señora ministra de Fomento cando chegou ao Ministerio foi derogar esa licitación conxunta do proxecto. ¿Cal é o problema? O problema, señor Losada, é que por parte da ministra de Fomento non se quere facer o AVE no noso país. E vostede eso sábeo. A diferenza entre vostedes e nós é que nós podemos traer aquí ao señor Cascos e o señor Cascos pode dicir o que fixo por Galicia e vostedes non poden traer á señora ministra de Fomento, porque entonces nos afundiría as sete grandes cidades de Galicia. (*Aplausos.*) Esa é a verdade. Nós podemos presumir do traballo desenvolto polo ministro de Fomento Álvarez Cascos, co noso ex conselleiro de Política Territorial, e vostedes non. Esa é a diferenza. ¿Por que non trouxeron a Magdalena Álvarez a dar mítines ao noso país? Porque perden votos. Perden votos, señor Losada. Nós podemos traer ao noso ex ministro e a calquera dos nosos ex ministros porque fixeron un bon traballo, e diso vós non podeades presumir. Esa é a diferenza entre vostedes e nós, sobor de todo en infraestruturas. ¡Oiga! E se tan boa é a señora Magdalena Álvarez, dado que ao longo de toda a precampaña se adicou a facer balance sobre o PEIT, ¿por que non o fixo en Galicia? ¿Cal é o balance do PEIT en Galicia, señor Losada? ¿Cal é o balance do PEIT en Galicia? ¿Vostede por que vén aquí a falar dos investimentos...? ¡Home!, xa llo dixó ao señor Cascos en Punta Langosteira: É que non lles queda máis remedio que adicar eses investimentos, porque o 97% do investimento polo Ministerio de Fomento en Galicia son obras licitadas polo Partido Popular e, polo tanto, ou se fan ou non se fan. E teñen a mala manía agora de atribuírse obras que deixou adjudicadas este partido cando tiña responsabilidades de Goberno na Xunta e no Goberno central.



E, miren, se tan seguros están de Fomento, se tan seguros están de Magdalena Álvarez, se tan seguros están de Zapatero, ¿por que o señor presidente da Xunta non asinou un convenio o pasado mes de febreiro cando o foi a visitar? ¿Cal é o problema de pór por escrito os prazos de finalización das obras nun convenio por escrito, se tan firme é a vontade do señor Zapatero e de Magdalena Álvarez? ¿Por que non?

Mire, outra diferenza entre vostedes e nós é que quen vai ser o candidato á Presidencia do Goberno polo Partido Popular e vindeiro presidente do Goberno, polo Partido Popular, da nación, o señor Rajoy, si o asinou, e o fixo en Vigo. E dixo, vostedes non poden presumir, e xa llo dixen máis dunha vez: Se de algo non nos podeades dar leccións é de infraestruturas, señor Losada, é de infraestruturas, señor Losada.

E para rematar, miren, volvendo ás citas que tanto lle gustan ao noso amigo...

**A señora PRESIDENTA:** Pero para rematar é que ten que rematar, señor Gómez Alonso.

**O señor GÓMEZ ALONSO:** Remato. Para rematar, con citas. Mire, a diferenza é que, como dicía Hayeck —e así o apuntan no seu ideario—, “uns procuramos a vía da liberdade, e outros estannos a servir un mísero camiño de servidume.”

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

Señor Gómez Alonso, da emenda non dixo nada. ¿Da emenda nada?

Gracias. É que este turno é xustamente para que vostede se posicionara sobre a emenda.

Votamos, por tanto, as mocións.

Péchanse as portas.

Votamos, en primeiro lugar, a moción documento 20839, que se acaba de debatir. Se vota o texto literal porque non foi aceptada a emenda.

Votamos.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Presentes na Cámara, 74. Votos afirmativos, 36; negativos, 38.

Queda, por tanto, rexeitada esta moción.

Votamos agora o documento 20840, que entendo que hai un texto transaccionado, señor Tahoces. (*Pausa.*) ¿Si?

Déanlle voz, por favor, ao escano do señor Tahoces.

**O señor BERNARDO TAHOCES:** Señora presidenta, que eu saiba, a emenda presentada polo Partido Socialista non chegamos a un acordo. A emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego efectivamente chegamos a unha transacción. Por tanto, se quere, leo a transacción. Vótanse as emendas por separado, se lle parece ben, e leo a transacción. ¿Parécelle?

**A señora PRESIDENTA:** Vostede lea a transacción. E a transacción é a totalidade do texto ¿non? ¿A transacción significa un texto alternativo?

**O señor BERNARDO TAHOCES:** Si, un texto.

**A señora PRESIDENTA:** Pois léaa, por favor.

**O señor BERNARDO TAHOCES:** “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a trasladar á Comisión Europea, a través dos condutos oportunos, o apoio deste Parlamento ás observacións formuladas pola Xunta de Galicia ao expediente” —abro aspas— “Axuda estatal C 3/07” —ábrese parénteses— (EXNN/66/06) —péchase paréntese—, tarifas reguladas de electricidade en España”.

Señora presidenta, se lle parece o pasarei aos servizos da Cámara, e simplemente permítame facer unha última reflexión.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias. Non. Moitas gracias.

**O señor BERNARDO TAHOCES:** Unha última reflexión.

**A señora PRESIDENTA:** Non, señor Tahoces, moitas grazas.

Era o momento simplemente de ler o texto transaccionado, polo tanto sométese a votación.

*(Pide a palabra o señor Fernández Leiceaga.)*

¿Si, señor Fernández Leiceaga?

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, señora presidenta. Simplemente para indicar que nós propuxemos unha transacción que dicía –era introducir un inciso–: “Así como aquelas coincidentes do Ministerio de Industria”. Ese era o texto da nosa transacción. Fíxose alusión a ese texto.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Imos someter a votación se lles...

*(Pide a palabra o señor Blanco Parga.)*

A ver señor Blanco... *(Pausa.)* Mellor, moitas grazas.

Imos someter a votación, se lles parece, o texto transaccionado, a non ser que o Grupo Parlamentario Socialista pretenda que se vote tamén a súa emenda, ou sometemos a votación simplemente o texto transaccionado. *(Murmurios.)* ¿Que pasa?

Sometemos a votación, polo tanto, o texto transaccionado.

Votamos.

*(Votación.) (Pausa.)*

Presentes na Cámara, 74. Votos afirmativos, 74.

Queda, por tanto, aprobado por unanimidade o texto transaccionado desta moción.

Votamos finalmente a moción documento 20841, á que non se lle presentaron emendas.

Votamos.

*(Votación.) (Pausa.)*

Presentes na Cámara, 74. Votos afirmativos, 36; negativos, 38.

Queda, por tanto, rexeitada esta moción.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Manuela López Besteiro e tres deputados máis, sobre a apertura do proceso de negociación coa plataforma de profesores interinos previo á celebración das oposicións, así como a adquisición dos compromisos mínimos solicitados por esta en relación coa estabilidade nos seus postos de traballo**

**A señora PRESIDENTA:** Pasamos agora ás proposicións non de lei comezando polo da Grupo Parlamentario Popular sobre a apertura do proceso de negociación coa plataforma de profesores interinos previo á celebración das oposicións así como a adquisición dos compromisos mínimos solicitados por esta en relación coa estabilidade nos seus postos de traballo.

A esta proposición non de lei non se lle presentaron emendas.

Para formulala ten a palabra a señora López Besteiro.

**A señora LÓPEZ BESTEIRO:** Grazas, señora presidenta.

Señorías, eu creo que todos estamos de acordo en que fomentar a estabilidade é unha das maiores preocupacións da nosa sociedade, por canto a precariedade no traballo condiciona todos os aspectos da vida e todas as decisións sobre o futuro, especialmente o futuro da xuventude e das familias. Pero cando falamos de precariedade dos profesores, aos aspectos subliñados hai que engadirilles moitos outros que teñen un efecto multiplicador –pero multiplicador en negativo– sobre a eficacia e a calidade do sistema educativo, porque os cambios sucesivos de profesores repercuten moi negativamente sobre a calidade e a eficacia da educación; e, desde o punto de vista individual de cada alumno, sobre o seu rendimento educativo. E esta precariedade se reproduce absolutamente todos os anos creando unha gran inseguridade persoal e familiar.

Como saben todos vostedes, a estas alturas, pero tamén seguramente o día 1 de setembro, entre 3.000 e 4.000 profe-

sores interinos e substitutos non saben se terán ou non un posto de traballo, se de ser o caso de telo, en qué punto de Galicia traballarán, dónde deberán de buscar vivenda para vivir e ónde escolarizarán os seus fillos. E isto ocorre un ano tras outro, e, como antes decía, repercute sobre os centros, repercute sobre os profesores, pero repercute sobre as súas familias.

O día 1 de setembro, a inmensa maioría dos colexios tampouco saben qué profesor se vai encargar dalgunha das áreas, dalgún dos ciclos ou dalgún dos cursos, e eso bloquea totalmente a concepción dos horarios que en teoría tiñan que estar xa confeccionados. Os alumnos rompen sistematicamente a continuidade dos ciclos, que, como saben vostedes, teñen que ir, por lei, co mesmo profesor; pero esa lei queda anulada na práctica, perdendo a eficacia educativa. Por isto, en anos anteriores fóronse dando pasos importantes. Hai recomendacións da Unión Europea. Hai recomendacións do Defensor do Pobo, e se foi avanzando –aínda que non todo o necesario, e así se recoñece– no fomento da estabilidade dos docentes.

As negociacións, por exemplo, da Mesa Xeral da Función Pública, que levaron á aprobación do Decreto 217 do ano 2003, e o acordo de educación do ano 95, que se foi actualizando con sucesivas addendas –a vostedes parece que moitas veces descalifican as addendas pero é unha forma de ir actualizando os acordos–, permitiron reducir a taxa de temporalidade dos docentes e ao mesmo tempo harmonizar nas sucesivas ofertas de emprego público o fomento da estabilidade e as necesidades de que os opositores –que, para entendernos, están na calle– se incorporen ao sistema. E se chegou a unha porcentaxe de temporalidade do 9%, un punto por riba das recomendacións do Defensor do Pueblo.

Pero nestes dous últimos anos, e a pesar dos anuncios da conselleira de que a estabilidade era a súa prioridade, o número de profesores con contratos en precario non só non se reduxo senón que se achega hoxe, según algún sindicato, ao 14%, e según outros ao 13%. Un incremento de 5 puntos en dous anos en temporalidade nos parece realmente preocupante.

A conselleira, ante a proposta de acordo, que os especialistas en educación neste Parlamento coñecen, feito polos sindicatos á vez e tamén pola plataforma de profesores afec-

tados, non chegaron a un acordo e pechouse en banda, totalmente en banda, e negouse a algo tan sinxelo como pedían os afectados e os sindicatos, que era abrir novas negociacións antes de publicar a oferta de emprego público de docentes. Non se fixo, a pesar de que houbo manifestacións, de que houbo folgas e de que houbo algún que outro incidente –vamos a chamarlle así– en San Caetano, porque, como saben vostedes, cando os profesores e máis persoal con problemas quixeron entregarlle ao presidente da Xunta un simple escrito, pasou o que pasou, e pasou o que pasou dentro de San Caetano. Ese parece ser o exemplo do diálogo aberto que está imperando neste momento na Xunta de Galicia.

Nosoutros, desde o Grupo Parlamentario Popular, pedimos algo, que é unha proposición non de lei de mínimos, pedimos que se abran negociacións con carácter de urxencia antes de celebrar as oposicións, de acordo co que pedían a plataforma de interinos e os sindicatos, e todavía estamos a tempo, todavía estamos a tempo. E pedíamos un punto máis: que se adquiran dous compromisos. Un, a garantía de estabilidade para todos os interinos durante o próximo curso, para que se poida negociar con calma, con tranquilidade, coa consellería e cos profesores e non suxetos a presión, e que dentro dese diálogo que pedimos que se abra garantir un acordo mínimo, un acordo, fíxense que decimos que contemple en anos sucesivos un tanto por cen mínimo de estabilidade, e non indicamos o tanto por cento, para que eso seña negociable, pero algo hai que contemplar, e tamén que se teña en conta que este proceso quede aberto, porque hai moitos profesores que están cercanos á xubilación e que todavía teñen contratos temporales. Pensen vostedes que hai profesores que están nos 50 anos ou que son maiores de 50 anos aínda cun contrato de interino; pensen que hai profesores que levan máis de quince anos traballando e que teñen un contrato de interinos; e pensen que hai profesores habilitados que este ano nin sequera se poden presentar á oposición.

Eu espero, señorías, que este debate non reproduza o xa sostido en comisión, na Comisión de Educación, que supuxo –vouno a decir con claridade– o entreguismo do BNG, que era o que presentaba a iniciativa. A iniciativa co BNG pedía, ao noso xuicio, pouco pero pedía algo, pedía que se abrisen negociacións antes da oferta de emprego e antes das oposicións e que se acordase nesas negociacións houberse un acordo de mínimos, pero como

a consellería –e vouno a decir con claridade– se empeorou, se empeorou, en que non había negociacións nin se recibían antes de que se celebrasen as primeiras, estas primeiras oposicións do novo sistema, a emenda de substitución; polo tanto, borrar dun plumazo a iniciativa do BNG e substituíla por a imposición da consellería, que era: que se celebren, se reúnan e que se inicien negociacións, pero despois do proceso das oposicións. Isto foi o que pasou. A nosa emenda pedía o que hoxe pedimos, exactamente igual, e como a emenda de substitución era un entreguismo total aceptala, nosoutros nos abstivemos dese xogo estraño no que non se defendían, ao noso xuicio, os intereses dos profesores.

E agora pedimos, señorías, claridade. Non quixemos xogar a esa ambigüedad na que o BNG quedou varrido por unha emenda de substitución de toda a súa iniciativa, por parte do Grupo Socialista, e que dixo que lle parecía ben; lle parecía ben o que estaba decindo a consellería. Para eso non necesitábamos un debate na comisión. E eso está así de claro e, como está nas hemerotecas e todos o temos, invito a todos a que o repasemos. Nosoutros agora pedimos claridade aos dous grupos para coñecemento de todos e pedimos claridade á consellería, porque, miren, non se pode estar na misa e repicando. A conselleira non pode decir que vai a convocar oposicións para facer fixos a 1.500 profesores interinos porque, entón, eu lle teño que preguntar á conselleira cómo vai a facer: ¿pensa dar instrucións aos tribunales de oposición ou pensa respectar a independencia dos mesmos? E a min me gustaría eiquí coñecer esa opinión, porque se respecta a independencia non pode garantir cantos interinos van a aprobar oposicións. Insisto, neste momento, hai profesores habilitados –que o saben todos votedes– que nin sequera se poden presentar ás oposicións. Se lles di, por un lado, que teñen a obriga de presentarse e, por outro, se lles di que non, porque non teñen as condicións. Por se hai algunha dúbida, eiquí está a iniciativa do BNG, eiquí está a emenda do PSOE e eiquí está a emenda do PP, que se debatiron en comisión.

Moitas gracias, señora presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora López Besteiro.

Intervención dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Parga Núñez.

**O señor PARGA NÚÑEZ:** Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, bos días.

Vamos a ver, señora portavoz do Partido Popular, vostede nas súas intervencións quere poñer o branco como negro e o negro como branco a respecto do pasado e a respecto do presente. A súa iniciativa dá a sensación de que a presentan como si nunca gobernaran neste país. Parece que se deron hoxe conta, desde que están na oposición, que hai un problema de estabilidade dentro do profesorado do noso país.

O relato da exposición de motivos non ten ningún tipo de desperdicio; non ten ningún tipo de desperdicio cando fala da inxenuidade que está a provocar nos profesores interinos a falta de estabilidade, parece ser que eso é novo, que non sucedeu baixo os gobernos do Partido Popular. Tamén fala de que a eficacia do sistema educativo se resinte cos cambios sucesivos de profesores, que repercuten sobre o rendemento docente, iso tamén é novo, antes non lles preocupaba. Tamén falan de que se deron pasos importantes para fomentar a estabilidade do profesorado. Eso xa non é que seña que non se deron conta, é que eso é unha mentira auténticamente falaz. Neses acordos a que vostedes fai referencia o único que se contemplaba era a forma de acceso e a forma de confección das propias listas, nada máis e nada menos que eso, e as sucesivas addendas recollían algunhas condicións económicas e en canto a vacacións deste profesorado. Por tanto, eu lle rogaría que non minta porque ese acordo en ningún caso fomentou nin acordou un marco de estabilidade para o profesorado interino.

Polo tanto, tamén cando fala –non deixa de sorprender a este grupo–, cando fala das condicións retributivas do profesorado interino, que dice que tampouco se asemellan á dos profesores titulares, ¿e de quen é a responsabilidade, señora deputada, de que non se asemellen? Tamén fala de que se negocie cunha plataforma de interinos. Eu entendo que as negociacións deben facerse dentro da mesa sectorial, donde están todos os sindicatos representativos.

En definitiva, vostede fai un relato que parece e se asemella a que é un partido recién chegado a este Parlamento,

que nunca tivo responsabilidades de goberno e que, polo tanto, nos dispón e nos dibuxa unha realidade novidosa, e iso, pois, non é así.

A outro respecto, ¿que poderíamos dicir? Poderíamos dicir –e en esa parte si que concordamos– que nestes dous anos aumentou o número de interinos, aumentou o número de interinos e de substitutos. Efectivamente. ¿Por que? Porque fixeron moitas máis contratacións de persoal para cubrir carencias herdadas do seu goberno. Vostedes non contrataban, suprimían, suprimían; non había pacto de estabilidade, non había acordo de estabilidade, había supresións de postos de traballo. E, ademais, non convocaban ofertas de emprego público que se podan calificar como dunha oferta adecuada ás necesidades do noso sistema educativo. Por primeira vez este ano –xa o ano pasado foi importante, pero este ano é moitísimo máis importante– hai unha oferta importantísima de emprego público, máis de 3.100 novas prazas para reducir esa precariedade. Pero eso a nós aínda non nos parece suficiente, non nos parece suficiente, e por iso presentamos moitas iniciativas neste Parlamento, cando estabamos na oposición e cando estabamos no Goberno. Non hai ningún tipo de integrista, mantemos sempre a mesma posición. Cando vostedes gobernaban presentamos unha proposición non de lei instando a abrir un marco de negociacións sen condicións, instando a iso, o mesmo que instamos na proposición non de lei aprobada en comisión, instando a abrir un marco de negociacións. Non decíamos agora mesmo, como acaba de vostede dicir, simplemente instábamos a abrir un marco de negociacións. E a emenda que nós aceptamos é que ese marco de negociacións, esa apertura de negociacións, se faga despois do proceso das oposicións. E eso é a realidade dos feitos, non a que vostede intenta disfrazar ocultando o pasado e mentindo sobre o presente. Esa é a realidade.

E non lle vou a repetir o que xa lle repetín nas comisións, a posición do anterior conselleiro de Educación e de parlamentarios do seu grupo a respecto de establecer e abrir negociacións para acordar a estabilidade. Votaron sempre en contra destas iniciativas que o único que pedían era que se abriera un marco de negociacións que sistematicamente se negaron a abrir. Só regularon o procedemento para acceso a substitucións e ás interinidades, nada máis. Decía o señor Currás: “Non ten sentido un plan de estabilidade, porque supoñería” –decía el– “a conxelación da oferta de emprego

público docente”. Conxelaban oferta e non ofrecían estabilidade. Agora se vai iniciar un marco de negociacións e a maiores se amplía a oferta de emprego público, todo o contrario do que facían vostedes.

E non poñamos condicións antes nin agora a ese marco de negociacións, que o teñen que facer a Administración cos sindicatos. Nosoutros entendemos que si que é necesario mellorar a situación profesional dos docentes, o entendíamos antes e o entendemos agora. Entendemos que isto vai a beneficiar a calidade do noso sistema educativo. Entendemos que, a pesar desta oferta de emprego público importantísima que vai reducir as porcentaxes de precariedade, hai que ofrecer tamén unha solución, e por eso hai que abrir ese marco de negociacións para que aqueles persoas que están desempeñando o seu posto de traballo, que o están facendo con eficacia –por algo levan tanto anos–, podan acadar unha estabilidade despois deste proceso de oposicións.

Tamén fomos moi coherentes e apoiamos iniciativas para que este profesorado, que non tiña os mesmos dereitos económicos nin os mesmos dereitos de formación nin os mesmos dereitos administrativos, os podan ter, e lle recordo que foi unha iniciativa, unha emenda, do Bloque Nacionalista Galego nas Cortes, transaccionada no Estatuto básico do empregado público, o que permite que a partir do 13 de maio deste ano os interinos podan cobrar trienios, a maiores de apoiar outras reivindicacións destes colectivos para que perciban retribucións complementarias para que podan cobrar as vacacións, aos que se negaron vostedes durante moitísimo tempo.

En definitiva, nosoutros consideramos que este profesorado e a súa precariedade é un obstáculo para esta calidade do noso sistema educativo e que hai que reducir esas taxas de precariedade. E o Goberno entendemos que ten establecido ese claro compromiso coa oferta de emprego público e coa iniciativa aprobada neste Parlamento para que se reinicien as negociacións unha vez superado ese proceso de oposicións. Unha vez rematado ese proceso, nosoutros entendemos que debe facerse esforzo por todas as partes, Administración e os propios sindicatos, para conseguir ese acordo de estabilidade. Sería todo moi beneficioso para este colectivo e para o noso sistema educativo. Esa é a nosa coherencia. Calquera pode acudir ás hemerotecas, aos diarios do Parlamento para comprobar que non pedimos nin decimos nada

distinto ao que facíamos e pedíamos antes, e non intente manipular a realidade con relatos que non son nin responden á realidade, tanto o que respecta á xestión do Partido Popular no pasado como o que respecta á xestión do Goberno e dos grupos que sustentamos o Goberno no presente. Todo o demais son fabulacións, evidentemente, teñidas de demagogia, e o sector sabe tamén que a súa proposta non ten credibilidade, porque o pasado hai que recordalo, e o ten presente moito deste profesorado e estes colectivos, e o teñen moi presente os sindicatos.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Parga.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Meijón Couselo.

**O señor MEIJÓN COUSELO:** Grazas, señora presidenta.

Señora Besteiro, cada vez teño máis problemas serios para ubicala. Non sei si vostede pertencía ao Grupo Parlamentario Popular nestes últimos anos, non sei si vostede pertenceu ao Goberno do Partido Popular ou se é vostede unha aparición, un anxo virxinal que, sin responsabilidades de ningún tipo, sin discursos anteriores, sin asumir nada do que antes se facía, agora vén inmaculadamente branca. Sinceramente, moitos problemas para podela ubicar. Porque, de verdade, pretender liderar a defensa da estabilidade dos interinos e dos seus dereitos económicos é unha inversión realmente de risco considerable en quenenes tiveron unha maioría absoluta neste país nos últimos dezaseis anos e, paralelamente, o mesmo en España durante os oito anos. ¿E que decir acerca do respecto aos acordos aprobados neste Parlamento hai escasamente dous meses sobre este mesmo tema?

De primeiro, un par de puntualizacións –habería que facer algunha máis, pero basten estas dúas sobre a súa iniciativa–. Por un lado, refírense na súa exposición de motivos a que o número de profesores con contratos en precario non só se reduciu senón que se incrementou nos últimos tempos. Creo que xa foi contestado por quen me precedeu nesta tribuna, pero quero sinalar que, sobre todo estes últimos anos, se referirán ao Partido Popular, que nin sacaba plazas para a oposición suficientes para poder cubrir nada e incrementaba sucesivamente o número de interinos. E, por outro lado, na

súa parte dispositiva, nin máis nin menos que instan o Goberno a acadar un proceso de negociación fóra do marco xurídico. Saben vostedes ben –entendo que non é preciso explicarllo– que o marco de negociación é a Mesa Sectorial Docente non Universitaria, e non as plataformas que lexitimamente están constituídas pero que non poden conformar marco xurídico de negociación.

De todas formas, señora Besteiro, me vai permitirlle recordar –eu si– algunha das perlas do *Diario de Sesións* relativas, iba dicir á súa visión, pero é que xa non sei se é do PP, se do grupo parlamentario, se era do Goberno, non sei, pero si o que dicía o Partido Popular na anterior lexislatura.

Respecto dun posible novo marco de acceso á función pública dicían vostedes: Aquí non cabe negociación ningunha –resposta radical, ¿eh?–. Vostede sabe que isto está regulado –contestaba a súa compañeira– polo Decreto [350], que ten carácter básico, sobre o que nós non teriamos ningunha competencia, polo tanto, nada podemos facer. Non, competencia non tiñan, simplemente tiñan maioría absoluta na Xunta e no Estado.

Sobre a estabilidade deste colectivo decían vostedes: Tamén lles digo que para eses 2.300 profesores que exercen a súa función con carácter interino existen medidas, actuacións e compromisos que garanten os seus dereitos laborais –serían os dereitos laborais, a estabilidade se ve que non, se non non estaríamos co problema–. Pero dice, a unha iniciativa do Partido Socialista, que “acadar outro tipo de compromisos ou a estabilidade que vostedes solicitan, sería practicamente imposible e ademais tamén tería os seus efectos negativos. Primeiro –decían–, polo descenso demográfico da poboación galega, que está a frear o incremento de prazas de profesorado; e se a esto –decían– lle engadimos a súa proposta, estaríamos ante a conxelación da oferta de emprego público docente –facían as dúas cousas, conxelaban e logo poñían interinos–. Conxelar a oferta de emprego público crearía un conflito con aquelas personas que non estando dentro do sistema teñen as súas lexitimas pretensións. Polo tanto, eu nese sentido non entendo a súa petición, que era unha petición de estabilidade. Petición, por certo, que, como reseñaba o meu compañeiro, en ningún caso era pechada.

Mesmo a modo de exemplo se citaban posibilidades en base a estabilidades por bienios, por trienios, en profesorado

algúns especialidades que reuniran certos requisitos laborais, etc., etc. Pero tamén dicían que, “por outra parte, a entrada en vigor da lei –se referían á LOCE que, gracias a Deus, pois non colleu vigor–, a Lei de calidade, vai supor seguramente unha modificación no cadro de persoal dos centros, haberá materias que necesitan máis horas e outras que necesitan menos. Iso vai implicar reestruturación do profesorado, é dicir, botalos á rúa.

O que decían vostedes respecto da equiparación salarial. Decían vostedes nesta mesma tribuna, neste mesmo escaño: En relación coa equiparación salarial destes docentes, señores do Partido Socialista, posiblemente aquí esteamos de acordo en canto ao fondo da cuestión, no sentido de que a igualdade do traballo debe haber igualdade no sistema de retribucións. Hai unha máxima que reza –decían vostedes–: igual traballo, igual salario. Pero téñolle que recordar, señora Besteiro, que vostedes tiñan a maioría absoluta en Galicia e en España, co cual a súa filosofía era comprendo pero non atendo. E menciónolle estos tres apartados porque teñen sido, de modo pertinaz, as peticións que o Grupo Socialista e o Grupo do BNG teñen realizado de sempre sobre a problemática do profesorado interino, a saber: novo marco de acceso á función pública, marco negociado de estabilidade e equiparación salarial.

En canto ao novo marco de acceso á función pública temos aprobado na LOE a disposición transitoria décimo sétima –como vostede ben sabe–, que establece un período de catro anos cun procedemento selectivo no que se valora de forma preferente a experiencia docente nos centros públicos da mesma etapa e indícase claramente que a intención desta disposición –queda reflexado literalmente na lei– é a adopción de medidas que permitan a redución de porcentaxe de profesorado interino nos centros educativos, de maneira que no prazo de catro anos dende a aprobación da presente lei non se sobrepasen os límites máximos establecidos de forma xeneral para a función pública. É dicir, xenerouse –esta vez si– unha regulación xurídica que, respectando os principios constitucionais de acceso á función pública, teña en conta a situación e condicións do profesorado interino.

Respecto da equiparación salarial, o 13 de abril de 2007 –esta vez si, co novo Goberno do Estado– publicábase no BOE a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que no seu artigo 25.2 di o seguinte: Se

recoñecerán os trienios correspondentes aos servicios prestados antes da entrada en vigor do presente estatuto, e tenderán efectos retributivos unicamente a partir da entrada do mesmo. E referíase, por suposto, aos interinos. Por certo, esta lei foi aprobada polos sindicatos UXT, Comisións Obreiras e CSIF, e por todos os grupos parlamentarios a excepción do Partido Popular. É dicir, teñen sido os actuais gobernos do Estado e da Xunta, e os grupos que apoiaron esta normativa, os que si teñen mellorado substancialmente retribucións aos interinos, concretamente o Goberno galego a través da Orden do 11 de maio de 2007.

E sobre o marco de estabilidade, dende a Consellería de Educación se ten ofertado un marco de estabilidade ata a xubilación, ou sexa, ata os 65 anos, para todos aqueles interinos que tiveran 50 anos de idade –por certo, a cifra que vostede sinalaba aquí– e un mínimo de 15 anos de servizo. Se garantizaba a estabilidade ata a xubilación. Unha oferta que, aínda que non foi posible chegar a un acordo con ela na Mesa Sectorial de Educación, si está claro que está a anos luz de calquera outra que puidera ter ofertado o Partido Popular cando estaba no Goberno.

Pero aos socialistas, este grupo parlamentario, e nos consta que a Consellería de Educación, non nos é suficiente con isto. Entendemos que é preciso reiniciar as negociacións coas organizacións sindicais para chegar a un acordo efectivo de estabilidade para o profesorado interino. Pero tamén entendemos que o primeiro procedemento selectivo que se realizará ao abeiro da disposición adicional décimo sétima da LOE pode contribuír a facilitar ese acordo en función dos resultados, que, por suposto, non están garantizados, e por eso temos que analízalos.

A concatenación dunha normativa estatal básica coa oferta de emprego aprobada pola Xunta de Galicia, 3.215 plazas –superior ao ofertado nos últimos cinco anos–, e as convocatorias dos procesos selectivos efectuadas pola Consellería de Educación, confiamos que van a provocar o efecto desexado: a estabilidade do profesorado interino mediante o seu acceso a funcionarios de carreira. Eso, e non outra, é a cuestión que se acordou entre o Grupo Parlamentario do BNG e o Grupo Parlamentario Socialista na Comisión 4.<sup>a</sup>, de Educación, do pasado 2 de abril do presente ano, o reinicio das negociacións, unha vez finalizado este primeiro procedemento selectivo e analizados os seus resultados, que con-

fiamos e temos a seguridade que contribuirán a facilitar a negociación dun futuro marco de estabilidade.

Menos demagogia, señora Besteiro.

Máis nada. Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Meijón.

Turno de peche para o autor da proposición non de lei, a señora López Besteiro.

**A señora LÓPEZ BESTEIRO:** Gracias.

Señor deputado do BNG, vostede non me escoitou. Non me escoitou cando dixen que se reduciu a temporalidade e que había que seguir avanzando. Pero é que vostede, como non ten explicación posible para a súa postura, todo o que fai é, moita loa á consellería e toda a culpa é do PP. Pero, mire, levan dous anos gobernando, levan dous anos gobernando ou vicegobernando ou cogobernando, mire, eu lle vou a recordar o que din todos os sindicatos, todos os sindicatos: vostedes se deixaron abducir polo PSOE e vostedes están aplicando agora un silencio floxo e non se atreven a dicir “*esta boca es mía*”. Porque mire o que di o sindicato que debe estar cerca de vostedes: *Reproches de los sindicatos por no negociar la convocatoria*. Isto é o que non fixeron, unha gran oferta histórica de emprego público. Din vostedes 3.000 plazas; resten 800 que son xubilacións; resten máis de 800 que son acceso de un corpo a outro e que non son oferta de verdade, e lles quedan trescentas e pico, ¡trescentas e pico! Non hai valoración sobre eso. Os datos son os que son. Non manipulen e non fagan demagogia vostedes.

Pero sempre se facía, sempre se facía coa oferta de emprego público unha negociación que trataba de equilibrar a oferta libre con garantir a estabilidade dos interinos. ¿Por que non se fixo nesta ocasión? Porque había que facer toda esa propaganda da oferta pública sin negociar. Dice la CIG: Echa en falta un plan de estabilidade para el profesorado interino que no tiene la titulación requerida para ocupar su plaza. Echa en falta, junto con los otros sindicatos, la negociación previa –previa, como se facía sempre, á oferta de emprego público, e por eso pasa o que pasa.

Señor deputado do PSOE, vostede poucas razóns ten cando simplemente veñen eiquí a dicir que o PP o fixo mal. Pero, miren, vostedes están gobernando desde fai dous anos, digan o que van a facer e o que están facendo, e melloren todo o que poidan a situación, e os aplaudiremos. Pero miren as súas promesas, non as olviden, señores deputados. Primeiro as do ministerio: Los sindicatos mayoritarios rechazan el plan de educación para solucionar el exceso de interinos. Y recuerdan: En octubre de 2005 el ministerio firmó un acuerdo con los sindicatos para mejorar la situación en el desarrollo de la LOE. Pero después el Ministerio se comprometió a elaborar el Estatuto de la función pública docente antes de finales de junio del pasado 2006. Pero después otro de los compromisos era reducir el porcentaje de interinos y ofreció una fórmula que todos han rechazado. E non só a rechazaron senón que denuncian que o ministerio non cumpriu os seus compromisos.

Pero miren os compromisos da consellería, 1.500 interinos se van a facer fixos nestas oposicións. Cando todos sabemos que depende dos tribunales, a non ser que se manden instrucións aos tribunales, o que sería realmente chamativo. Pero miren outras promesas, outras, en campaña electoral, señor deputado do PSOE. Decía o PSOE e prometía –verbalmente, claro– un acordo de estabilidade, consolidación –decía– dos interinos con dez anos de traballo ou máis. Señor Manuel Ruíz Rivas e señor Pajares, que eran os que o estaban prometendo naquel momento, un deles indicado co dedo para ser conselleiro. Pero resulta que esa promesa se quedou, despois de gañar daquela maneira as eleccións... (*Interrupcións.*) Non, o señor Pajares, o señor Pajares... (*Interrupcións.*) Non, as eleccións as ganaron cos deputados que teñen e fixeron un pacto de goberno, lexítimo, lexítimo. Pero aí están os datos e aí están os de aquel lado. E o BNG prometeu en campaña electoral estabilidade por cinco anos, por cinco anos, e un acordo aberto que garantizase que todos os maiores de 50 anos con determinados anos de servicios estiveran..., tiveran garantizado o seu posto de traballo. Eso é o que reclaman agora á mesa sectorial todos os sindicatos na mesa e tamén a plataforma de sindicatos. Eso é o que pedimos nós e eso é o que me acaba de anunciar o señor deputado do BNG..

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Besteiro.

**A señora LÓPEZ BESTEIRO:**...que vai a votar en contra.



Nosoutros pedimos claridade e coherencia. E vostedes agora se acaban de retratar.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Fernando Blanco Parga, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións dos traballadores e das traballadoras das empresas auxiliares da minaría galega do carbón**

**A señora PRESIDENTA:** Pasamos agora á proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a actuación que vai a levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións dos traballadores e traballadoras das empresas auxiliares da minería galega do carbón.

A esta proposición non de lei se lle presentaron as emendas 21307, dos Socialistas de Galicia, e o documento 21312, do Grupo Parlamentario Popular.

*(D. Manuel Gallego Lomba, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei, do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións dos traballadores e das traballadoras das empresas auxiliares da minaría galega do carbón.*

*Emenda de modificación*

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para demandar do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a atención ás reivindicacións dos traballadores e das traballadoras das empresas auxiliares da minaría de carbón que faciliten a recolocación para todo este colectivo.*

*O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Ángel Bernardo Tahoces, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamen-*

*tario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións dos traballadores e das traballadoras das empresas auxiliares da minaría galega do carbón.*

*Emenda de modificación:*

*Proponse o seguinte texto:*

*O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a:*

*1.º- Solicitar do Goberno do Estado unha resposta inmediata ás reivindicacións dos traballadores/as da minaría de carbón galega, fixando un programa de recolocación efectiva de todo o colectivo de traballadores/as.*

*2.- Que de inmediato considere como prioritarios todos os proxectos empresariais que contemplan compromiso de recolocación de traballadores/as das compañías auxiliares da minaría do carbón galega.)*

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Blanco Parga.

**O señor BLANCO PARGA:** Bos días e moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, compañeiros traballadores da minería galega do carbón.

Eu hai nalgúns debates coloquiais —e podo dicilo porque non é un secreto— algún deputado desta Cámara, do PSOE, di que así, coloquialmente —en clave de humor e de bo humor—, chámame “o lignito pardo” ou chámame “ciclo combinado” pola tendencia que ten este deputado a traer estes temas a esta Cámara. Ben é certo que este deputado non quere cansarlles falando do lignito pardo, que é cuestión, efectivamente, sucia, como todo o carbón, nin dos ciclos combinados, aínda que é necesario a produción de electricidade para poder vivir con comodidade.

O interese que ten este deputado non é outro que o dos traballadores e traballadoras afectados polo peche desta minería. Lembrar que na nosa nación, na Galiza, houbo seis días de folga das compañías auxiliares da minería galega de carbón, unha o 28 de marzo, posteriormente o 10 e 11 de

abril, e, definitivamente, o 17, 18 e 19 de abril. Loxicamente cando hai folga de traballadores e traballadoras é que hai unha causa detrás. E entende este deputado e este grupo do BNG que neste caso hai causas obxectivas. Por eso permítanme que unha vez máis volva a traer o lignito pardo a debate nesta Cámara.

Como temos dito nas ocasións anteriores –por certo, en dúas proposicións de lei, sempre aprobadas por unanimidade nesta Cámara, sempre a iniciativa do BNG, unha no que pedíamos a entrada das minas galegas no plano de carbón, que estaba en cuestión daquela, hoxe non, e outra que pedíamos que se tivese en conta ás compañías auxiliares para incorporar e recolocar, para que non houbo un peche traumático a efectos de postos de traballo–, pois, como dicíamos daquela, as minas galegas, a diferenza doutras minas do Estado, rematan a súa explotación, o seu ciclo produtivo, o 31 de decembro deste ano. O 1 de xaneiro de 2008 xa non se volve a extraer máis lignito pardo, co cal igual teñen fortuna e non lles sigo a falar desto, xa veremos, xa veremos.

Pero, en calquera caso, temos un problema que non hai noutras minas do Estado, que o 1 de xaneiro de 2008 non se produce máis carbón. Ben é certo que as relacións de Galiza co plano de carbón, este e o anterior, son... sempre foron relacións complicadas, porque se entendía nun plano coloquial que o carbón galego, o lignito pardo, era un carbón [...], que a diferenza do carbón do Estado, das antracitas, das hullas, que son carbóns CECA, que é unha cuestión meramente técnica, o que realmente diferenza os dous carbóns, [...] é que o carbón galego é o único, o único, que non recibe subvencións á explotación, o único; os outros si. E curiosamente non recibindo subvencións á explotación, subvencións do Estado, é o peor tratado a respecto da aplicación do programa do carbón. Foino no plano anterior 98-2005 –no tema de infraestruturas deixamos de percibir 140 millóns de euros, xa demostramos o tema–, e o estamos sendo neste novo plano asinado o 28 de marzo do ano pasado. Efectivamente, este novo plano, que ten un nome moi longo, moi técnico, Plano de carbón II, ou Plan de minas II –como queiran vostedes, non vou perder o tempo na denominación, que iso non vén a conto, nin serve para nada– contempla pois de novo actuacións nas concas mineiras, nas áreas de infraestrutura, nas áreas de formación, nas áreas de investimentos empresariais. E contempla, que é o que vén hoxe a conto, o tema das reducións de persoal.

Igual que no plano anterior se pide unha serie de requisitos para os traballadores das propias plantillas. No caso de Cerceda, Limeisa, 100% Unión Fenosa; no caso das Pontes, Endesa-Xeración. Para as plantillas requírese que os traballadores teñan 52 anos –menos o coeficiente reductor, que se xenera na minería do carbón–, ter acreditado máis de 8 anos de cotización á Seguridade Social e os últimos tres anos fixos de empresa. Por esta vía a xente prexubilase, prexubilacións que paga o Estado nunha parte importante. No plano anterior, 78% pagaba o Estado, no plano actual, o 80% que paga o Estado. Quere dicir que o Estado tamén aquí acode a servir ás eléctricas, a Unión Fenosa e a Endesa, para reducir a súa plantilla de forma non traumática, é certo, e é positivo. Pero tamén hai que dicir que se acode con cartos do Estado para que Endesa e Fenosa fagan o peche de instalacións con menos custe para elas. De feito, a veces, no caso de Limeisa, practicamente un custe cero porque non aportan practicamente nada ao que dá o Estado.

Claro, eso nos avala, nos dá forza, para dicir que, efectivamente, se as minas galegas –como teño dito varias veces– non foron explotadas, foron expoliadas, expoliadas, 50.000 toneladas de carbón diarios durante moitos anos, nunha expoliación que nada tiña que ver coa demanda enerxética de Galiza, que servía para demanda enerxética doutras partes do Estado, ee agora se lle dan recursos públicos a estas compañías o normal e a responsabilidade política nos di que debemos facer un peche das instalacións sen ningún coste laboral nin social, ningún coste laboral e social. É certo que as principais teñen os seus acordos, pero é certo que as auxiliares non teñen ningún, e son tan traballadores da minería como os da principal, e levan tantos anos como os da principal. E para nós gozan dos mesmos dereitos, dos mesmos dereitos. E non vamos caer na trampa demagóxica e formal: Non, é que eso é unha cousa que negocian nas empresas. No, claro, negocian Endesa co seu comité e Limeisa co seu comité. E, claro, chegan a un acordo e nós respectando iso que é moi..., a capacidade de negociación das partes, aplaudimos. Pois non señor. Porque Endesa, aplicando este acordo na negociación chegaron a un convenio, a un acordo de incorporar 80 compañeiros –que non son todos, que logo falaremos deso– das auxiliares e en Limeisa non chegaron a acordo de incorporar a ningún, a ningún. Isto non pode quedar ao albur dunhos comités dunhas determinadas empresas e non entrar no ámbito negociador e no ámbito da responsabilidade política. Estas minas, estas empresas, eléctricas,

explotaron o carbón galego durante anos e agora non poden deixar a unhas traballadores na rúa, así de claro. E non pode quedar a ese albur, porque se hai que falar do mundo sindical das empresas tamén algo teño que dicir dese tema e de cómo se negocian esas cuestións e cómo se intercambian outras cuestións. Nós temos que lograr, e é unha responsabilidade política, que haxa este peche de instalacións sen custe ningún social. E témolo planteado aquí e foi aprobado, efectivamente, pasando polos acordos 80..., é dicir, todos e todas, todos teñen que ter solución incorporándose nas principais; e se teñen dereitos para prexubilarse, cumprindo os requisitos –52 anos, 8 anos de cotización á Seguridade Social e os tres últimos na empresa–, e os que non os tiveren por cuestión de idade, recolocándose ao abeiro dos proxectos industriais que tamén contempla os fondos do carbón. Pero todos, sen discreción, sen ningún tipo de limitación, limitación.

¿Cal é a diferenza e qué está a pasar a respecto do Estado e Galicia con isto? Pois no Estado hai outras premuras, chegouse a acordo, non se aplicou isto en ningunha parte do Estado, tampouco en Galiza. No Estado non se aplicou porque hai outras premuras. As minas deles siguen, contínuan. E nós temos unha premura: que as nosas minas se acaban. E as compañías auxiliares van a empezar a realizar despedimentos de traballadores e logo xa non serán traballadores das auxiliares, son traballadores que estarán apuntados no INEM. E eles non teñen ese problema, non teñen esa premura. O plano leva asinado desde o 28 de marzo de 2006 e isto non se leva aplicado. Houbo un conato de folga, un anuncio de folga dos sindicatos estatais, un bluf que logo non se concretou en nada. Conseguiron o que querían eles. Efectivamente, hai unha negociación entre as empresas do Estado que reciben subvencións, que negociaron as subvencións, e van incrementar o seu convenio un 2%. Moi ben, a min paréceme moi ben, e vale para o Estado. Pero eso non serve para Galiza. Porque para nós o reloxo está andando, e o reloxo remata o 31 de decembro o máximo; pero é que antes xa podemos ter despedimentos. E xa podemos ter compañeiros que traballaron vinte anos ou máis das auxiliares do carbón e estar na rúa. Entonces, nós demandamos para este caso, para a casuística nosa, e demandámolo co aval político da aportación que fixemos ao sector enerxético do Estado gratuitamente durante moitos anos, tamén que haxa un tratamento específico e inmediato, e inmediato.

Agora nas mesas de Madrid –que, por certo, non hai ningún representante galego, esa é outra das características, nós saben que en Madrid deben ter un problema, ou é que nós en Madrid non sabemos falar español, [...], alí non hai representante galego cando a minería galega é o 30% do Estado e non hai ningún representante galego... e, claro, van resolvendo os problemas que teñen os que están alí, que non son os nosos, e que fan moi ben, pero non son os nosos. E alí van defendendo os seus problemas, subiron o convenio o 2% e agora van facer unha radiografía das empresas a ver cómo están; pero que o verán está aí e estamos en setembro, e as minas pechan o 31 de decembro. Nós non podemos esperar eso. Demandamos do Ministerio de Industria que haxa unha parte específica de solución aos compañeiros da minería galega, en eso se basa esta resolución que propón o BNG. Non nos serve que logo se diga que, como vexo na prensa, que agora que vén de haber eleccións municipais, un importante dirixente asturiano –sale hoxe na prensa– da minería di que agora quere desbloqueo de fondos para apoiar aos gobernos locais que conseguiron en Asturias. A nós parécenos moi ben, [...], pero nós tamén queremos que se atenda a nosa demanda.

Entonces, un, inmediatamente, unha resolución do Ministerio de Industria a respecto dos traballadores auxiliares da minería galega do carbón, non poden esperar máis. E, por suposto, con solución para todo. Non podemos permitir que Endesa e Fenosa pechen a páxina da minería galega, a dura páxina da minería galega. Haberá que recordar o tema das Encrobas e moito máis, deixando traballadores na rúa. Eso non é de recibo na nosa nación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas, señor Blanco Parga.

Rolda de posicionamento dos grupos parlamentares.

Ten, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, a palabra o señor Gallego Lomba.

**O señor GALLEGO LOMBA:** Gracias, presidenta.

Señorías, vou manifestar a posición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia en relación co Plan de reac-

tivación das concas mineiras 2006-2012 e a recolocación dos traballadores procedentes das empresas auxiliares das minas galegas de lignito pardo, nas Pontes e en Meirama, que remata a súa extracción o 31 de decembro deste ano en que estamos.

Desde a nosa perspectiva –logo afondarei un pouco máis nesta cuestión–, trátase, efectivamente, de intentar optimizar este proceso de reactivación nestas concas mineiras, no sentido de que o impacto social e económico do peche das explotacións sexa o menos posible. Dende logo, o Partido Socialista de Galicia está claramente nesta liña. En realidade, este segundo plan permite unha certa comparación co primeiro, co Plan 98-2005, no que, efectivamente, se plantexaron tamén incentivos; nese caso non para o peche senón para a redución tanto de produción como de cadro de personal, así como axudas para a constitución de infraestruturas nas minerías.

Para os socialistas ese primeiro Plan 98-2005 non foi unha boa negociación. Galicia, efectivamente, deixou de percibir 140 millóns de euros e, polo tanto, desde logo, hai un déficit aí que era necesario corrixir e que, na nosa opinión, podemos dicir que foi corrixido de forma satisfactoria neste Plan da minería [...] 2006-2012.

Certamente, neste primeiro plan Galicia recibiu o 2,2% dos fondos, cando se perderon o 8,5% dos postos de traballo. Ou sexa, que recibimos aproximadamente un 25% menos do que nos correspondía. En realidade estamos falando dun fracaso manifesto do Partido Popular, que gobernaba en Madrid nesa época, e en Galicia tamén. Sobre todo dunha discriminación manifesta do Partido Popular con outras comunidades autónomas donde a minería tiña moito menos incidencia e, sen embargo, recibiron moita máis aportación de diñeiro do Estado.

No caso do novo Plan 2006-2012 eu quero manifestar aquí a intervención deste Parlamento –como ben dicía o señor Blanco, que me precedeu na palabra–, de que viñeron varias iniciativas a este Parlamento que foron aprobadas por unanimidade. Este Parlamento, a intervención deste Parlamento foi positiva, a intervención do Goberno galego é positiva, e a propia visión que existe desde o Ministerio de Industria fan que teñamos que falar dun éxito; polo menos polo que se refire á inclusión a Galicia, cando remataba xa a

extracción neste ano, para que se conservara hasta o ano, no plan, no novo Plan Miner, hasta o ano 2012. Asistimos aquí tamén durante varios debates que hubo en anteriores debates deste Parlamento, que estabámonos todos laiando, sobre todo algún grupo da oposición neste momento, que se laiabán de que non íbamos a estar, que o Ministerio de Industria nos iba a discriminar, que o Ministerio de Industria non iba incluír a Galicia no plan..., no novo Miner. Pois equivocáronse unha vez máis. O Ministerio de Industria incluíu a Galicia no novo Plan Miner 2006-2012.

Señorías, desde o Partido Socialista manifestamos desde logo o noso compromiso para que Galicia estivera presente neste plan hasta o final da vixencia deste, que é dicir hasta o 2012.

Eu creo que hai que situar este éxito, que, insisto, é un éxito de todos, do Parlamento, porque todas as proposicións saliron por unanimidade, é un éxito do Goberno de Galicia e é un éxito do Goberno de España e, neste caso, do Ministerio de Industria...

Este plano, este segundo plano que, efectivamente, supón para Galicia máis ou menos unha aportación do 4,7% do total do que aporta ao español, significa en torno a 130 millóns de euros.

Desde logo, a cuestión importante, a cuestión relevante aquí é que garante as prexubilacións dos accidentes das minas, das minas, e permite, desde logo, unha certa tranquilidade nesta primeira fase.

Esta xestión de fondos, efectivamente, vai a ser desenvolvida por aquelas consellerías que teñan competencia e coñecemento, basicamente Innovación e Industria, Política Territorial, no que se refieren a proxectos industriais, o que se refire a infraestruturas e, sobre todo, a Consellería de Traballo no que se refere á distribución, sobre todo para o que é a recolocación dos traballadores e traballadoras dos accidentes das minas. E Galicia achega..., vai achegar 130 millóns de euros. Polo tanto, é a cuestión, na nosa opinión fundamental, como marco político xeral.

Con relación ao tema das incorporacións dos traballadores das empresas de contratas, das empresas mineiras iniciais, desde logo o Partido Socialista de Galicia presentou

unha emenda á proposición non de lei presentada polo BNG, porque queremos e consideramos que ten que salir aprobada por unanimidad neste Parlamento.

Nós, desde o Grupo Socialista, pensamos que esta negociación ten que abranguer non só ao Ministerio de Industria, senón todos os axentes políticos e económicos que teñan que ver con este proceso. Polo tanto, falamos do ministerio, falamos das centrais sindicais, falamos das propias empresas e falamos tamén do Goberno galego e basicamente das consellerías afectadas.

Para rematar, insisto en que nos parece razoable, plenamente defendible, que esas persoas que levan vinculadas ás actividades mineiras en períodos longos de tempo, aínda que non traballan nas empresas principais, teñan os mesmos dereitos e se beneficien deses procesos de recolocación ou de incorporación a novos proxectos. Para o Grupo Socialista é fundamental a cooperación institucional de todos os axentes políticos, económicos, que teñen que ver con este plan.

En todo caso –e con isto remato–, os socialistas consideramos que o resultado do Plan da minería 2006-2012 para a Comunidade Autónoma de Galicia é satisfactorio. Imos recibir 130 millóns de euros, perdemos 200 empregos aproximadamente, e iso significa que por cada emprego perdido recibiremos case 700.000 euros, que é, significa, multiplicar por dez o que se recibiu no primeiro plan, que eran aproximadamente 70.000; un plan, como dixen antes, que non eran satisfactorio para Galicia, un plan que fixo o Partido Popular, e neste plan que fixo o Goberno socialista, eu penso que... –de Madrid– estamos satisfactorios e temos que seguir luchando.

E eu quero e pido aos grupos, tanto ao Partido Popular como ao BNG, que, coa emenda presentada, que aprobemos por unanimidad a proposta, a proposición non de lei do BNG.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Grazas, señor deputado.

Polo Grupo Parlamentar Popular ten a palabra o señor Bernardo Tahoces.

**O señor BERNARDO TAHOCES:** Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, señoras e señores invitados.

Señor Gallego Lomba, de éxito, nada; de discriminación, toda, toda con Galicia.

O Plan nacional de reserva estratéxica de carbón e novo modelo de desenvolvemento integral e sostible das comarcas mineiras para o período 2006-2012, que é así como se chama, pois resulta que ten unha clara finalidade: ordenar a minería do carbón, efectivamente, en España, contemplando aspectos sociais e rexionais derivados da devandita regulación, así como van ter unha determinada produción de carbón autóctono que garanta o acceso ás reservas. Neste plan contéplase unha importante redución da produción e unha importante redución das plantillas. Naturalmente, contéplase un plan de acción social para atenuar e minorar, efectivamente, estes efectos.

Está ben que lembremos da situación en que parte o plan e da situación en que remata o plan, está ben que a lembremos.

Trinta e un de decembro do 2005: produción en toneladas –toda España, naturalmente–, 12.102,5; produción a 31 de decembro do ano 2007, 10.428,5 e produción a 31 de decembro do ano 2012, 9.200 toneladas.

Plantilla. A 31 de decembro do ano 2005, 8.310; a 31 de decembro do 2007, 7.307 e a 31 de decembro do ano 2012, 5.302.

Por tanto, as reducións no período serán de 2.902,5 toneladas na produción e de 3.008 traballadores en canto aos cadros de persoal.

Pero este plan contempla durante o período da súa vixencia unha incorporación ao sector de 1.700 traballadores. E contempla esta incorporación baixo unhas criterios de prioridade, rigorosa prioridade. Primeiro recolocaranse os excedentes do plan 2006-2012, seguidamente incorporaranse, efectivamente, as subcontratas, que serán considerados como excedentes segundo os criterios adoptados pola sub-

comisión de adaptación laboral e, en terceiro lugar, os traballadores externos.

Estas son as regras, estas son as regras que deberían de xogar en toda España, estas son as regras que deberían de xogar tamén en Galicia. ¿Pero que está a ocorrer, que está a ocorrer? Que mentras os traballadores das subcontratas no resto de España están a incorporarse e a recolocarse masivamente, en Galicia están completamente esquecidos. En Galicia hai 500 traballadores, en números redondos, das industrias auxiliares; 400 de Endesa, 100 de Limeisa, en Cerceda.

Imos analizar os 400 de Endesa. Vostedes saben que o 23 de abril asinouse o Ministerio de Industria un acordo con Comisións Obreiras e UXT. Nese acordo comprometéronse a reincorporar 80 traballadores e a crear 50 novos postos de traballo. Eso dixeron.

¿Limeisa? Totalmente esquecida. Non sabemos nada dos traballadores.

¿Pero como é posible esta discriminación? ¿Como é posible esta situación? ¿Como é posible que algún partido sostente e acorde esta situación e como é posible que algún sindicato dos máis representativos non ponga o grito no ceo? A nosa estrañeza é absoluta.

Pero tampouco temos que centrar as culpas no ministerio. A Xunta de Galicia ten as súas responsabilidades. Porque, señor Blanco Parga, vostede debería na segunda quenda de intervención de dicir cales foron os resultados prácticos do convenio asinado o día 24 –creo recordar– de outubro pasado, convenio asinado entre a consellería, industrias auxiliares, concellos e sindicatos para garantir o desenvolvemento económico e para garantir o nivel de emprego nas comarcas afectadas unha vez rematada a extracción, efectivamente, do lignito pardo. ¿Cales son os resultados dese convenio? Vostede o ten que explicar. ¡24 de outubro! Algo se habrá feito.

Pero tampouco hai que esquecer que do Plan Miner 2 chegan unha serie de fondos para subvencionar proxectos empresariais. Concretamente, durante todo o período de vixencia do plan van a recibirse en Galicia 49.350.000 euros; é dicir, 7.050.000 euros por ano. Señor Blanco Parga, vostede ten que explicar que se fixo cos 7.050.000 euros do

ano 2006, que se fixo cos correspondentes ao ano 2007 ou que se va a facer. Vostede ten que explicar esto.

Pero vostedes dixeron algo tamén que a min..., quedo sorprendido. Vostedes din no Plano Miner 1, no plano anterior, no plano anterior 1998-2005: Galicia, no ámbito das infraestruturas, deixou de percibir 141 millóns de euros, 140 millóns de euros, perdón.

Señor Blanco Parga, se Galicia recibiu 64,5 millóns de euros no período anterior para infraestruturas e se tiña que recibir 140 millóns de euros máis, tería que recibir, efectivamente, 204,5 millóns de euros. Estamos de acordo, ¿non? ¿E como é posible que vostedes acepten para este plan 82,2 millóns de euros? ¿Como é posible? Polo tanto, vostedes están a descualificar gravisamente ao Goberno, efectivamente, que están vostedes a apoiar.

Por todo o exposto, a Xunta de Galicia e o ministerio teñen responsabilidades neste tema, ambos os dous, ambos os dous. Na súa consecuencia, nós presentamos unha emenda de substitución á súa; unha emenda de substitución que di o seguinte: O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a, primeiro, solicitar do Goberno do Estado unha resposta inmediata ás reivindicacións dos traballadores e traballadoras da minería do carbón galega, fixando un programa de recolocación efectiva de todo o colectivo de traballadores e traballadoras. E o segundo punto é que o Parlamento inste a Xunta de Galicia a que de inmediato considere como prioritarios, como prioritarios, todos os proxectos empresariais que contemplan un compromiso de recolocación de traballadores e traballadoras das compañías auxiliares da minería do carbón galega.

Señorías –remato xa–, espero a aceptación desta emenda porque, naturalmente, as responsabilidades institucionais deben de compartirse entre consellerías e entre o resto das administracións públicas. Porque se cambiamos a colaboración e a cooperación polo sectarismo estaremos apostando por unha conduta que Galicia nunca a tuvo nin os galegos tampouco.

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Grazas, señor Bernardo Tahoces.

Ten a palabra, para o seu posicionamento encol das emendas presentadas, o señor Blanco Parga.

**O señor BLANCO PARGA:** Moitas grazas de novo, señora presidenta.

Saben vostedes, señorías, que na área de industria, á parte de industria, hai enerxía, comercio e turismo. Voulles falar un pouco de turismo, que tamén, se me permite, ten a ver co tema da minería.

O turismo, que estaba moi de moda, agora hai turismo de praia, turismo de montaña, turismo de esquí, da neve, turismo cultural, como o que fan estes rapaces e rapazas, que veñen a ver o que facemos aquí, e hai o turismo electoral, que ese ten uns períodos concretos do ano, que ten a ver moito coas citas electorais. Recentemente acabamos de pasar a campaña electoral, o turismo electoral refírome, a campaña esta que os promotores promoven, ministros, ex ministros, ex presidentes, presidentes, bueno, todos estes teloneiros de luxo que se traen a unha nación que parece que necesita teloneiros doutro lado para que lle explique como nos gobernamos nós. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor Castro, ex líderes, líderes e líderes que van ser ex líderes algún día. (*Risos.*) Señor Castro, déixeme a intervención, se non... Se quere veña vostede, non teño problema, debato con calquera. (*O señor Castro García pronuncia palabras que non se perciben.*) En calquera caso... Si, pero o problema é cando veñen de fóra explicarnos o que temos que facer nós coas nosas cuestións. Nós queremos gobernarnos nós; se veñen outros de fóra, nolo explican, claro.

Neste proceso que acabamos de vivir, pois veu un destes teloneiros de luxo, o deputado no..., voceiro no Congreso de Madrid do Partido Socialista, o señor López Garrido, que non sei que ten a ver el co carbón, igual que se falo eu da cría do mexilón, pero comprometeuse cos compañeiros da minería do carbón que en quince días atendíalles o tema. Claro, estaba..., antes da cita electoral ¡eh!, quince días a contar antes da cita electoral, despois o reloxo varía. Xa sabe usted algo do tema dos fusos horarios: pasada a cita electoral, igual os 15 días son 15 meses, porque xa non hai esa premura hasta a seguinte campaña de turismo electoral. Pois en quince días comprometeuse cos compañeiros do carbón, e aos compañeiros do carbón córrelles o reloxo. Pódense dar

aquí discursos, eu podo falar —e quen trouxo aquí os 240 millóns de euros foi o BNG— de que no Plano anterior pechouse sen darlle a Galiza nin máis nin menos que 140 millóns de euros de infraestruturas, 22.500 millóns das antigas pesetas, recoñecido polo Ministerio de Industria; recoñecido pero non pagado, que para eso son moi educados, recoñecen a débeda pero non nola pagan, non vaia ser que non saibamos que facer con ela, non vaia ser o demo, ¡claro!

E unhas precisións tan siquera do rigor. Señor Tahoces, cando fala de redución de carbón, eu sei que o documento [...], non son miles de toneladas [...], son millóns de toneladas, millóns de toneladas, porque aquí na Galiza xa se producían 50.000 toneladas/día, ou sea, millóns de toneladas.

Señor Gallego Lomba, dinlle que vanse destruír 200 empregos neste novo plano; entón, como nos dan cento e pico, salen a 700.000 euros. Bueno, ben. A realidade é que a Delegación Provincial de Tráballo da Coruña, esta delegación desta consellería, ten aprobado un expediente de extinción de contratos, só para o caso de Endesa —aprobado recentemente, no mes de agosto ou setembro do ano pasado—, de 523; non de 200, de 523. É un expediente público aprobado pola Delegación de Tráballo da Coruña. En calquera caso, ¿que ten feito a Consellería de Innovación e Industria? Tamén podemos falar deso. E vostede sabe perfectamente o ámbito competencial. Nós, os nacionalistas, non temos ningún problema, o problema téñeno os que están ca política do Estado. Saben que o ámbito competencial deste reside exclusivamente no Ministerio de Industria, exclusivamente no Ministerio de Industria. E sen ter ámbito competencial, esta Consellería de Innovación e Industria montou, tamén é certo, apoiado por unha PNL deste Parlamento, montou a Mesa Galega do Carbón, reuniu as empresas que se poden instalar ao abeiro das axudas e hai un compromiso de recolocación dun número de postos para a recolocación de traballadores excedentes da minería do carbón. Pero o que cómpre agora, o que cómpre agora, o que é máis inmediato, é saber canto se pode incorporar con carácter inmediato, que o prazo remata xa, e logo veremos os que por idade non cumpren e se recolocan. E de momento, a día de hoxe, dos 7 millóns de euros do 2006, dos sete e pico e dos 7 millóns do 2007 de momento, cero, nada, porque o plano aínda non se puxo a andar. E eso é competencia do Ministerio de Industria. O plano aínda non se puxo a andar. Galiza aínda non recibiu nada. Temos aí un cheque que di que vale

non sei cantos cartos. De momento, cero; de momento, cero. Pero xa non estou no tema de infraestruturas nin estou no tema dos asentamentos empresariais, que falaremos cando vostedes queiran e ao miúdo, esto é un problema que é máis acuciante: familias, traballadores, cerca de 500 familias de traballadores que están vendo como os días pasan e os meses pasan, chega 31 de decembro e non hai solución.

Das emendas –acábaseme o tempo–, das emendas. A emenda do... O BNG presenta unha emenda dunha posición inmediata do Ministerio de Industria. O Partido Socialista di que haxa unha atención, unhas reivindicacións, etc. Bueno, atencións, si, pero resposta inmediata, ou con premura. Estou disposto a transaccionar, pero ten que haber unha constatación inmediata, porque ademais este turista electoral dixo que en quince días, pois que cumpra. Pasou a data, tiveron bos resultados todos e todas, pois que cumpra.

E a respecto da emenda do Partido Popular, estou disposto a aceptar o punto 2 íntegro. E o punto 1 quedaría no punto que é: inicialmente proposta do BNG coa transacción que lle propoño ao Partido Socialista.

Máis nada, moitas gracias, e ánimo aos compañeiros e traballadores das auxiliares, porque teñen toda a razón do mundo. Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

Lle prego aos señores voceiros que, se van a transaccionar, seguimos co desenvolvemento do Pleno, se lles parece, e logo lle comunican á Presidencia cal é o resultado da negociación.

**Proposición non de lei de D.<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera e dous deputados máis, do G. P. Popular, sobre as actuacións que se van levar a cabo en relación coa situación urbanística e social que se está a producir na Illa de Arousa**

**A señora PRESIDENTA:** Pasamos agora á proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre as actuacións que se van levar a cabo en relación coa situación urbanística e social que se está a producir na Illa de Arousa.

A esta proposición non de lei non se lle presentaron emendas e para formulala ten a palabra a señora Rojo Noguera.

**A señora ROJO NOGUERA:** Gracias, presidenta.

Bos días.

Ben, unha vez que acabamos de escoitar todos, pues, unha mostra máis das discrepancias entre os dous grupos que apoian a este Goberno, eu vou a presentar aquí, vou posicionar ao meu grupo na proposición non de lei en relación con un novo tema que espero tamén que, ao mellor, dentro desas discrepancias, pois podamos ter a sorte de que saia definitivamente aprobada, porque coa presentación desta proposta o noso grupo o que pretende, o que cre necesario, é que a Cámara se posicione sobre as distintas actuacións a levar a cabo en relación coa grave situación urbanística e social que se está a dar no concello da Illa de Arousa, donde ata onte mesmo, durante varios días, lémos e vimos e coñecemos, e mesmo *in situ* e a través dos medios de comunicación, que moitos veciños e veciñas permaneceron pechados en dependencias do Concello, mostrando así, pois, a súa protesta e o seu rexeitamento ante a falla de repostas da Xunta de Galicia, en concreto da Consellería de Política Territorial, diante dun grave problema humano que pode provocar que moitas familias poidan perder as súas casas como consecuencia dos expedientes de embargo ditados e derivados de dita situación. Porque o concello da Illa está a padecer unha grave situación urbanística derivada da súa propia condición de insularidade, pero agravada no momento actual polas que consideramos irresponsables decisións do Goberno bipartito da Xunta de Galicia que non está a ter en conta esta singularidade.

Ademais dos graves problemas sociais existentes cun gran número de vivendas afectadas por expedientes sancionadores, que, pese a reiteradas promesas da Consellería de Política Territorial de que se paralizarían ata que non se resolvese o tema da singularidade da Illa, o certo é que comezaron a chegar xa as primeiras ordes de embargo, e isto é só o principio. De nada serviron as múltiples reunións dos veciños coas consellerías de Política Territorial e Facenda, tentando chegar a unha solución. De nada serviu o manifesto conxunto encabezado polo propio alcalde e referendado por todos os grupos ou as peticións de entrevistas coa propia conselleira de Política Territorial, que, por certo, non foron atendidas. De nada serviron tampouco os escritos que o alcalde di que fixo chegar persoalmente á Xunta, pero que non sabemos se foron contestados porque non consta res-



posta algunha. De nada serviu, en definitiva, a multitudinaria recollida de firmas levada a cabo polos veciños, 1.562 firmas en 125 folios para pedir solucións; mesmo a constitución dunha comisión municipal permanente para o seguimento da Lei de costas no concello da Illa de Arousa, da que forman parte todos os partidos políticos con representación no concello, excepto o Partido Socialista. E as asociacións máis representativas da Illa, como son a de Meixolheiros Ami, Asociación Á Beira do Mar, ata lo momento pouco ou nada conseguiron das administracións máis que chamar a atención da problemática existente no concello.

E lonxe de dar solucións a todos estes problemas, a Lei de medidas urxentes de protección do litoral que o Goberno da Xunta de Galicia vén de aprobar recentemente moito nos tememos que vai agravar aínda máis esta situación, pois bloqueará de xeito total o desenvolvemento da Illa cara aos próximos anos, e a pesares do que hoxe mesmo, esta mañá, dixo aquí algún portavoz,, porque parece que en dez días que leva en vigor a lei aínda non paralizou nada, pero parece que si resolveu xa todos os problemas. Explíquenlle iso aos veciños da Illa de Arousa.

É por iso polo que, tendo en conta todo o exposto, é polo que o noso grupo parlamentar presenta a seguinte proposición non de lei, con catro puntos moi concretos dos que tentarei de explicar un pouquiño máis polo miúdo as razóns da súa proposta, e que non son máis que as propias demandas dos veciños e as veciñas da Illa, recollidas no manifesto conxunto ao que antes referinme.

A primeira proposta da nosa proposición non de lei é que se revise o deslinde marítimo-terrestre vixente neste momento no termo municipal da Illa de Arousa. Unha circunstancia que provoca dúbidas na aplicación da Lei de costas e repercute negativamente na seguridade xurídica para os cidadáns é o feito de que aínda hoxe existan longos tramos de costa sen deslindar de forma definitiva, o que significa que a liña que define a afección dunha zona polas servidumbres legais configúrase só de forma provisoria, tal e como se sinalaba no Decreto 158 do 2005, onde se regulan, como vostedes saben, as competencias autonómicas na zona de servidumbre de protección do dominio público marítimo-terrestre, tan denostado por vostedes, pero que parece que as sucesivas sentencias que están a saír nos están, ou están dándolle a razón ao Goberno anterior.

As importantes consecuencias que pode implicar a alteración desta liña no deslinde definitivo son facilmente comprensibles se temos en conta que pode supor a diferenza entre conservar ou estar obrigado a demoler o construído. E, por tanto, hai que ser moi prudentes con determinadas actuacións que se queren levar a cabo.

E esta situación pódese dar na Illa de Arousa, pendente de resolución dun recurso contencioso-administrativo plantexado, como vostedes saben, ante Costas do Estado, ademais de que tamén nos chamen a atención, sinceiramente, determinados quiebros que cortan a liña trazada en paralelo á costa sen aparente xustificación ou sin aparente máis xustificación que albergar determinadas urbanizacións, feito este –que non lles quepa a máis mínima dúbida– que investigaremos a fondo.

Polo tanto, a nós parécenos adecuado instar a unha revisión completa e axustada do deslinde da illa na súa totalidade, que elimine as dúbidas e fixe claramente a situación, sobre todo neste momento que entendemos se está a elaborar o Plan de ordenación do litoral que vai a ter unha incidencia definitiva sobre o ordenamento urbanístico da Illa de Arousa.

En todo o seu territorio son moi escasos os puntos nos que o municipio da Illa supera os 1.000 metros de ancho e esta circunstancia non tiña por que ser un problema para a Illa e os seus veciños, se non fora porque no seu afán de ordear o crecemento costeiro dun xeito xeneralista, leies como a do litoral aprobada pola Xunta afoğan o desenvolvemento dun concello rodeado de auga por todos os lados. De aí que o propio alcalde chegase a declarar que iba ser o primeiro en loitar para que a Illa de Arousa se considerase nesa lei cun tratamento urbanístico especial que contemple a súa singularidade diso e de xeito litoral. E que mesmo durante a tramitación parlamentaria a Illa recibiría un tratamento singular que permitira as edificacións a menos de 500 metros da liña de costas no solo urbanizable e no solo urbano non consolidado, por suposto; o que non sabemos é en que vai a consistir agora a singularidade do que tanto falan e falaron, máis alá do cínico intento do Partido Socialista de intentar excepcionar a Illa do cumprimento da propia Lei do litoral.

De aí a nosa segunda proposta, na que pedimos que na elaboración do plan se analice seriamente polo miúdo as

condicións especiais da Illa, fixando as diferentes áreas de protección máis convintes e adecuadas á súa condición.

Por outra parte, hai que dicir que fai uns meses a consellería chegou a un acordo co Concello para paralizar os expedientes afectados, con diferentes sancións hasta que non houberse unha solución definitiva ao ordeamento urbanístico da Illa.

Mesmo ás casas dos veciños afectados chegaron unhas especies de carta tipo facendo constar que os seus expedientes quedaban en suspenso. Pero o compromiso foi incumplido a pesares das declaracións públicas da propia delegada provincial da consellería, que dixo unha cousa na Illa e outra nos medios de comunicación, enganando aos veciños con falsas expectativas, hasta que se tropezaron de fronte coa cruda realidade das súas contas bancarias embargadas; unha situación que tamén afectaba aos seus soldos e ás súas propiedades. Mesmo lles paralizaron as subvencións que solicitaron para mellorar as súas vivendas. E todo iso baixo a premisa de que os expedientes non poden permanecer bloqueados indefinidamente, algo que ningún lles pediu, como mesmo explicou a consellería ao propio alcalde. Só se pide –e nós o recolleemos no cuarto punto da nosa proposta– que se paralicen todos os expedientes abertos mentres duren os traballos sinalados nos dous primeiros puntos da nosa proposición.

E, por último, e neste cúmulo de contradicións, os veciños da Illa de Arousa están a ver como diante das súas propias casas, a pié de praia, eu diría que a pié da area, se está a permitir a construción de seis bloques de pisos con 140 vivendas, despois de talar un pinar a carón do mar.

Non se pode entender, por tanto, a dobre vara de medir da Xunta de Galicia, co que supón unha ultraxe comparativa entre o que se está a construír novo na costa e a política restritiva e inflexible que se está a aplicar sobre as vivendas que xa existían. E, pola contra, si se pode entender a indignación dos veciños, que o único que piden é que se garantice un trato obxectivo e igual a todos á hora de aplicar a normativa, evitando desigualdades que, sinceiramente, son difíciles de explicar. Porque a verdade, sorprende a dilixencia tanto do Concello coma da Xunta para con uns expedientes e a súa deixadez para con outros.

Agardamos os posicionamentos dous outros dous grupos parlamentarios.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Rojo Noguera.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Da Silva Méndez.

**A señora DA SILVA MÉNDEZ:** Gracias, señora presidenta.

Señorías, a situación urbanística da Illa de Arousa, efectivamente, é enormemente complexa e, ademais, enormemente mala. É necesario, é urxente, é imprescindible a elaboración dun novo Plan xeral de ordenación municipal que resolva os problemas urbanísticos que ten a Illa de Arousa, todos os problemas urbanísticos que ten a Illa de Arousa, daqueles que ten competencia un plan xeral de ordenación municipal que non quedaron resoltos co plan que está actualmente en vigor. Algún deles, pola contra, víronse acrescentados. Desta situación, evidentemente, non poden ser vítimas os veciños e veciñas de Arousa, pero hai que contextualizar as cousas, hai que saber como se chegou a esta situación, hai que saber qué proceso hai que coñecer, qué proceso foi o que levou á situación actual na que están moitos veciños de Arousa e a situación actual na que está a situación urbanística na Arousa, e non imos dicir no litoral, porque Arousa é litoral.

Este documento, o actual Plan xeral de ordenación municipal en vigor, tuvo un documento de aprobación inicial, documento que foi sometido á exposición pública, no que se recollían unha serie de consideracións ao respecto dalgunhas clasificacións do solo dentro da Illa. Ese documento foi ao que tiveron acceso os veciños e as veciñas de Arousa, pero nese mesmo proceso no que se somete á exposición pública o documento de aprobación inicial é o momento no que se reciben os informes sectoriais –Costas, Medio Ambiente, etc.– que teñen despois que ser recollidos no documento de aprobación definitiva.

Pois ben, entre o documento de aprobación inicial e o documento de aprobación definitiva hai modificacións que nós entendemos que son substanciais ao respecto do tratamento e da clasificación dalgúns solos que os veciños e as veciñas de Arousa saben agora as consecuencias desas modificacións. Sobre todo –e o principal, porque é o que xenera o principal problema–, é a afectación de Costas ao respecto da clasificación dalgúns solos e afectación da liña

de servidumbre, que se ve modificada no documento de aprobación definitiva como consecuencia dos informes sectoriais recibidos –porque non así das alegacións, que, evidentemente, os veciños e as veciñas non alegaron para que lle quedase dentro da zona de servidumbre de protección de Costas–. Hai que dicir que eses informes sectoriais son emitidos, loxicamente, polos que en aquel momento teñen a responsabilidade de facelo, recordemos: Costas, Ministerio de Medio Ambiente, co Goberno do Partido Popular en Madrid, e informes de aprobación definitiva da Consellería de Política Territorial e da Consellaría de Pesca, gobernando na Xunta de Galiza o Partido Popular. Eso non hai que esquecerlo, e parece que se lle esqueceu na súa descrición de como se chega á situación actual á señora Rojo. Non estamos falando dun problema que surxa hoxe. As cuestións urbanísticas –e xa sei que me vai dicir que filósofo– teñen un problema. As decisións que se toman no ano 99, 97, 2000, as consecuencias desas decisións, vense normalmente reflectidas na realidade –que é cando os veciños e as veciñas as perciben– anos despois. Normalmente as peores son as primeiras que se notan, pero, aínda así, adoitan pasar anos.

Curiosamente, como consecuencia dese procedemento de aprobación do plan, o que non se modificou –debe ser que os informes de Costas non o requirían e que por parte da Xunta de Galiza tampouco se fixo– foi a zona de servidumbre dese solo urbanizábel ao que vostede facía referencia na súa intervención. Retranquéase a liña na zona onde existen vivendas de carácter tradicional da Illa e non se fai o mesmo, non se fai o mesmo nese solo clasificable como urbanizábel no que, como vostede dixo, había un piñeirial. É sorprendente, é francamente sorprendente, que a vostede se lle esqueza o procedemento, que sei que coñece, de elaboración dun planeamento e quen ten que informar e quen ten a responsabilidade de facelo nos informes sectoriais e quen tiña as competencias nese momento.

O certo é que como consecuencia diso moitas vivendas existentes antes da entrada da Lei de costas en vigor no ano 88 quedaron afectadas. Como consecuencia diso, hai vivendas que teñen problemas para legalizar a súa situación. O PP terá que aclararlle aos veciños por que se produce esa modificación, que informes son os que provocan que haxa esa modificación na liña de servidumbre de protección e por que pega ese quiebro ao que vostede fixo referencia.

Nós temos claro que Galiza necesita as competencias en materia de costas. Sei que mo vai a aclarar, o que non teño tan claro e que a súa resposta responda á realidade porque tampouco foi así a súa intervención.

Os expedientes abertos, os expedientes tramitados diligentemente, son abertos diligentemente polo Servizo de Costas, gobernando o Partido Popular en Madrid, e son tramitados diligentemente pola Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos, gobernando –que era quen tiña competencias nese momento nesa materia–, gobernando o Partido Popular en Galiza. E desto outros veciños e veciñas do litoral galego xa saben tamén. Sorprende, en todo caso, a dilixencia do Partido Popular na apertura e tramitación e conclusión da vía administrativa de determinados expedientes sancionadores en algúns concellos de Galiza, e non ter a mesma dilixencia en outros concellos de Galiza pola mesma época, e non fai falta que faga referencia aquí ao que ten pasado no litoral do Morrazo, porque é sobradamente coñecido. O problema é que os veciños e as veciñas de Arousa son as que sofren as consecuencias desta situación.

No litoral de Marín houbo que resolver a situación que a actuación do Partido Popular deixou alí e foi o Bloque Nacionalista Galego e foi o actual Goberno galego o que resolveu o problema. Non foi o decreto ao que vostede fixo referencia e, desde logo, non foi a actuación de quen tiña competencia no anterior Goberno para facelo. Sorprende, polo tanto, esta situación na que neste momento ten aos veciños de Arousa o Partido Popular. Sorprende que no canto de intentar buscar solucións que resolvan os problemas inicialmente xenerados por unha xestión áxil de expedientes sancionadores abertos e tramitados por administracións nas que os competentes e os que gobernaban eran o Partido Popular chegue a esta situación.

Tamén é certo que desde o Bloque Nacionalista Galego detectamos falta no seu momento de dilixencia por parte de quen tiña a responsabilidade de goberno, e vai seguir tendo, na Illa de Arousa, porque é certo que, detectado por parte de quen está na máxima responsabilidade municipal ese problema entre a aprobación inicial e a definitiva do planeamento, é o momento de parar e ver se se pode deixar resolto no propio documento. Pero agardamos desde o Bloque Nacionalista Galego que coa lei do litoral, que co plan do

litoral e co novo plan que necesita a Illa ese tema quede resolto.

Tamén agardamos que poida modificarse a liña, o deslinde marítimo-terrestre da Illa, e agardamos que se poidan modificar as zonas, as franxas de servidumbre de protección, atendendo ás necesidades do modelo de asentamento poboacional de Arousa, como así agardamos que pase en todo o litoral galego. Desde logo, non foi grazas ás intervencións do Partido Popular no pasado, que en ningún momento reivindicaron as competencias necesarias de Galiza nesa materia e en ningún momento, en ningún momento, puxeron problemas aos deslindes porque os estaba facendo o Ministerio de Medio Ambiente gobernando o Partido Popular. E, se non, de quiebras, de quiebras que pega a liña de costas, sabemos moito en moitos concellos.

Para resolver os problemas non vale a demagogia, e, desde logo, o que non vale é esquecer que todo o proceso chegue ao final despois de anos de tramitación. Non vale dicir que é responsabilidade exclusiva de quen neste momento ostenta as competencias na Consellería de Política Territorial, de quen ten neste momento a responsabilidade de gobernar en Galiza; efectivamente ten que buscar a maneira de resolver o problema, pero non é a orixe do problema, e eso é unha cuestión fundamental.

Entendemos que é necesario que se reciba, que se fale cos veciños e coas veciñas de Arousa. Entendemos que desde a Consellería de Política Territorial, en exercicio das competencias que ten, se adopten todas as medidas necesarias para poñer solución ao problema. Hai que revisar os expedientes un a un para diferenciar aqueles expedientes que sexan infraccións graves ou moi graves sobre ordenación do territorio, que é a sanción..., sería o problema no caso de que estivésemos falando de graves infraccións cometidas na zona de costas, daqueles outros expedientes....

**A señora PRESIDENTA:** Prégolle que remate, señora Da Silva.

**A señora DA SILVA MÉNDEZ:**...– si, remato agora mesmo—daqueles outros expedientes que son consecuencia dunha aplicación inxusta en Galiza da lexislación de Costas. O que tamén agardamos é que o Partido Popular deixe de utilizar, porque primeiro foi dilixente para abrilos, cando tiña res-

ponsabilidades de goberno na Xunta de Galiza para intentar utilizalo politicamente na Arousa, e agora quere ser dilixente en que o resolvan outros para intentar tamén utilizalo politicamente na Arousa, e eso non o merecen os veciños e as veciñas de Arousa. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, bueno, asistimos a unha proposición non de lei que pasará, sen dúbida, aos anales do cinismo político e do oportunismo electoral. De cinismo político estamos acostumbrados; de oportunismo electoral, señora Rojo, saliulle mal, porque, mire, o Partido Socialista de Galicia aumentou 100 votos, dous puntos, e ten maioría absoluta no Concello da Illa de Arousa (*Aplausos.*), e desgraciadamente, efectivamente —e os cidadáns da Illa de Arousa o saben e son os primeiros en sufrilo—, o urbanismo da Illa de Arousa ten problemas, pero son problemas herdados dunha estratexia urbanística do Goberno do Partido Popular durante dazaseis anos, que eran continuos cambios, continuos cambios lexislativos —si, señor Castro, si; eu sei que usted sabe moito da zona costeira, como corresponde—, continuos cambios lexislativos e á vez falla de recursos económicos pra facer planificación axeitada nos concellos, e especialmente nalgúns que como este que, como ben saben, naceu no ano 95 e leva, polo tanto, unicamente doce anos de vida, digamos, independente, gobernado por un partido que non era o mesmo que gobernaba a Xunta de Galicia e que non tivo o máis mínimo apoio do Goberno presidido polo señor Fraga Iribarne, o máis mínimo apoio, como vostedes ben saben, e non digamos da deputación, porque todos sabemos quen é un vicepresidente —¿me deixas, por favor? Gracias—, todos sabemos quen é un vicepresidente de Vilanova de Arousa, da deputación, especialmente empeñado nestes menesteres. Porque vostedes incumpriron a lexislación, seguimos pendentes —a pesar de que a señora Rojo cada vez que sale eiquí dice que o Plan do litoral estaba feito, e eu, cada vez que sale, lle digo que o debeu de levar para a súa casa porque na Administración autonómica non quedou— as directrices de Ordenación do Territorio e ese plan de ordenación do litoral.

E, efectivamente, reconecemos, insisto, os problemas urbanísticos, os problemas ambientais e a necesidade de ter en conta as peculiaridades indudables que nadie pon en cuestión da Illa de Arousa.

Efectivamente, a Consellería de Política Territorial e o Ministerio de Medio Ambiente xa no mes de marzo manifestaron a súa vontade de colaborar na redacción do Plan de ordenación do litoral do conxunto de Galicia, e tamén recoñeceron a singularidade da Illa de Arousa como un elemento no que había que aplicar criterios de planificación e de ordenación axeitados a esta realidade. De feito, a propia conselleira informou que os traballos de redacción do Plan de ordenación do litoral establecerían de xeito pormenorizado os criterios, os principios, as normas e especificidades pra a ordenación urbanística na zona litoral da Illa de Arousa, que, efectivamente, é o único concello de Galicia que ten o 100% do seu termo municipal nesa franxa dos 500 metros e que se trata dun entorno singular e que, polo tanto, ten que ter unha preservación medioambiental e urbanística axeitada. Insisto, este compromiso foi recollido pola propia conselleira, polo director xeral de Urbanismo e pola propia delegada da Consellería de Política Territorial. Efectivamente, despois desa reunión no Ministerio de Medio Ambiente en Madrid no mes de marzo, en abril comenzaron xa na Illa os traballos previos pra definir o que será o primeiro ámbito especial de protección no Plan de ordenación do litoral. Se estableceron, como vostedes saben, cinco áreas de actuación: unha delas, a Mariña lucense, o Golfo ártabro, a Costa da Morte, as Rías Baixas e as zonas insulares de Galicia, que son, fundamentalmente, inda que non só, a Illa de Arousa. E, efectivamente, se establecerán distintos ámbitos de aplicación na costa galega en función desas singularidades específicas. Insisto que o recoñecemento foi absolutamente explícito por parte do Goberno galego.

E quero falar agora un momento desos quince expedientes, desos quince expedientes. Efectivamente, o cinismo político chega ao nivel de que un dos firmantes desta proposición non de lei é quen ostentaba o cargo de conselleiro de Pesca no ano 2003, cando se resolveron a maior parte destes expedientes. Ata aí chega o cinismo político. Eu non sei por que se sorprenden do adxectivo, porque, insisto, quen firma, quen firma esta proposición non de lei, un dos firmantes era o conselleiro de Pesca, que firmou as resolucións dos expedientes que afectan a estas quince actuacións urbanísticas na

Illa de Arousa. Polo tanto, supoño que algo terán que decir, porque o procedemento sancionador se incoa no ano 2000 ou 2001, por certo, o Servicio de Costas da Administración do Estado –o dixo xa a voceira do Bloque Nacionalista Galego–, Goberno do Partido Popular. A Consellería de Medio Ambiente –Goberno do Partido Popular en Galicia– sanciona, e, por certo, desestima os recursos sistematicamente a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos –tamén, por suposto, do Partido Popular–. Todos estos expedientes foron incoados polo Partido Popular, e todos, menos dous, resoltos polo Partido Popular. Polo tanto, señora Rojo, hai que ter valor pra vir eiquí, pra vir eiquí –en realidade vén eiquí porque tuvo que presentar a proposición non de lei antes das eleccións–, pero pra vir eiquí con este discurso de medias verdades ou, mellor, de medias mentiras.

Que se revise de xeito inmediato –pide na súa resolución da proposición non de lei–, que se revise de xeito inmediato o deslinde. Por certo, un deslinde feito por vostedes, non sei se o recorda. ¿O recorda verdad?, ¿o recorda? Bueno, pois, ben, ben. Está ben que recoñezan os seus propios erros, é unha maneira de empezar a asentarse na oposición durante tempo, unha maneira de facer penitencia; está ben. Por outro lado, trátase dunha competencia estatal e, polo tanto, bueno, pois, en todo caso, evidentemente, o Goberno da Xunta de Galicia non pode facelo. O que si está facendo o Goberno da Xunta de Galicia é mantendo contactos co Estado sobre as franxas de protección de dominio público, que, por outra parte, tamén están perfectamente taxadas nesa lexislación de Costas, que, insisto, ten uns pais e unhas nais políticas, e non é o Partido Socialista.

Logo, que na elaboración do Plan de ordenación do litoral se analicen as peculiaridades da Illa de Arousa. Por suposto, xa o dixo o presidente da Xunta, a conselleira; outra cousa é que vostedes non o escoitaran, non o entenderan ou lles tivera máis interés, o interés meramente electoral, cortoplacista, de apañar unhos votiños na Illa. Tamén o entendemos.

E o terceiro é o que ten máis autodefinición política do Partido Popular: que se garanta un trato obxectivo e igual. Por suposto, por suposto. Eu entendo que eiquí o subconsciente lles pode e de vez en cuando saen con estas cuestións de que se garantan tratos obxectivos e iguais. Por suposto, señora Rojo, por suposto. Outra cousa é que estiveran acos-

tumados vostedes a non facelo. Pero, en todo caso, eiquí, por suposto.

E logo que se paralicen todos os expedientes. Vostede sabe que non se poden paralizar; pódense revisar, sabe que se poden revisar e que, efectivamente, se recoñece explicitamente esa situación especial da Illa de Arousa na elaboración do litoral. E, polo tanto, así se fará e se revisarán estes expedientes un a un. Pero sabe perfectamente que non se poden paralizar, que sería unha clara desviación de poder. O saben, pero, insisto que o que lles interesaban eran os votos, pero xa ve, o Partido Socialista de Galicia ten hoxe maioría absoluta na Illa de Arousa, e incrementou dous puntos porcentuais. Creo que o Partido Popular tuvo un pouco de peor sorte.

Gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

Turno de peche para a señora Rojo Noguera.

**A señora ROJO NOGUERA:** Gracias, presidenta.

Ben, agardan todo pero non aproban nada, nin uns nin outros. E pónense nerviosos cando se lle din as cousas, e como teñen tan claro, cren que están actuando tan correctamente, non sei por que hai que xustificar o inxustificable. Eu sinceramente o que pensaba aquí que despois das vías de diálogo abertas polos veciños, abandonando o peche no Concello, pois estarían vostedes en disposición e non terían ningún problema en aprobar esta proposición non de lei. Xa vexo que non, e a verdade é que non o entendemos, sobre todo incluso non o entendemos por parte do Bloque Nacionalista Galego.

Porque, señora da Silva, vostede sabe que non pedimos nada máis que o que levan pedindo vostedes nas iniciativas que presentaron neste Parlamento. E leo literalmente: “É evidente que neste contexto non é normal que dende a Consellería de Facenda se continúe a tramitación dos expedientes que están a provocar a lóxica desesperación entre as veciñas e os veciños”. “Cómpre adoptar coa máxima urxencia medidas precisas que conduzcan á ralentización e paralización dos expedientes abertos”. É evidente que este estado de cousas precisa con urxencia dunha solución”, etc., etc., etc. O que pasa que o que non queren é aprobar unha proposición

que vén dende o Partido Popular. Vostede sabe además que os veciños, os 30, 40 veciños que protestan, non protestan porque si; son de alí, viviron alí, se lles estivo acusando de todo: que se eran segundas residencias, que se había chabolismo, que se había de todo. E hoxe aquí non escoitei nada absolutamente máis que xustificacións de por que non aproban algo que é lóxico e evidente e que, según din vostedes, xa o están a facer. Sinceramente, eu o único que teño que pensar é que, como xa non hai eleccións municipais, pois xa non importa buscar unha solución para a Illa de Arousa, porque non sei por que se pode intentar buscar unha solución para Marín e non para a Isla.

As eleccións remataron, efectivamente, señor Losada, pero os problemas siguen existindo, e o problema fundamental sigue existindo. É que vostedes din unha cousa no Concello da Illa e veñen aquí e din outra diferente cando teñen que votar. (*Aplausos.*) Esa é a gran diferenza. Nós seguiremos apoiando aos veciños porque se sinten abandonados pola Xunta. A propia conselleira de Política Territorial, da que vostede falou aquí, que fixo non sei cantas reunións, non tivo a ben facer nin sequera unha sola reunión cos veciños e as veciñas por máis que llo pediron, e llo pediron representantes incluso dos outros partidos políticos. Pero, claro, aquí, cando algo falla, só se recorre a que é un proxecto do Partido Popular. Pero, claro, eu non escoitei máis que mesmo case que mentimos dende o Grupo Parlamentario Popular. E, sinceramente, eu o que creo é que aquí o que dixeron tanto o Bloque Nacionalista Galego como o PSOE foi medias verdades. Porque a min me gustaría que, dado que as cousas xa as facemos tan mal, se algo falla, haberá que modificalo, haberá que melloralo e non só crítico. Porque todo o arreglan dicindo que eran cuestións que venían de lonxe, que o fixo o Partido Popular. Ben, eu quero recordar aquí quen fixo a Lei de costas, señor Losada, porque vostede fala moito, pero a Lei de costas se fixo no ano 88, gobernando o Partido Socialista. E todos os problemas e todos os erros que tamén se cometeron derivan precisamente diso. E o propio conselleiro –que vostede falou del– o que intentou facer foi arranxar unha situación, porque dá a casualidade que realmente os veciños e as veciñas da Illa de Arousa cando se encontraron absolutamente desolados e cando empezaron a vivir unha verdadeira pesadilla foi precisamente dende o mes de agosto do ano pasado, cando vostedes deixaron de aplicar un decreto que, polo menos, en canto non daban outra solución, podía mellorar as cousas e

podía paralizar os expedentes. Pero, claro, non aplican o decreto, pero non o derogan. Explíquenlle aos veciños por que non o derogan se é tan mal decreto, porque o decreto sigue aí vixente.

E, sinceramente, me parece que cinismo político é, ao mellor, o que vostedes tiñan que aplicar. Porque, efectivamente, os resultados electorais... Ao mellor é que ten razón o que din moitas persoas na Illa de Arousa, que o feito é que non se tratou a todo o mundo por igual, que non se abriron expedentes a todos e que se deixou fóra algúns expedentes sen explicación. Casualmente, mesmo chegou a falarse de acoso a algúns dirixentes de algún colectivo. E ao mellor terá que explicar vostede aquí quen fixo realmente un uso partidista deste problema e quen fixo e quen está a facer e quen resultou beneficiado precisamente dese uso partidista. Dende logo, non o Partido Popular, e os propios veciños así o recoñeceron e así o manifestaron publicamente. Nós o único que intentamos é que determinadas cuestións que non nos parecen lóxicas se arranxen, e se arranxen dunha maneira lóxica. E vostedes saben que poden paralizar precisamente os expedentes, como os paralizou o Goberno anterior co decreto que, como dixen, está aínda en vigor.

Pero, ¡que casualidade!, que hoxe mesmo, ademais, temos coñecemento dunha sentenza que ratifica a postura e as teses defendidas no decreto do señor López Veiga, que tanto están a criticar; un decreto que, dende logo, eu o único que lles pido é que mentras non aproban ese Plan do litoral, que o presidente hoxe volveu a cambiar as datas...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor, señora Rojo.

**A señora ROJO NOGUERA:**... e mentras non sacan todo o que van a sacar, porque agora van a facer moitísimas cousas, aplíquenllo e, se non, denlle unha solución aos veciños e ás veciñas da Illa de Arousa. Pero fagan algo porque o que é evidente é que non se pode estar de brazos cruzados, decir que van a facer, os veciños cos embargos e vostedes, coma sempre, mirando para outro lado.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Rojo Noguera.

Suspendemos a sesión hasta as dezaseis trinta, catro e media da tarde.

Moitas gracias e bo proveito.

*Suspéndese a sesión.*

*Retómase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.*

**A señora PRESIDENTA:** Boa tarde.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Laura Seara Sobrado, sobre a divulgación do valor histórico e o desenvolvemento cultural e social do Couto Mixto, radicado entre os concellos de Calvos de Randín e Baltar, na fronteira con Portugal**

**A señora PRESIDENTA:** Señoras deputadas e señores deputados, reiniciamos a sesión ca Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a divulgación do valor histórico e o desenvolvemento cultural e social do Couto Mixto, radicado entre os concellos de Calvos de Randín e Baltar, na fronteira con Portugal.

A esta proposición non de lei se lle presentou unha emenda por parte do Grupo Parlamentario Popular, documento –por favor, prégolles silencio–, documento 21311.

*(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa do deputado Maximino Rodríguez Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara; presentan a seguinte EMENDA á Proposición Non de Lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a divulgación do valor histórico e o desenvolvemento cultural e social do Couto Mixto, radicado entre os concellos de Calvos de Randín e Baltar, na fronteira con Portugal. (07/PNP-0335(20500)).*

*Emenda de Adición:*

*Débase engadir un terceiro parágrafo:*

*“3.- Fomentar traballos de investigación relativos á orixe do Couto Mixto, contido e aplicación práctica dos seus privilexios; análise da súa natureza e referencias com-*

*parativas coa estrutura histórica das características propias do sistema Andorrán.”)*

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Seara Sobrado.

**A señora SEARA SOBRADO:** Moitas gracias, presidenta.

Señorías, boas tardes.

É para min hoxe unha honra, e un motivo de emoción, incluso, presentar no Parlamento de Galicia esta iniciativa. Por certo, iniciativa que onte, bueno, pois moi parecida foi aprobada no Congreso dos Deputados e defendida polo meu compañeiro o deputado ourensán Alberto Fidalgo. Emocionada, digo, primeiro, porque estou vencellada a estas terras e estou vencellada á súa historia; e, segundo, porque sei da loita e do esforzo levado a cabo polos veciños e veciñas do Couto para rescatar a súa historia, esta historia do esquecemento. Por eso desde esta tribuna quero facer un recoñecemento a todos e cada un deles, especialmente á Asociación de amigos do Couto Mixto e tamén á Asociación de veciños e de veciñas do Couto Mixto. A Cesáreo González, a Hortensio Quinteiros, a Aquilino Valencia –próximo alcalde de Calvos de Randín–, a Xosé Benito Reza, a Carlos Varela, a Alfonso Sobrado Palomares, a Pepe González, e, especialmente, a Luís García Mañá, auténtico artífice do renacemento do Couto Mixto.

Hai moita intriga con esta iniciativa, mesmo cando se presentou. Pois vou intentar explicar un pouco, a aquela xente que non coñece a historia do Couto, en que consiste.

O Couto Mixto está formado por tres aldeas da comarca da Limia que durante anos funcionaron como unha república independente, como un espazo de cultura, como un espazo singular tanto no xurídico como no histórico, un punto de encontro entre Galicia e Portugal, en definitiva, unha república entre dous reinos.

Os pobos de Rubiás e Santiago, no concello de Calvos de Randín, e de Meaus, do concello de Baltar, albergan unha historia de séculos atrapada nos vinte e sete quilómetros cadrados do territorio.

O Couto naceu vencellado ao castelo da Vicoña, ligado despois á casa de Bragança alá polo século XII. Non foi ata 1864, ca firma do Tratado de Lisboa –que xa, por certo, na súa exposición de motivos este Tratado de Lisboa falaba da existencia dunha poboación ambigua, que son, e somos, os raianos– cando, ao ser definidas as fronteiras –aínda hoxe vixentes estas fronteiras– as tres aldeas pasaron a formar parte de Galicia. Neste tratado asinouose a desaparición do Couto Mixto, que quedou integrado en España a cambio dos chamados pobos promiscuos, como Cambedo, Souteliño da Raia e Lama de Arcos, que se cederon, que foron cedidos a Portugal.

A vixencia do tratado comezou no ano 1868, e con esto tamén a desaparición dun sistema de goberno que se organizaba cunha representación paritaria destes tres pobos na toma de decisións. A máxima autoridade, tanto política, como xudicial, como administrativa, era un xuíz ou xefe político. Con el colaboraban os homes de acordo, os chamados “homes de acordo”, representando a cada unha das tres aldeas. Os documentos e arquivos que lexitimaban as decisións se gardaban nunha arca de madeira que actualmente é o símbolo do Couto, cuxa apertura se facía nunha solemne cerimonia. A arca estaba –e está– custodiada na igrexa do pobo de Santiago, pechada con tres chaves, cada unha delas representaba a cada pobo. Para abrir a arca debían reunirse doce homes, ademais dos tres posuidores das chaves. Estas terras, desvencelladas das coroas portuguesa e española, mantiveron privilexios, moitos privilexios, por exemplo, non contribuír con homes a ningún exército, eran persoas de paz, eran persoas, as do Couto Mixto, que fuxían das guerras; mantiñan o privilexio de dereito de asilo para os fuxidos da xustiza española e da xustiza portuguesa; estaban exentos de tributos; os seus cidadáns non participaban nos plebiscitos, nin de España nin de Portugal; tiñan liberdade de cultivos e practicaban o comercio libre, sen dar contas a ninguén. Ademais por un itinerario chamado “camiño privilexiado”, camiño inmune á acción dos gardas da fronteira; alí se comerciaba con tabaco, con medicamentos, con xabón, con sal, con sucre, etc.

Miren, o Couto Mixto non é Andorra –eu escoitei por aí moitas comparacións–, tampouco é Montecarlo, pero a súa historia di que poido selo. Alí non hai casinos, no Couto Mixto, nin hai estacións de esquí, pero hai unha gran riqueza patrimonial, tanto inmaterial como material, e hai unha



gran riqueza natural. Sobrado Palomares, Alfonso Sobrado Palomares, o actual director da Casa de Galicia en Madrid, veciño do Couto Mixto, nacido no Couto Mixto, dixo que este Couto Mixto non seguiu sendo principado porque non había cartos nin recursos para manter a un príncipe. O propio García Mañá apunta que a falta dun señor medieval fixo que o Couto Mixto hoxe non figure en ningún mapa. En fin, ademais de todo isto tamén hai lendas, lendas quen sabe se certas ou non, como a que fala dunha princesa, dunha princesa fuxida por amor, embarazada, que se perdeu e que foi protexida polos veciños do Couto Mixto dos seus enemigos, foi protexida dos seus enemigos alí, no Couto Mixto, e que alí mesmo tamén deu a luz; e cando chegou a raíña lles outorgou aos seus protectores os privilexios dos que gozaron durante anos. Hai lendas que van máis alá e que din que o fillo desta princesa primeiro, raíña despois, foi San Rosendo, o propio San Rosendo. Pero o que desde logo si é indiscutible é que, durante sete séculos, existiu en Galicia, existiu na comarca da Limia, nos montes do Larouco, unha pequena república de sonos. Por certo, nunha zona que hoxe rexistra as cifras máis baixas de natalidade de Galicia, donde a xente emigra, donde a metade da poboación supera os 65 anos, donde hai un déficit de servizos e de infraestruturas que sitúa aos seus moradores no límite da heroicidade.

Por eso tamén esta iniciativa é unha aposta máis polo reequilibrio territorial, por mellorar a calidade de vida dos seus habitantes apostando pola súa gran riqueza e dando e buscando unha esperanza para acadar alí pois as oportunidades que estos veciños merecen. Pero, sobre todo, o que pretende esta iniciativa e o que se pretende con ela é a restauración dunha memoria que devolva a dignidade á intrahistoria de Galicia. Galicia, país con personalidade propia, con territorios singulares como este, como o Couto Mixto, como Cataluña ten o propio valle de Arán. Isto non se trata dunha reivindicación territorial nin tampouco estamos ante unha reivindicación político-administrativa, pois xa a historia trazou o propio camiño. Pero si se trata de rescatar da invisibilidade os episodios reais que a forman e que, por algunha razón, nalgún momento quedaron sepultados.

O concepto de liberdade e de autonomía que exhala o Couto Mixto e a peculiaridade do espazo fronteirizo que ocupa entre dous estados son razóns máis que suficientes para rescatalo non do esquecemento, porque aínda hai xente con memoria, pero si do rincón ao que foi empuxado. Hai

espacios reais que as singularidades incorporan á lenda, as propias singularidades, ademais, incorporan a lenda; lendas como a que xa lle contei e outras moitas lendas. O Couto Mixto é posuídor dunha historia única, chea precisamente de singularidades nas que agromou a democracia, nas que agromou a liberdade e a paz moito antes que nos territorios que o rodeaban. Tal vez hoxe o Couto Mixto sexa un lugar soñado pero absolutamente real e excepcional, por ser indiscutible a súa historia entre os séculos VII e XIX. Terra de ninguén o Couto Mixto, pero terra ceibe. O Couto Mixto debe incorporarse ao mapa cultural do país coa contundencia dos fitos porque, de algún xeito, é unha obra única; o Couto Mixto é unha obra maestra, e só a memoria e o recoñecemento como o que hoxe pretendemos a dignificará, dignificará o Couto Mixto, e a convertirá nun punto de encontro.

Moitas grazas, e espero contar co apoio desta Cámara.  
(*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Seara.

Rolda dos grupos.

En primeiro lugar, intervén o señor Rodríguez Fernández, polo Grupo Parlamentario Popular.

**O señor RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados.

En primeiro lugar, en nome do Grupo Parlamentario Popular, os meus cumprimentos aos representantes da Asociación de amigos do Couto Mixto, veciños e veciñas do Couto Mixto.

A mediados de setembro do ano 1999, organizado pola Universidade de Vigo coa intervención da Universidade portuguesa de Tras-os-Montes, Alto Douro, e sendo colaborador importante no acontecemento o concello dese meu lugar, dese noso lugar, onde o mundo se chama Celanova, celebrouse precisamente no mosteiro de San Salvador de Celanova, así como na vila portuguesa de Chaves, un curso de extensión universitaria que versou sobre o Couto Mixto. No mesmo, un dos grandes impulsores da posta en valor da memoria do Couto, rescatándoa dun esquecemento inxusto e

inxustificado, o escritor Luis García Mañá, puxo de relevo que no mes de xuño do convulso ano 1868, nun olvidado punto da fronteira galega-trasmontana estaba a rematar a existencia dunha cativa república, nacida probablemente a cabalo dos séculos XII e XIII, e coeva –é dicir, da mesma época– da formación da nación portuguesa. Nese intre, amargo e triste, a pequena aldea de Santiago, ubicada dentro do Couto Mixto, era testemuña dunha inxustiza histórica, pois para ise lugar de Santiago e para os outros dous, de Rubiás e de Meaus, que compuñan o Couto Mixto, institución secular dotada de extraordinarios privilexios e moi peculiares características dentro do que puidera chamarse tipoloxía política, pechábase a posibilidade de constituír un enclave singular, que algúns consideran que posuía –aínda que esto sexa un tanto discutible– carácter estatal, e necesitado, a estes efectos, dunha adecuada profundización analítica; e, en todo, caso con evidentes semellanzas co sistema tradicional andorrá e co definido perfil dun suxeito de dereito histórico.

O Tratado de límites ou de lindes de Lisboa de 1864, formalizado entre España e Portugal, entre os gobernos da súa maxestade fidelísima e da súa católica maxestade, puxo fin á existencia do Couto Mixto, extinguíndose unha realidade político-administrativa de características complexas, que se forxou ao longo de máis de sete séculos. Hoxe o Couto Mixto, que ao tempo da súa extinción institucional –digámolo así– tiña unhas 2.695 hectáreas, no val do río Salas, afluente do Limia, unhas 250 casas e máis de 800 habitantes –probablemente preto de 1.000–, distribúese entre os concellos ourensáns –como xa dixo dona Laura Seara, que me precedeu no uso da palabra– de Baltar, ao que pretende Meaus, e de Calvos de Randín, no que se integraron Santiago e Rubiás. En todo caso, hai que manter sempre viva e acesa a memoria da súa vixencia histórica e o abano das súas proxeccións. Neses impulsos e actividades a Asociación de amigos do Couto Mixto, que xurde no ano 1998, desenrola un gran labor.

Quede claro, en todo caso, que o Couto Mixto non foi a imprecisión anecdótica dunha delimitación de superficie encravada entre as fronteiras limiares que se prolongou en demasía no tempo e que adornouse coa lenda da princesa infortunada e logo raíña agradecida, magnánima e xenerosa, á que tamén se referiu a señora Seara. Baste desmentir a singularidade dos seus excepcionais privilexios, dos que dá

abondosa conta Luís García Mañá no seu libro –esencial da materia, unha obra de referencia– *O Couto Mixto, unha república esquecida*, feito, como di o autor, a raíz e como resultado do curso de extensión universitaria mencionado ao inicio desta intervención. Libro no que hai varias remisións e parciais constancias de contido doutro libro importante titulado *Interesante historietas del Coto Mixto con unha digresión política, social y religiosa*, do que foi autor Delfín Modesto Brandón, un dos derradeiros xuíces gubernativos e civís do Couto, libro iste publicado –e fago reprodución textual– en La Coruña, na imprenta Tierra Gallega, año 1907, San Andrés 153, teléfono 124, do que quero facer constancia non simplemente por iste pormenor senón porque realmente cando se redactou foi en Celanova, xaneiro do ano 1904, tal como di o autor ao remate do seu escrito.

Pois ben, na pormenorizada clasificación e acertada análise de García Mañá figuran privilexios persoais como foron unha escolla de nacionalidade española ou portuguesa, entreverada da figura de perfís pouco transparentes, pouco diáfanos, daquíl que non optaba por ningunha, daquíl que non se pronunciaba nin a favor de España nin de Portugal, e a elección reflectíase nas lumieiras ou nas portas das casas coa letra inicial “p” de Portugal ou “e” de España ou “g” de Galicia.

Segundo. A exención de sangue ou de contributo de homes aos exércitos de España ou de Portugal.

Tres. O dereito de asilo coa consecuencia de que nin a xustiza española nin a xustiza portuguesa podían prender os delinquentes que ao Couto Mixto se acollían, agás cando era comisión de delitos de moita gravidade, como un homicidio.

Privilexios políticos abranguendo un autogoberno traducido no dereito dos habitantes á elección dos seus gobernantes, sendo o xuíz o xefe político, administrativo, gubernativo e xudicial, axudado polos chamados seis homes de acordo, dous por cada un dos tres pobos de Santiago, Rubiás e Meaus, e sendo axente executor das súas determinacións o chamado vigairo do mes.

E logo había uns privilexios de tipo fiscal, dos que fala Méndez Brandón –perdón–, Delfín Modesto Brandón, dicindo: Dichos pueblos han estado exentos de pagar contribuciones a los estados limítrofes de España y de Portugal, tanto

de tipo territorial como por outros conceptos, como consellos, industrias, comercio, o de outra índole.

Douse o privilexio fiscal do libre comercio, aclarando Madoz que, cualesquiera géneros de lícito o ilícito comercio que se introduzcan en el Coto, se pueden vender publicamente en el sin que las autoridades de España y de Portugal se les permita aprehenderlos, decomisarlos o prender a los traficantes. Privilexios administrativos que incluían ausencia de impresos oficiais e papel selado, posesión e uso de armas, de maneira tal que os veciños do Couto Mixto non precisaban de licencias ou guías para telas ou para usalas. Armas de caza, unha actividade tan propia da Raia Seca, e de defensa.

E privilexios económicos e comerciais, destacando un, o camiño singularmente privilexiado que ao longo de pouco máis dunha legua, sobre un 6 quilómetros, conducía do Couto Mixto á vila portuguesa de Tourén, Turei en castelán, e nese viero ninguén podía ser apresado e tampouco podían aprehenderse as mercadorías que transportasen, incluídas as de contrabando, sin que nada puidesen facer en contra dos camiñantes e traficantes nin os gardiñas portugueses nin os carabineiros españois.

Dous. A liberdade de cultivos, ademais dos de subsistencia, o liño, que logo foi desplazado polos tecidos procedentes de Cataluña, e o tabaco, chamado entón herba santa. Hoxe coido que non. O cultivo do tabaco provocou situacións conflitivas cos pobos limítrofes, coas facendas estatais e rexionais, aínda que non era de boa calidade, por exceso de nicotina, sabor moi forte e pola súa deficitaria e deficiente manufacturación.

E tres. En feiras e mercados, coa exención do pagamento de dereitos aduaneiros a favor dos veciños do Couto Mixto en relación ao seu paso por terras galegas ou trasmontanas, camiño das feiras e mercados ou regresando de elas.

Se todos estes privilexios demostran a existencia dunha situación cuasi estatal, que desborda por completo os límites propios dunha autonomía, cabe recordar que os documentos de transcendencia, contendo precisamente privilexios, prerrogativas, dereitos e concordias, gardábanse, como tamén se dixo eiquí, celosamente nunha arca de madeira fechada por tres pechaduras, unha por cada un dos tres pobos, de Santiago, Meaus e Rubiás, arca despositada na sancristía da

igreja do pobo de Santiago, pois a bancada de pedra do adro era lugar habitual de xuntanza dos gobernantes e dos veciños a efectos de toma de acordos.

A cerimonia de apertura da arca respondía a un ritual caracterizado pola súa solemnidade e por ser compartido. Desgrazadamente, as tropas do Mariscal Soult, fuxindo de Portugal baixo a persecución das tropas portuguesas e inglesas de Lord Wellington, derrotadas e esgotadas coa mala compañía da fame, do frío e da choiva, violentaron a arca e estragaron o seu contido.

Quero recordar xa rematando, porque estou sobrado de datos, como sen dúbida dona Laura Seara e don Xosé Ramón Paz Antón, pero apurado de tempo, que tal como di no limiar do libro de García Mañá, o galeguista Xosé González Martínez, cabe preguntarse con evidente fundamento por qué a sorte dos mixtos non foi a mesma cá dos andorráns malia a teren semellanzas na súa orixe, no goce de grandes privilexios e estaren tuteladas por dous estados.

Nós presentamos unha emenda a efectos de que se siga a fomentar a investigación entorno ao rigor histórico respecto da orixe, da natureza e das características deses privilexios. Pénsese que no expediente instruído pola primeira secretaria de despacho de Estado en abril de 1845 dise que os privilexios do Couto Mixto realmente consérvanse por tradición, pero que —e así foron recoñecidos en varias ocasións polas autoridades portuguesas e españolas—, pero que non se topou, ben porque non existe ben porque non se puido atopar, o documento ou carta no que se funden tales privilexios.

E, doutra banda —e con iso remato—, a efectos de completar o rigor histórico dunha singularidade complexa e participativa que ben pode merecer a atención da Unión Europea, na procura de axudas dinamizadoras, dun espazo xeográfico caracterizado durante séculos pola súa condición de suxeito específico no plano do dereito histórico.

Limítome a unhas referencias literarias respecto a que o Couto Mixto está presente na novela de Luís García Mañá *O lume de Santo Antón*; nun dos relatos da obra magnífica *Arraianos*, de Méndez Ferrín, concretamente *O exclaustrado de Vilavelle*; tamén na *Quinta do Saler*; dun autor que lamento agora non recordar, creo que Riveiro Coello; e tamén en *O lobo guerrilleiro*, de Bento de Cruz.

Permítanme que termine dicindo: polo que foi, e polo que pudo ser e non foi, ¡viva o Couto Mixto! (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Rodríguez Fernández.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Paz Antón.

**O señor PAZ ANTÓN:** Moitas grazas, señora presidenta.

Con esta proposición non de lei sobre o Couto Mixto estamos a falar, por unha banda, de historia, da singularidade dun territorio no tocante á súa forma de autogoberno; e, por outro lado, estamos a falar da utilización desta historia como un elemento de desenvolvemento cultural e social, un elemento para o desenvolvemento dunha zona necesitada de iniciativas dinamizadoras.

Algún investigador, tal e como se recolle na propia exposición de motivos da proposición, parece relacionar a desaparición legal do Couto Mixto no ano 1868 co inicio dun proceso de involución nas capacidades económicas desta comarca nos concellos de Calvos de Randín e Baltar.

Non sabemos se, efectivamente, a propia existencia do Couto Mixto favorecía *per se* un modo de desenvolvemento relacionado coa situación fronteiriza, coa particularidade engadida da exención de impostos, os privilexios para o comercio e outros beneficios, pero o que si sabemos é que, coincidindo coa fin do século XIX e durante o século XX, rexistráranse alí os maiores índices de emigración da provincia ourensá, chegando na actualidade a soportar os índices de nacementos máis baixos de Galiza, as máis altas cotas de envellecemento da súa poboación e, como dixo a señora Seara, os máis precarios índices socioeconómicos.

Sobre a historia do Couto Mixto –ben interesante, por certo– non vou a falar, ese é un vestixio medieval de autogoberno en forma de pequena república que permaneceu durante séculos entre os coutos e o mayorazgos do antigo réximen, e que mesmo sobreviviu entre 1833 e 1868 á nova división administrativa das provincias e dos concellos. Dos pormenores históricos xa se ten falado con anterioridade á miña intervención.

Dende hai aproximadamente dez anos, o feito histórico do Couto Mixto foi posto en valor e produciuse un renacemento que levou a este espacio singular a aparecer periodicamente na primeira plana da actualidade cultural do noso país. Unha serie de persoas e asociacións, os veciños e amigos do Couto Mixto, iniciaron unha serie de actividades culturais para divulgar o feito diferencial deste territorio. Cabe destacar a creación no ano 2000 dos premios Xuíces Honorarios do Couto Mixto, o irmanamento coas aldeas portuguesas que antes formaban parte deste Couto, representacións teatrais sobre costumes tradicionais, presentacións de libros, colocacións de placas en cada aldea recoñecendo o particular papel que cada unha delas desenvolvía na configuración do Couto, a creación do monumento *Milladoiro de pedras e palabras*, ou mesmo a proclamación do manifesto *Falamos unha lingua milenaria*, no que se proclamaba a súa fidelidade ao galego como lingua propia e independente.

Todas estas actividades mereceron diversas distincións, entre elas o Premio da Crítica galega de iniciativa cultural pola recuperación da autoestima e memoria histórica como parte dun espacio xeográfico e cultural, e por favorecer tamén o reencontro da convivencia entre Galiza e Portugal.

Entre as múltiples actividades, trátase tamén de consolidar o Museo aberto do Couto Mixto. Este museo son as tres poboacións en si mesmas, as súas construcións singulares, as antigas casa do xuíz ou a botica de Meaus, diversos comercios ou as igrexas, que contan con interesante patrimonio históricoartístico. Este patrimonio, xunto co proxecto dun Museo etnográfico e a creación dun Centro de Interpretación do Couto Mixto, son proxectos e mostras evidentes da posta en valor deste territorio que se suman á cantidade de publicacións, conferencias e exposicións realizadas.

Entre as publicacións cabe citar *As afinidades lingüísticas*, de Manuel Taboada Cid, *O estudio socioeconómico do Couto Mixto*, realizado por Máximo Salinas, ou os libros de Luís García Mañá, *O meniño morreu* ou o que xa ten citado, *O Couto Mixto, unha república esquecida*.

Ademais do aspecto patrimonial e cultural cómpre destacar os valores paisaxísticos e naturais e a posibilidade de explotar as potencialidades turísticas, no que ten sido pioneira a Coordinadora Galega de Roteiros, que xa leva varios anos organizando excursións e divulgando a realidade e a

historia desta zona do noso país. Sumaremos a isto a creación da primeira infraestrutura de turismo rural, alí onde nada había a este respecto.

Por tanto, estamos diante dun interesante proxecto que a partir da posta en valor do pasado histórico dun territorio pretende o desenvolvemento socioeconómico e cultural dunha área deprimida. A experiencia pode servir, dende logo, de paradigma para outros territorios en relación á reutilización do seu patrimonio.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera acaída esta iniciativa, que vai apoiar, considerando que a súa aprobación será un elemento máis para afortalar o proxecto que nos ocupa.

Cómpre dicir tamén que o Goberno galego xa se ten mostrado sensíbel ás necesidades de desenvolvemento planxeadas pola Asociación de Veciños do Couto Mixto. Por poñer só un exemplo, lembremos que a comezos deste ano, deste ano 2007, a Consellería do Medio Rural subvencionou un Plan de dinamización turística e cultural para aproveitar os recursos en materia de patrimonio, a través de Agader e dentro dos plans dinamizadores do medio rural.

Remato xa facendo unha homenaxe aos libros. Un deputado desta Cámara, do que non diremos o nome, dixo que o seu concello non necesitaba biblioteca porque a xente non lía. Non me estraña que o seu grupo perdera as eleccións o domingo pasado. En contraposición a este impresentábel argumento, e aínda considerando que o renacemento do Couto Mixto é unha tarefa colectiva, penso que é de xustiza recoñecer ao autor de *O Couto Mixto, unha república esquecida*, a Luís García Mañá, como iniciador en certo modo de todo isto que estamos a falar. Neste libro se di ao principio de todo a seguinte frase: Hai preto de cincocentos anos que Tomás Moro describiu unha república imaxinaria, a obra foi titulada *Utopía*. O Couto Mixto existiu, non foi unha utopía, mais hoxe é unha república esquecida. E eu quero engadir que hoxe tentamos que a república do Couto Mixto non siga no esquecemento e que, ademais dunha fermosa historia, os veciños e veciñas do lugar, deste lugar, teñan instrumentos para mellorar o seu nivel de vida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Paz Antón.

Turno de peche e de posicionamento sobre a emenda para a señora Seara Sobrado.

**A señora SEARA SOBRADO:** Gracias, presidenta.

Bueno, antes de nada dar as gracias aos dous grupos parlamentares que apoian esta iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista.

Quero insistir neste último turno na oportunidade que isto significa para esta zona, para a comarca da Limia, para o Couto Mixto, para os concellos de Baltar e de Calvos de Randín; do que isto significa para a cultura do noso país, para reforzar as nosas singularidades como país, para vencellarnos máis con Portugal, para o patrimonio. Aquí se falaba de patrimonio, eu na miña primeira intervención apenas o citei, falei dun patrimonio inmaterial e material enorme, dun patrimonio natural esplendoroso, pero, efectivamente, no Couto Mixto, hai unhas casas maravillosas, casas que son auténticas xoias. Aquí se citaron algunhas, como a casa do xuíz ou a antiga botica de Meaus, pero tamén as igrexas, a igrexa de Santiago de Rubiás, que alberga precisamente esa arca, cunha capela románica excelente, ou a igrexa de Meaus cuns retablos barrocos de gran importancia ¿non?

Está, efectivamente, en marcha –e así o queren os amigos, a Asociación de Amigos e de Veciños do Couto Mixto–, poñer en marcha –esperemos que agora si– ese museo aberto, porque é todo o Couto Mixto un museo. ¡Ogallá se faga unha realidade!

E tamén isto, señorías, unha oportunidade para a lingua. É unha oportunidade para a nosa lingua. Eu quero destacar hoxe aquí, efectivamente, que xa no ano 2002 foi no Couto Mixto, foi o Couto Mixto o lugar que se elixiu e o lugar escollido para presentar publicamente o manifesto “Falamos unha lingua milenaria”, promovido pola Fundación Premios da Crítica. Isto tamén, esta iniciativa tamén eu creo que pode ser, pretende ser, un homenaxe a outras zonas galegas, a outras zonas do país, a zonas, especialmente ás aldeas e aos pobos pequenos aillados, que durante anos, e dado precisamente o seu aillamento xeográfico, se dotaron dunha organización propia e dunha organización exemplar. Non como a do Couto Mixto, pero si é verdade, é certo, que hai

zonas no noso país que, bueno, pois que si escarvamos un pouco na historia atoparemos cousas ben curiosas ¿non?, insisto, nunha organización exemplar.

Respecto da emenda, señor Rodríguez, hai moitos estudos feitos xa, gracias, precisamente, a esas asociacións que hoxe citamos aquí, a eses sabios, como falábamos, de García Mañá e de Benito Reza, de Sobrado Palomares. Hai moitas cousas en marcha. Estamos de acordo, vamos a intentar facer unha pequena transacción.

E remato, señora presidenta, cunha licencia que me vou a permitir, que me vou a permitir como limiá, polo tanto como raiota ou como arraiana, que é como nos chaman, igual que o meu compañeiro Alberto Fidalgo, que onte defendeu, insisto, unha iniciativa moi parecida a esta. Rematar cas verbas dunha galega ilustre, como fixo el onte, unhas verbas de Emilia Pardo Bazán, que din así: “Portugal é para min como América Latina, algo que teño que recoñecer política e xeograficamente, pero que moralmente –afectivamente, sobre todo– continúa formando parte da miña patria.”

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

Señora Seara Sobrado, ¿o da emenda? Suspendemos uns segundos a sesión para que poidan transaccionar.

*Suspéndese a sesión.*

*Retómase a sesión.*

**A señora PRESIDENTA:** Reanúdase a sesión.

Lle prego aos señores e señoras deputados e deputadas que ocupen os seus escanos. Imos a someter a votación as proposicións non de lei. Pechamos as portas.

*(Pide a palabra a señora Seara Sobrado.)*

¿Si señora Seara?

**A señora SEARA SOBRADO:** Hai un pequeno cambio. Queda do seguinte xeito: “O Parlamento de Galicia, recoñe-

cendo o valor histórico e cultural do Couto Mixto, insta a Xunta de Galicia a desenvolver iniciativas que contribúan a divulgar o seu valor histórico, a coordinar coas administracións locais correspondentes iniciativas que contribúan ao seu desenvolvemento cultural e social e a seguir fomentando traballos de investigación relativos á orixe do Couto Mixto, contido e aplicación práctica dos seus privilexios e análise da súa natureza.”

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias. Lle prego que despois o pase aos servicios da Cámara.

Pasamos, por tanto, á votación, sometendo en primeiro lugar o documento 18191, unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular á cal non se lle presentaron emendas.

Votamos.

*(Votación.) (Pausa.)*

Presentes na Cámara, 68; votan afirmativamente 32; negativamente, 36.

Queda, por tanto, rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora o texto transaccionado do documento 19150, que o texto é: “O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno central para

1) demandar do Ministerio de Industria Turismo e Comercio unha resposta con premura ás reivindicacións dos traballadores/ traballadoras das empresas auxiliares da minería galega do carbón que permita proceder ás incorporacións e recolocacións para todo o colectivo de traballadores/traballadoras.

2) que o Ministerio de Industria Turismo e Comercio de inmediato considere prioritarios todos os proxectos empresariais que contemplan compromiso de recolocación de traballadores e traballadoras das compañías auxiliares da minería do carbón galega.”

Votamos.

*(Votación.) (Pausa.)*

Presentes na Cámara, 68; votan afirmativamente 68.

Queda, por tanto, aprobado por unanimidade o texto transaccionado da proposición non de lei.

Votamos agora o documento 20449, proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular. Non se lle presentaron emendas.

Votamos.

*(Votación.) (Pausa.)*

Presentes na Cámara, 68; votan afirmativamente, 32; negativamente, 36. Queda por tanto rexeitada esta proposición non de lei.

E votamos finalmente a proposición non de lei sobre a divulgación do valor histórico e o desenvolvemento cultural e social do Couto Mixto, radicado entre os concellos de Calvos de Randín e Baltar, na fronteira con Portugal.

Votamos.

*(Votación.) (Pausa.)*

Presentes na Cámara, 68; votan afirmativamente 68.

Queda, por tanto, aprobado por unanimidade o texto transaccionado desta proposición non de lei.

### **Interpelación de D. Roberto Castro García e seis deputados máis, do G. P. Popular, sobre as investigacións realizadas en relación ás causas dos incendios forestais do ano 2006, os datos e as actuacións levadas a cabo respecto da intencionalidade destes**

**A señora PRESIDENTA:** Pasamos agora a substanciar as interpelacións, comenzando pola do Grupo Parlamentario Popular, sobre as investigacións realizadas en relación ás causas dos incendios forestais do ano 2006, os datos e as actuacións levadas a cabo respecto da intencionalidade destes.

Para formular a interpelación ten a palabra o señor Castro García.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados.

Señor Suárez, *de nuevo, aquí nos tenéis*. Xa ve vostede, imos a seguir falando de incendios e, por suposto, do risco permanente con vostedes á fronte do Goberno. Risco que existe aínda que vostedes non o crean.

Dirán vostedes que somos recurrentes no tema este dos lumes (*Murmurios.*) Pode ser. Pois ben, non nos importa. Para eso estamos aquí, para asumir as nosas responsabilidades como oposición nesta Cámara, e non nos van calar vostedes. As mordazas, señorías, as mordazas noutras partes e por parte de outros ilustres amigos do cono sur americano, amigos do señor Rodríguez Zapatero. (*Aplausos.*)

Nós temos obrigas que cumprir, e a vostedes certamente lles gustaría que non se falase desta nefasta xestión do nacionalismo neste asunto dos lumes, e tamén noutros. Imos seguir falando deles. Non agarden vostedes a abdicación das nosas responsabilidades porque eso non se vai a producir.

Traeremos a esta Cámara, coa única limitación do criterio da Mesa da Cámara a respecto da súa cualificación, todas aquelas iniciativas que nos parezan oportunas e, polo tanto, parafraseando ao inmortal Francisco de Quevedo y Villegas diríamos aquí agora, a respecto da súa epístola satírica: “*No he de callar por más que con el dedo, ya tocando la boca o ya la frente, silencio avises o amenaces miedo.*”

Señora presidenta, todos sabemos que o ano 2006 foi especialmente dramático no que atinxe aos lumes forestais en Galicia. Sabémolo nós, sábeno os que estanse a rir neste intre, sábeo o Goberno e sábeo Galicia. Houbo un récord de hectáreas queimadas en dez días de agosto, con cuantiosas perdas e vítimas mortais, que é a meirande perda que un país pode padecer. E onte mesmo decía o señor Suárez –hoxe presente nesta Cámara– que a súa xestión de dez días de agosto fora brillante. E eu teño que convir con el que efectivamente foi moi brillante. Brillaban as lapas con vivo resplendor. Tanto é así que na máis próxima galaxia aquel punto do planeta terra imitaba talvez unha supernova, unha supernova. Certamente, o fume que salía do país foi detectado polos satélites dese país, tan denostado ás veces e tan citado outras, e efectivamente cubriu os ceos de Galicia.

Logo do desastre, a Xunta non asumiu responsabilidades políticas de ningunha caste. Os señores Pérez e Suárez respectivamente seica dixeron: *A mi que me registren. Esto no va conmigo. No es nuestra cuestión*. Pero para tapar a súa conciencia política os grupos que sustentan ao Goberno crearon aquela comisión denominada de incendios, que non sei como non lles dá vergonza creala daquela maneira. Aquela comisión, que debería ser de investigación, non investigou absolutamente nada, nin fixo nada que non fose seguir os ditados das comenencias do Goberno de Galicia, cunha utilización torticeira e inadmisíbel da Cámara por parte de quen goberna. ¡Un absoluto paripé, señorías, unha absoluta vergoña! Nin ceses nin dimisións. Como si todo aquilo fose o máis normal do mundo.

E como causas dos lumes barallábanse unhas cuantas que vostedes lembran perfectamente. Falouse do vento do nordés –que supoño que este agosto que vén soplará tamén, por non faltar á cita de todos os anos–; de supostas tramas incendiarias, –algo diremos desta cuestión–; de baixa humidade relativa, que sempre se dá normalmente no mes de agosto; de altas temperaturas no verán –en Galicia, aínda que non é o mediterráneo, tamén hai boas temperaturas, sobre todo no interior, e que nolo digan aos orensáns–; de brigadistas despechados; de nivel sociocultural de gallegos e gallegas; de encapuchados con pasamontañas en motos de gran cilindrada *que salían de los incendios*, teoría que aínda hoxe manexa un ilustre nacionalista no Congreso de los Deputados.

Pero ningún máis ca nós puxo o énfase en que a xestión dos lumes foi levada a cabo por un grupo reducido e concreto de incompetentes pertencentes á Consellería de Medio Rural. E non é insulto, señor Suárez, é unha pura descrición da situación. Se quixéramos insultalo diríámolle outras cousas, evidentemente.

Nós dixemos con datos que no ano 2006 producíronse menos lumes que en anos anteriores en Galicia.

E isto, que dende o noso punto de vista era absolutamente obxectivo e real, foi constatado por un informe da Fiscalía a respecto da provincia que máis ardeu e que é Pontevedra. É a mesma Fiscalía a que, en contra do afirmado polo Goberno, non proba que algúns artefactos considerados causantes dos lumes o sexan realmente. Mentiron descarada-

mente dende Medio Rural. O informe mesmo rexeita como intencionados lumes que o Goberno así considera, e remata a Fiscalía o seu informe asegurando que non hai investigacións serias e rigorosas por parte da Xunta de Galicia –Consellería de Medio Rural entre outros departamentos–; ou sexa, ademais de incompetentes, irresponsables. Esas son, señorías, as mans políticas nas que nos atopamos; as deste bigoberno que soportamos en Galicia.

Buscaron vostedes culpables nos alcaldes do Partido Popular e os cidadáns deses alcaldes, veciños deses alcaldes, déronlles un amplo respaldo o 27 de maio, precisamente donde máis ardeu. Buscaron vostedes culpables nos máis diversos e dispares argumentos ao seu alcance, e comprobamos sorprendidos que a trama que buscaban, se é que existe, está bastante perto de vostede, señor Suárez. Porque, señorías, un xulgado de Ourense investiga á Xunta de Galicia, e o Ministerio Fiscal queréllase contra a Consellería de Industria –nacionalista, ¡vaia casualidade!– acusándoa de un delito continuado de incendio forestal imprudente, ¡vaia por Deus! ¡Mira que se agora hai que estender a incompetencia de Medio Rural a Industria! ¡Manda chover na Habana tamén, home! ¡Aviados andábamos! ¡Xa nos chegaba pouco co tema de Medio Rural, e agora tamén Industria incorporándose á causa! ¡Mira que buscando cun candil a esa suposta trama e mira por donde temos negligentes comportamentos na xestión dos asuntos públicos por parte do propio Goberno de Galicia, Consellería de Industria, delegación de Ourense! Eu preguntome, e preguntolle, señorías –seguramente é unha pregunta retórica–: ¿cantos minutos tardaría en ser cesado nun país democrático un responsable político ao que se lle imputa, pola súa indolencia, pola súa incapacidade, pola súa deixadez nas súas funcións, un presunto delito continuado de incendio forestal? Isto sólo pasa nesta comunidade de pacotilla na que vostedes teñen convertido Galicia, señorías. Polo camiño que vamos e vendo que Vicepresidencia está disposta tamén a asumir competencias, aínda que as súas propias non as desenvolve como debería –bailes á parte, por suposto–, atoparemos tamén ao vice como responsable de algo nun inmediato futuro en relación cos lumes forestais, xa verán vostedes, xa o verán. Auguro que tamén atoparemos por aí algunha cuestión.

Señor Suárez, as cousas fixéronse moi mal no ano 2006. E non hai garantías de que mellore este ano 2007, por moito que vostede tentara onte, con toda a parafernalia mediática



ao seu favor, tratar de convencernos do que non é capaz de convencer á cidadanía. Vostede non ofrece garantía algunha a respecto da campaña contra o lume do 2007. Díxenlle-lo onte, dígollelo hoxe, señor Suárez, e direillo mentres non cambie a súa actitude e a súa forma de enfocar o problema. Así que, señor Suárez, como dirían aqueles outros: *Go home!*, señor Suárez.

Preguntámoslle esta tarde seis preguntas en concreto que vostede ten por escrito, entre elas se considera que Medio Rural, que por parte de Medio Rural, que se teñen realizado investigacións serias e rigorosas conducentes a coñecer as causas dos lumes forestais. Díganos, señor Suárez se, efectivamente, existen esas investigacións rigurosas. Díganos cantos incendios considerados oficialmente pola consellería como intencionados o foron realmente. Díganolo. ¿A que se debe, señor Suárez, que haya tanta diverxencia entre o número de lumes considerados intencionados e o número de atestados e procedementos incoados como delito contra persoas? ¿Como pode explicar vostede que haxa tan poucos delitos en proporción ao número de lumes forestais que se declaran como intencionados, señor Suárez? ¿Considera vostede que o departamento que dirixe se viu desbordado polos lumes aquel ano 2006? Onte falaba de disfuncións, como pasando de puntillas polo problema. Chámelle como se deben chamar as cousas: ¿incapacidade, desbordamento? ¿Que pasou, señor Suárez, aquel ano? Porque para cambiar as cousas hai que recoñecer o que pasou antes. E, por fin, ¿non considera vostede que na campaña do 2006 houbo pouca previsión por parte do departamento que vostede dirixe en relación con este asunto?

Agardamos con moito interés a súa resposta.

Nada máis, señora presidenta, moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Castro.

Señor conselleiro de Medio Rural, ten vostede a palabra.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):** Gracias, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, tres cuestións previas antes de entrar nas contestacións. Eu creo que é bon

que, ao mellor, na Mesa do Parlamento, lle acepten unha mecánica que é: outra de incendios, e esta máis cargada de bombo, que lla registren. Porque vostede solta eiquí a mesma partitura dependendo en que teña máis ou menos cargada de bombo. O risco existe, existe hoxe, e mentres non cambiemos a situación estrutural de todo o monte galego, vai existir sempre, e ademais, cuando dependa dunha man que non está totalmente na man da Administración combatir, que son os delincuentes, vai existir.

Vostede dedicou un tempo a pedir excusas por traer tantas iniciativas, me parece que podíamos aplicarlle aquilo de *excusatio non petita*, etc. e que, efectivamente, compartimos que o ano pasado foi especialmente dramático. Houbo outros anos en estos últimos tempos donde hubo incendios; está claro que o ano pasado foi especialmente dramática.

Non considero que a palabra incompetente sea un insulto. É un calificativo. Estamos totalmente de acordo. Se lle pode aplicar a moitas cousas. Outras das cousas que vostede ten dito nesta tribuna si o son, esa non; esa, efectivamente, é un calificativo que se pode coincidir ou non con ela.

E unha precisión: eu onte, non sei se me entendeu ben, non quixen dicir que a miña xestión fose brillante, pero como vostede recurrentemente insiste en descalificar a un grupo de persoas entre as que hai técnicos importantes, eu digo que desde o subdirector para abaixo –subdirectores, xefes de servizo, xefes provinciais, técnicos, etc.– que en unha situación moi complicada entre o 4 e o 14 tiveron que tomar moitísimas decisións, cunha situación de estrés importantísimo e tiveron que coordinar a realización de moitísimos traballos, nos que hubo unha incorporación de 1.000 persoas profesionais de fóra, de máis de tres veces o número de medios aéreos que había e probablemente 300 ou 400 vehículos máis, de persoas que non conocen o territorio, que moitos deses vehículos non entran nos sitios onde había que entrar, a xestión que se fixo por parte deses técnicos eu insisto que é de valorar moi positivamente por parte dos responsables políticos e de agradecer. Polo tanto, eu o único que lle insisto é que separemos o terreno da política, non metamos nun mesmo caixón todo e reconozamos o traballo das persoas, porque ao mellor de tanto insistir en unha determinada cousa persoas que fixeron un traballo que por parte creo que de toda a sociedade lle temos que estar agradecidos por ese traballo –insisto, de subdirector para

abaixo-, pois que o valoremos no que en realidade foi. Porque, insisto, moitas das decisións que tomaron foron en unha situación de estrés importantísimo, e o día 15 estaban todos os incendios controlados. Polo tanto, eu creo que eso é digno de agradecer.

E entrando na contestación á súa pregunta direille –a súa interpelación–, direille que a determinación das causas dos incendios forestais se asentan basicamente en tres patas. Se asentan agora en tres patas e se asentaban antes en tres patas. A primeira pata é a dos axentes forestais e dos técnicos que determinan ante un incendio a causalidade posible dese incendio como calqueira outro facultativo de calquera outra profesión en base a protocolos establecidos que eran os mesmos que aplicamos nós, que aplicaba a Administración anterior. O primeiro desenvolvemento desa política de determinación causal se empeza no ano 91. Hasta o ano 99 non se introduce como variable posible os incendios por reproducións, e a partir de aí hai un protocolo que está establecido a nivel do Estado, a nivel europeo, e que funcionou durante todos estes anos. Normalmente en esa causalidade se contan sete causas posibles de incendios: basureiros, desconocidos, reproducións, intencionados, negligencia, queimas e natural.

Nas negligencias poden vostedes meter distinto tipo de cuestións. Pois ben, ata o ano 2005 os intencionados significaban, na valoración media de todos os anos anteriores, o 85,28%, o 85,28%; descoñecidos, o 8,3; e reproducións, o 2,71%. Produto dunha decisión, que non modificación da metodoloxía, dunha decisión que adoptou a Dirección Xeral de Montes de que todas as que ofreceran dúbidas se investigaran e se analizaran con máis intensidade, no ano 2006 baixouse a referencia, de tal maneira que os intencionados pasan a ser 73,57% –¡fíxense vostedes!, oito puntos menos que a media de todos os anos anteriores–, os descoñecidos se incrementan a 11,83 –esa é a causalidade que se dá cuando non hai unha concreción concreta do análise do facultativo de turno– e as reproducións tamén se incrementan ao 6,84. Se falamos deste ano 2007, tendo en conta que aínda non chegamos á época de máximo riesgo, efectivamente aínda se produce unha situación, que é que os intencionados están no 61%, os descoñecidos no 16 e as queimas no 7. Seguramente como na época de máximo riesgo aumentan os incendios intencionados é posible que ao final os intencionados desta campaña non baixen do 70%. En calquera caso, ata o ano 2005 –insisto– os incendios intencionados que daban os

axentes forestais hasta ese momento eran 85,28. A partir do 2006, 73,57. Polo tanto, nós damos menos intencionalidade, máis descoñecidos e máis reproducións que a Administración anterior.

Unha segunda pata da investigación é sobre os incendios que se producen. As brigadas de investigación forestal da Administración galega investigan uns cantos incendios e chegan a unha conclusión máis precisa.

Temos que dicir que o número de incendios investigados polas brigadas de investigación forestal nos anos anteriores a que nós chegamos ao Goberno daban un porcentaxe do 2,82% sobre o número de incendios existentes. No ano 2006 produciuse un concurso de traslados nos que se cambiaron moitísimos axentes forestais de destino, e aínda así se produxo unha investigación do 2,72, similar á media dos anos anteriores. E en este maio, xa estabilizados esos axentes forestais, en 2007 levamos un incremento que multiplica por tres o análise dos incendios sobre o número total de incendios, e nos situamos no 9,36%, que é o que investigan as brigadas de investigación forestal.

Dentro das causas ás que chegan a concluír da orixe destes incendios están, efectivamente, na media do 2000-2005, están entre intencionados e negligentes –hasta o 2005, insisto, nos que investigaban as brigadas de investigación forestal– dá o 92,4%, no caso do 2006 dá a suma de intencionados e negligentes; en definitiva, actividades dolosas ou delitivas, ben directa ou indirectamente, o 85,5%. Preciso tamén insistir en que, sen embargo, se incrementaron no 2006 e no 2007, produto desa directriz que si aplicou a Dirección Xeral de Montes, as queimas e tamén o..., produto de outros incendios, que se agrupan aí os descoñecidos.

Hai unha terceira pata de investigación, que é o que fai a Administración do Estado e a Administración galega a través da Guarda Civil e da Policía. Como vostedes poden imaxinar, o número de incendios que se analizan é moi inferior ao número total de incendios que se produce e mesmo aos que se catalogan como intencionados. Pois ben, temos que dicir que as detencións que se levan producido produto sobre todo da incrementación de medios, da incrementación de materiais e da coordinación entre a Administración e os corpos e forzas de seguridade do Estado producen un resultado do seguinte tenor: ano 2001, 26 detidos; ano 2002, 55;

ano 2003, 47; ano 2004, 69; ano 2005, 104; ano 2006, 133; e no que levamos de ano 2007, 106.

Fíxense vostedes que a media de detidos sobre o número de incendios se situaba en un porcentaxe que hasta o ano 2005, hasta o ano 2004, era de media 0,57, no ano 2005 foi a 0,87 e no ano 2006 1,91, multiplicando por dous; e no que vai de ano 2007 estamos no 19% dos incendios producidos en relación cos detidos que se producen. Polo tanto, hai un cambio significativo, produto do número de persoas que se dedican á investigación, dos medios, etc.

E, por fin, cuando se produce esta investigación dos corpos e forzas de seguridade do Estado, da Guardia Civil, chegan a unhas conclusións sobre o resultado de esas actividades. E aí o que temos que dicir é que, efectivamente, o resultado da Guardia Civil, insisto, todos estes datos, incluído o número de incendios están dados por parte miña ou do director xeral de Montes na Comisión do Parlamento, polo tanto, o número de incendios e todos estes datos que eu estou dando están dados por activa e por pasiva na Comisión do Parlamento, e téñolle que dicir que nos últimos anos, 2004-2006, aí hai parte da Administración anterior e parte desta, se produciron 307 detencións. Desas 307 detencións, 123 corresponden a delincuentes que acaban tendo a calificación de intencionados, donde aí inclúe a Guardia Civil: embriaguez, eliminación de pruebas, cuadrilla de extinción, desconocidos, menores, rencillas y venganzas, incendios y pirómanos, incendiarios y pirómanos, rexeneración de pastos; e, por outra parte, nos que serían negligentes, que son queimas, queimas agrícolas, cohetes, maquinarias, líneas eléctricas, etc., estaríamos situados en 184. Vostedes poden imaxinar que é máis fácil deter a un delincuente que a un intencionado, por eso as porcentaxes que salen destes resultados son o 40% de intencionados e o 60% de negligencias ou imprudencias.

En calquera caso, creo que é moi importante reseñar que no ano 2006, dentro do calificativo de incendiarios ou pirómanos, apareceron detidos 39% máis que os anos anteriores, dentro dese epígrafe.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):** Remato, señora presidenta.

Decirille algunha cuestión final sobre algunhas cuestións que vostede dixo. Como viu, dinlle unha documentación exhaustiva, por certo, xa conocida eiquí. Por suposto que nós non mentimos. nunca verá ningunha alusión en ningún texto nin documento da consellería falando de artefactos dunha determinada maneira. Nós sempre decimos que eso é unha investigación dos corpos e forzas de seguridade do Estado. E da imputación do fiscal de Ourense o único que lle teño que dicir é que, como vostede comprenderá, unha imputación que se fai a un delegado de Industria por dez incendios, dos cuales moitos deles nin siquera cando se produciron tiña acreditación como delegado, incluso, fíxese vostede, a donde nos levaría, ¿verdad? Deixemos que discorra a Xusticia polo seu cauce.

Pero, insisto, incendios que se lle imputan do 2005 –aínda non tiña tomado posesión ese delegado– como negligencia por non activar que esas empresas tuveran que actuar.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):** En todo caso –permítame, señora presidenta, que creo que son dous datos–, en todo caso eu non coñozo ningunha actuación da Administración anterior requeríndolle a ningunha empresa eléctrica –e hai moitos incendios documentados nos anos anteriores por negligencias desas características–, e non conozo ningunha actuación desa cuestión.

E, por fin, unha última cuestión sobre o informe do fiscal, que lle referirei na segunda intervención. Os informes hai que lelos todos, porque, señor Roberto Castro, moitas das aseveracións que fai o fiscal pódolle asegurar que teñen un transfondo que non vai dirixido, polo menos en exclusividade, á Administración actual. E, si non, léaos con interés e verá que hai aseveracións de carácter xenérico que imputan cousas practicamente ao funcionamento do Servicio de Extinción de Incendios en toda a súa extensión, durante moitísimo tempo, á parte de que, desde o noso punto de vista, e despois explicarei...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):**... hai algunhas cuestións que teñen certa falta de rigor nas súas apreciacións.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor conselleiro.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Paz Franco.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señoras deputadas, señores deputados.

Señor conselleiro, é paradigmático que falando de cuestións que teñen a ver co noso país, como o tema dos incendios, xa é a segunda vez polo menos, que eu lembre, que o señor Castro cita a un poeta caracterizado polo seu claro racismo contra os galegos e polo seu marcado carácter anti-galego, como é o señor Francisco de Quevedo.

E a respecto das mordazas, decirlle que nós, no Bloque Nacionalista Galego, non pretendemos calar ao señor Castro no que se refire a falar da problemática dos incendios forestais no noso país, nin ao Partido Popular. É máis, encantáranos que o señor Castro e o Partido Popular falaran da problemática dos incendios forestais do noso país e de alternativas para que non volvamos a estar en situacións como as que vivimos o ano pasado nin como as que levamos vivindo polo menos nas últimas dúas décadas.

Ao que si que aspiramos é a que empecen a falar deste tema sen faltar á verdade nin ao rigor intelectual e político que todos nos debemos e que todos lles debemos aos cidadáns deste país. Porque, efectivamente, vostede ten a tendencia a subir aquí, a esta tribuna, e descalificar sistematicamente o traballo que facemos o resto dos grupos parlamentares. Ten a tendencia a caricaturizar unha comisión parlamentar totalmente lexítima e constituída tal e como establecen as canles regulamentarias, e que a única “irregularidade” –entre outras– que se produciu nesa comisión foi a negativa do Grupo Parlamentar Popular a asumir as súas responsabilidades e a abdicación que fixo da súa obriga de traballar cóbado con cóbado cos outros dous grupos para intentar sacar adiante unhas conclusións que puidéramos compartir todos.

E por iso, porque vostede non participou, pois tamén se atreve a subir a esta tribuna e dicir que nesa comisión –faltando á verdade– chegamos á conclusión de que as causas

dos incendios forestais eran brigadistas despeitados ou o baixo nivel sociocultural dos galegos e das galegas. Eu creo que eso, á parte de ser difamatorio para as persoas que participamos nesa comisión e para os que compareceron nesa comisión, tamén evidencia, unha vez máis, a súa falta de rigor, e que nin siquiera se tomou a molestia de ler as conclusións que se publicaron no Boletín, que foron sometidas a este pleno e ás cales vostede votou en contra, e xa vexo que votou en contra sin saber moito de que se falaba nesas conclusións.

Tamén, se vostede participara naquela comisión, moitas das preguntas que vostede vén a formular nesta interpelación teríaa contestadas. Porque xa non vou a remitirme ás conclusións, sinón, como sei que para vosté esas conclusións carecen de validez, vou a remitirme aos documentos ou ás fontes nas que se beberon esas conclusións.

En primeiro lugar, decirlle que moitos dos datos que se facilitan a respecto do número de incendios que teñen como causa a man do ser humano non son facilitados en exclusiva pola Administración autonómica, non son facilitados en exclusiva pola Consellaría de Medio Rural, sinón que son datos máis homoxéneos que os que se facilitan por parte das forzas e corpos de seguridade do Estado e tamén por parte do Ministerio do Medio Ambiente e do Consello Superior de Investigacións Científicas. Por tanto, creo que o Bloque Nacionalista Galego aínda non temos tanta capacidade para manipular a tan altos niveles, e, por tanto, de veracidade haberá tamén nas afirmacións que fai a Consellaría do Medio Rural.

Tamén aclararlle ao señor Roberto Castro que, cando se fala de incendios provocados pola actividade humana, hai que distinguir entre os que son claramente intencionados e os que son derivados de actuacións ou actividades negligentes e tamén de actividades imprudentes, que desde o punto de vista xurídico tampouco é exactamente o mesmo unha imprudencia e unha negligencia, e ás veces é difícil delimitar. E eso non é baladí, tampouco, á hora de poder imputar un delito que se trate dunha imprudencia simple ou dunha negligencia. Por tanto, os datos das memorias das fiscalías, cando se pretende facer política con eles, hai que miralos cun certo rigor e sen tanto apaxoamento político ou sen tanto intentar levar a ascua á súa sardiña ou a auga ao seu rego, como fai o señor Castro García.

Si vostede tivera participado desa Comisión, tería escoitado de boca do propio fiscal que se encarga da coordinación dos incendios forestais na Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza como é moi difícil establecer parámetros estadísticos referidos ás causalidades dos incendios, tanto dos intencionados como dos negligentes como dos imprudentes, debido á falta de datos estadísticos. E non á falta de datos estadísticos que hai no presente, sinón á falta de datos estadísticos que hai historicamente, tanto por falta de investigación da Administración autonómica e das brigadas de investigación de incendios forestais, nin unha sistematización desos datos estadísticos, como por parte das forzas e corpos de seguridade do Estado. E tamén tería escoitado como este mesmo fiscal solicitaba, instaba, que houbera unha maior implicación por parte tanto do Estado como da Comunidade Autónoma na posta a disposición de medios humanos e materiais para incrementar o nivel de investigación para, desta forma, empezar a ter conclusións máis verificables desde o punto de vista científico, desde o punto de vista estadístico.

Pero tamén el nos fixo ver, nos fixo conscientes, da dificultade que pola propia etioloxía do delito incendiario implica levar a cabo estas investigacións, xa que no propio acto delitivo se producen a desaparición da maior parte das probas ou dos indicios materiais que puideran concluír coas causas e mesmo coa detención dos autores dos incendios forestais, e que, por tanto, tamén isto era, desde o punto de vista do fiscal, unha debilidade.

E esa tal vez pode ser a resposta a unha das preguntas que vostede fai na súa interpelación, ¿non?, que é a que se debe que haxa tanta diverxencia entre o número de lumes considerados como intencionados e o número de atestados incoados. Porque para incoar un atestado, unhas dilixencias previas, na vía penal hai que ter, cando menos, algunha proba indiciaria que permita incoar esas dilixencias, e o propio fiscal, como lle dixen, manifestaba que a proba básica no delito de incendio é a proba persoal, as probas testificales, xa que as outras probas pois desaparecen como consecuencia do propio delito.

E a respecto dos artefactos, que vostede tamén ten a tendencia a repetir e poñer en boca de responsables políticos cuestións que eu nunca escoitei de responsables políticos, pero si que non só as escoitei senón que as vin escritas da

comparecencia dun xefe do Servizo de Protección da Natureza, do SEPRONA, que literalmente di que ao largo do mes de agosto de 2006, ben como resultado das investigacións ou ben por telos entregado particulares, téñense descuberto diversos artefactos en zonas afectadas por incendios. Estes artefactos primeiramente son examinados por especialistas do SEPRONA e por especialistas en desactivación de explosivos. Por tanto, non son ningún invento, habelos, había, con independencia de cal sexa o resultado final das investigacións e que estas teñan valido para esclarecer eses incendios ou para dar cos autores materiais da produción deses incendios.

E para finalizar tamén decirlle ao señor Castro que, de todas as comparecencias que se produciron de representantes, tanto do delegado do Goberno como das forzas e corpos de seguridade do Estado, do SEPRONA, da Policía Nacional e tamén da Policía Autonómica, dedúcese que a pesar de que levábamos vinte anos ou máis padecendo sistematicamente incendios, de que se levaba decindo por parte tamén do anterior Goberno e dos responsables políticos que estes eran intencionados e que eran fruto da man das personas, nunca se fixera o esforzo que se empezou a facer no ano 2006, e que ten continuidade este ano, de incrementar tanto os medios persoais como os medios materiais que se destinan ao esclarecemento dos incendios forestais. E eso conséntase en que durante o ano 2006 se produciron moitas máis detencións, mesmo incluso antes de que se producira a vaga de lumes do mes de agosto, do que se tiñan producido en anos anteriores, con unha gran diferenza. Por iso, para rematar, señor Castro, dicir que o fartazgo que a veces manifestamos desde este grupo parlamentar aos debates que vostede propicia non é nin porque non consideremos grave a situación que se viviu o ano pasado nin porque non consideremos importante a problemática dos incendios forestais, sinón porque consideramos grave a actitude do Partido Popular de intentar única e exclusivamente facer carroñerismo político con este tema e non ter ningunha actuación construtiva para intentar mellorar a posición do noso país a este respecto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Paz Franco.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Soneira Tajés.

**A señora SONEIRA TAJES:** Señora presidenta.

Señoras diputadas, señores deputados, o xoves da semana pasada o Partido Popular de Camariñas dou un mítin no polideportivo municipal e un dos oradores, tratando de menospreciar as preferencias políticas que proceso tras proceso os electores de Camariñas lle dispensaban ao Partido Socialista, fixo unha referencia despectiva, crendo que eso era un insulto, decindo que os camariñáns levaban plumas e pinturas do colores no rostro, e así lles iba. E o domingo, ás oito da noite, case o 67% dos camariñáns pintáronse con plumas e con rayas de todos os colores no rostro, decidiron que querían seguir sendo indios. Quero decir, e esto vén a conto, polo calificativo que o señor Castro dixo aquí sobre comunidade de pacotilla agora que non gobernan eles, porque, cando os cidadanos deciden que gobernen outros, isto é unha comunidade de pacotilla, e durante dezaseis anos tivemos que escoitar que éramos os mellores do mundo mundial. Cando non somos capaces de mantela sequera, por respecto ao país, a verdade é que pouco nos queda que agardar en este tipo de iniciativas, ¡pouco nos queda que agardar!

E non quero referirme a esto das amistades, porque, claro, parece que ten moita máis importancia poñer unhas botas tejanas encima dunha mesa nun rancho californiano, ou de Tejas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, unhas botas, e falar en un castellano especial, sencillamente para demostrar que estamos no grupo dos elexidos. Pois non, parece que eso nin é a cuestión nin é esto.

Desde logo, a oposición é moi importante en calquera sistema, sobre todo nos sistemas democráticos, porque incentivan e son o acicate para a acción do Goberno. E ademais forman parte esencial do sistema, si non, nin siquera podría chamarse democracia. E os partidos serios, cando pasan á oposición, planifican e organízanse de tal maneira que a súa oposición ten que ter unha finalidade, a finalidade de volver a obter o poder e ademais sen queimar –e vén esto a conto– todo aquilo que é importante, que é o acervo común, e que facilita a posterior labor do Goberno, porque en calquera democracia sana a alternancia prodúcese. Claro que hai grupos que o que planifican é unha forma de oposición simplemente para a promoción interna orgánica, para conservar cuotas de poder dentro do aparato do seu partido, porque vén que as cousas fôra pintan

mal, e que a veces os cidadanos deciden pintarse a cara con cores e con plumas porque parece ser que lles gusta eso. Claro, aquí hai especialistas en este tipo de cuestións que xa a utilizaron contra a súa propia organización encerrándose en un piso en Orense hai un tempo, e que desde aquí utilizan a confianza que lle dan os cidadanos para ganarse un nome e currículo dentro da propia organización, utilizando os instrumentos que lle dá o Regulamento da Cámara.

Digo isto porque eu simplemente vou a facer aquí dous números: hasta antonte, o Grupo Popular había presentado 1.094 iniciativas donde figuraba a palabra “incendio”, que tiñan que ver cos incendios, con calquera iniciativa do Goberno, real, inventada ou imaxinada, que tuvera que ver co mundo forestal e cos incendios. A primeira reflexión que fai un é decir: pois hai xente que traballa. Entonces vas a mirar e antes do 2005 non había nin unha sola iniciativa que se preocupara polos incendios en Galicia. E onte aquí o señor conselleiro dou unha cifra de case 500.000 hectáreas en dezaseis anos, que, claro, si simplemente aplicamos unha regra de tres ben sinxela, si estiveran realmente preocupados polo país e por un problema endémico, o Partido Popular, que non ten rexistrada unha sola iniciativa sobre este tema hasta o 2005, debería, en proporción ás hectáreas queimadas, ter rexistradas 5.470. Pero si o fixera en proporción aos anos que gobernaron e xestionaron este asunto, debería haber rexistrado 8.752. Polo tanto, non é preocupación por este tema, non o é, é preocupación por manter o grupo de Orense, os grupos pechados, e, desde logo, por facer calquer cousa que ten pouco que ver ca preocupación xeral polo país e si muito pola preocupación de grupo e de poder que nos leva a que todos estos datos que hoxe dou aquí o señor conselleiro –xa o dixo el– están dados, por activa e por pasiva en comisións, están nos documentos da Comisión de Incendios, e, desde logo, están incluso en noticias feitas públicas por parte de outras administracións do Estado, como pode ser o anuncio de que vai haber 75 patrullas antiincendios do Exército español, 4 helicópteros de vixilancia, 2 de evacuación sanitaria. Pero ademais o compromiso, precisamente para a investigación e detención dos incendiarios, de 223 gardas civís. Bueno, eu... é verdade, é a liberdade de cada un e é a decisión de cada grupo de converter incluso en esperpento a acción de oposición. E pódese facer, pódese facer, o Regulamento desta Cámara é moi xeneroso. Pero, desde logo, cando en

este país a Policía Nacional practicou cinco detencións o ano pasado hasta o 31 de decembro, a Garda Civil 137, e a Policía Autonómica 50, en total 192, si os datos non me fallan, non parece que admita comparación con ningunha das épocas anteriores. E, desde logo, o que non admite é a preocupación que ten o Grupo Popular, a través do seu voceiro, que en menos de dous anos tivera moita máis preocupación por este tema que por dezaseis anos e medio millón de hectáreas polas que nunca se interesou de ningunha das maneiras. E, en todo caso –e sin ir al Siglo de Oro das letras castellanas, quizá máis ao romanticismo e a Rubén Darío–, preguntaba o da brillantez. Brillantez, ¿y tú me lo preguntas?, brillantez, señor Castro, en este tema, parece que eres tú. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Soneira.

Señor Castro, ten vostede a palabra.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Moitas gracias, señora presidenta.

Señora Paz, pacificamente. Mire, Quevedo era un maestro da pluma, dígalo Agamenón o su [...], evidentemente. Confunde vostede a Quevedo con Góngora, cousa que lamento profundamente, a respecto dos galegos, láméntoo. En todo caso, é evidente que nin Góngora nin Quevedo coñeceron á súa señoría, evidentemente.

Mire, eu non tento descalificar o traballo de ninguén. Dos grupos, por suposto, non, nunca. A caricatura da Comisión é a caricatura mesma, é esa comisión caricaturizada ela mesma, a si mesma, señora Paz. Mire, nós non formamos parte desos paripés, evidentemente.

Cando, mire, cuando eu falo do que dixen a respecto dalgunha causa, vostede non sabe do que estamos a falar, porque, se non, sabería perfectamente a que me estou a referir, que non tiña nada que ver coa Comisión, evidentemente; que non tiña nada que ver coa Comisión, aínda que era muller, ¿verdad?, aínda que era muller. Non tiña nada que ver coa Comisión, por suposto.

Mire, ¿aquelo foi unha Comisión de investigación? Non, aquilo foi unha manobra burda para tentar salvar ao Goberno, cousa coa que moitos dos membros desta Cámara, dese

lado do pasillo, do bipartito, non estaban de acordo, señora Paz. E sabe vostede que tiveron que facer un trágala por non crear unha crise de Goberno nesa cuestión. E sabe vostede mellor ca min de que estou a falar.

Señora Soneira, eu non estiven, evidentemente, no mitin de Camariñas, é evidente, ¿non? Non estaba alí, pero os camariñáns, vostede incluída, son personas honorables, créame, voten a quen voten, evidentemente. Créame que llo digo de corazón, sinceramente.

Mire, cuando falo de comunidade de pacotilla, Galicia é un gran país, a pacotilla apórtana outros que neste momento están no Goberno, outros, outros.

A respecto de amistades, eu xa lle deixo, si Evo, si Fidel o Hugo, ¡alá vostede! Esas son as referencias de España neste intre, esas son as referencias. Non sólo os pés de certa mesa, de certo lugar. Esas son as referencias de España hoxe, señora Soneira.

Mire, a respecto do piso de Ourense, que me gusta moito eso. Mire, ninguén estuvo encerrado en ningún piso en Ourense. (*Interrupcións.*) Eu alomenos non o coñezo, eu alomenos non o coñezo. (*Interrupcións.*) E créame que estou en condicións de decirlle...

**A señora PRESIDENTA:** Por favor.

**O señor CASTRO GARCÍA:**... que coñezo a algúns de aqueles.

Perdón.

**A señora PRESIDENTA:** A ver, por favor.

Perdone, señor Castro. Guarden silencio.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Estaba tentando decirlle que coñezo a algunhos daqueles e non estiveron encerrados en ningún piso. (*Risos.*) Que non estiveron encerrados en ningún piso. Créame que non é verdad. Andiveron pola calle tranquilamente, pola calle. O que lamento é que os investigadores periodísticos non deran con eles, que era tan fácil, tan fácil. Iso é o que me sorprende a min da labor periodística daquel asunto, certamente llo digo, señora Soneira.

Mire, eu non vou a citar nunca o número de iniciativas que vostede presenta, nin agora nin antes nin despois. E respecto profundamente as súas, sean do tipo que sexan. Polo tanto, a nivel de traballo parlamentario, rógolle, polo menos, e pídolle sinceramente, encarecidamente, que manteña ustedese ese mesmo respecto que eu manteño polas súas; ese mesmo respecto. E creo que estoulle pedindo algo que, por outra parte, é absolutamente elemental.

Bueno, señor Suárez, parece que me calificaba a miña intervención como a de sempre, un pouco máis cargada de bombo. Bueno, mire, señor Suárez, o bombo cargouno vostede coa súa deixadez, e, por riba, sin recoñecer a súa responsabilidade naquela catástrofe. Eso está fóra de toda dúbida. Recoñece vostede que foi unha situación especialmente dramática. Bueno, pois se recoñece vostede eso, e vostede asume a súa responsabilidade, vostede sabe o que tería que facer sobre aquela cuestión. Xa sabe que non lle teño que dicir nada agora, xa o sabe vostede perfectamente. Vostede mesmo o citou pasado aquel momento, polo tanto, non lle teño que dicir nada especialmente novo.

Mire, situacións máis complicadas que o 2006 vivíronse moito antes, con menos axudas exteriores, señor Suárez, con menos medios tal vez, pero con máis eficacia porque se creía máis no operativo, máis. Quizá porque quen o inventou tiña máis capacidade para dirixilo, probablemente sea eso; probablemente, señor Suárez, probablemente.

Mire, ¿axudas exteriores?, eu agradézollelas como as agradece vostede, pero tamén sei o que dixeron cando se foron ao seu país de volta. Recordo o que dixeron os cántabros: “*No hemos visto descontrol tan grande en nuestra vida*”, referíndose a vostede e ao seu equipo director daquelas operacións. E logo sigue vostede a tratar de enganarnos, non vou a dicir mentir, enganarnos, porque dice que a partir do 15 todo estaba baixo control. Señor Suárez, con todos os medios disponibles, con todos os medios aéreos, terrestres, persoais, vostede sabe que a final de agosto, primeiro de setembro, 1.500 hectáreas arderon en Quiroga, señor Suárez. ¿Recórdase? ¡Pois arderon! Cuatro días sin parar, con todos eses medios que dice vostede que tiña; que ao parecer o tiña, evidentemente. Así que, eso de control a partir do día 15, nanai, ¡nada de nada!

Segue apoiándose vostede en datos fabricados *ad hoc*. E si que me gusta –e con isto remato, señora presidenta, por-

que non quero abusar da súa paciencia– de que hai dúas cuestións. Ata o 2009 dixeron algunhos que as autoestradas non estarían limpas nas beiravías; perigo non neutralizado, señor Suárez. E nós pedimos iniciativas en ese sentido, e vostedes, ou quen o apoia a vostede, votaron en contra. E gústame moito que hoxe se ampare vostede nun informe da Garda Civil. Mire, eu desde que ao señor Beiras o salvara a Garda Civil de que o tiraran ao mar en Malpica en 1989, non había escoitado unha defensa tan férrea, tan disciplinada, da Guardia Civil como a que fixo vostede no día de hoxe. Bueno, pero, en todo caso, quede constancia...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:**... –remato xa, señora presidenta, coa súa benevolencia– de que falou vostede de técnicos e centrando a incompetencia, por suposto, de subdirector para arriba. Vostede verá a quen nomean, quen nomea a esas persoas, empezando por vostede mesmo.

Nada máis, señora presidenta. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Castro.

Señor conselleiro do Medio Rural, ten vostede a palabra para o turno de peche.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):** Si, señora presidenta.

Señor deputado, eu realmente creo que con vostede é inútil, porque dá igual que se lle den datos, que se lle explique, vostede, piñón fixo.

Incendio de Quiroga, desde o 15 de agosto hasta o 31 de decembro, pasando días das temperaturas máis altas do Estado –e xa no tiñamos aquí os medios, que marcharon despois do día 15 cando se resolveu a vaga de lumes–, foi o único incendio que durou máis de dous días a extinción. Analice a cantidade de incendios de anos anteriores que duraron. E se comparamos calqueira media desde o 15 de agosto ao 31 de decembro, con calqueira ano da época anterior, sale en todo enormemente favorable á xestión do ano anterior. ¡Enorme!, faga vostede o estudio. Simplemente lle digo eso para que, efectivamente, si nos podemos acoller... Efectivamente, un incendio, de media, todos os anos anteriores, máis de 150,



máis de 150 en ese período, que duraban máis de dous días, un so.

É que eu o que non acabo de entender da súa intervención é que recurrentemente vostede, si tivera un mínimo de rigor, tería que analizar que moitas das cousas que dixo o único que está poñendo en solfa é todo o que fixo o Partido Popular durante dezaseis anos.

Autopistas limpas. De repente apareceu a maleza na autopista este ano, porque, efectivamente, antes se limpiaba. Antes se limpiaba e agora, de repente, aparece a maleza na autopista, curiosamente o ano que se está facendo unha actuación na autopista que calqueira ciudadano deste país pode ver, pero nada máis que circular por ela. Autenticamente espectacular comparado co que se facía antes. Claro, como temos moito que limpiiar, efectivamente, pois temos esa dificultad.

Líneas de alta tensión e imputación dun fiscal de Ourense a un delegado. Supoño que os incendios que se producen debaixo das líneas de alta tensión serán produto da maleza, que, como todo o mundo sabe, non crece nun ano. E, polo tanto, se producen incendios desos todos os anos. Aínda por riba se lle imputan incendios que non teñen que ver coa súa xestión, porque responden a período anterior. Efectivamente, como heredamos a Administración el é o responsable e se lle imputan á Administración actual en este momento, pero son actuacións anteriores.

E con todo tipo de frivolidad e sin rigor ningún se vén eiquí a falar deso, igual que do informe do fiscal. Si analizamos o informe do fiscal, que –insisto– ten moitos datos, como sempre, absolutamente propios do fiscal, e nós respectamos aínda que non compartimos, mire vostede o que dice, porque eu dinlle datos da intencionalidade que nós deducimos dos incendios e a que se deducía de media anteriormente, moi superior á que nós decimos agora. Ou sexa, eran moitos máis os incendios intencionados na súa época que na nosa; había moitos menos incendios investigados que na nosa; se imputaban moitas menos causas a desconocidos que imputamos nós agora, que somos máis precisos, precisamente, non por nada, non porque cambiáramos a metodoloxía, porque cuando hai dificultades hai unha directriz de que se volva a investigar. E o fiscal decía: *A la vista de la estadística de las causas de los fuegos se extrae como con-*

*clusión la ligereza con la que se catalogan algunas de las causas, como es el caso de las intencionadas, muy por encima de las desconocidas. En eso, desde logo, vostedes levaban a palma; vostedes levaban a palma. En este sentido parece que resulta práctica habitual y más cómoda a la vez, que agrada más a la Administración competente –supoño que estará falando de todas, e moito máis, desde logo, polo tenor literal do que dice–, que los agentes forestales que acuden en un principio a los fuegos, al no hallar o no encontrar pruebas o evidencias físicas patentes como velas, colillas, artefactos incendiarios, califiquen el incendio como intencionado, basándose en meras conjeturas o sospechas, cuando en numerosas ocasiones pueden tener su origen en focos secundarios [...] de muy difícil estudio.*

Todo eso, fíxese vostede, estase con moitísima máis precisión facendo agora que antes. Imaxínese vostede qué diría este fiscal das actuacións que nós temos no histórico de lumes que eu lle referín, ¡no histórico de lumes!, e que vostede referenciaba.

*En definitiva, no se realizan estudios serios y rigurosos de las causas, sino más bien que se tiende a realizar hipótesis basadas en la primera impresión, o como más probable acaban en causas intencionadas no probadas cuando en realidad deberían ser causas desconocidas. Que é o que se está facendo agora con máis intensidade, ¿verdad? Bueno, pois vostede é igual, eso non lle sirve.*

Por certo, se analizamos ese informe da fiscalía hai cousas que teríamos que ter en conta para as cousas que vostedes utilizan tamén, porque non hai que coller o que interesa sólo, etc.

*En definitiva, los fuertes vientos del noroeste que soplaron durante doce días de forma continua durante todas las horas del día, la baja humedad relativa del aire, las altas temperaturas de hasta 40 grados centígrados, hicieron el caldo de cultivo perfecto para que cualquier chispa iniciara un fuego y múltiples focos secundarios.*

Eu o único que lle digo, señor Roberto Castro, é que en este asunto todos os informes da Policía, todos os informes dos fiscais, os traballos que facemos de coordinación coa Guardia Civil, dicen claramente que no tema da extinción todo tipo de crispación, todo tipo de conflitividade, non é

boa. Eu repítole o que lle dixen onte: nunca, nunca sobre o tema da extinción se solicitou comparecencia nin para que se explicara o Infoga, etc., por parte dos grupos que sustentan o Goberno. Falamos de política forestal, falamos de prevención, falamos de posibilidades de atallar as causas estruturales unha e mil veces, e poñendo alternativas. O que nunca fixemos, e moito menos os rexidores que dependían desas forzas políticas, foi crispas, foi crear conflictividade entorno á extinción, porque sabemos que aí debemos de estar todos xuntos, con un obxectivo fundamental, que é a persecución clara aos delinquentes, non tomar os temas con frivolidade. Porque, efectivamente, as situacións poden ser complicadas en función de múltiples variables e, cuando hai delinquentes polo medio, hai variables que non se poden controlar.

En definitiva, cremos que este asunto si que debería de motivar unha maior complicitade e unha maior involucración en facer, efectivamente, que a extinción seña un éxito, e, polo tanto, respecto dos delinquentes, tolerancia cero, persecución, e ter claro que existen, ter claro que existen e que hai que perseguilos e poñerllo difícil.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D.<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a elaboración dunha nova lei do voluntariado de Galiza**

**A señora PRESIDENTA:** Pasamos ao último punto da orden do día, de preguntas orais aos membros do Goberno, comezando pola do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a elaboración dunha nova Lei do voluntariado de Galicia.

Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Grazas, señora presidenta.

Señor vicepresidente, o voluntariado no noso país tense transformado dunha maneira importante ao longo dos últimos anos, e penso que concretamente na última década. As causas ás que poderíamos aludir para esa transformación son diversas, teñen que ver coa sociedade, con cambios que se

producen nos hábitos de vida ou cunha maior importancia que ten ou que se lle dá ao tempo do ocio, un maior disfrute do mesmo, mais nós entendemos que, sen dúbida, un dos puntos de inflexión máis importantes foi a catástrofe do *Prestige*, que puxo ao voluntariado nun primeiro plano político e social e demostrou que, evidentemente, na sociedade galega pois hai esa vontade de participar e colaborar cando o país o precisa.

Entendemos, polo tanto, que tamén nos últimos anos se teñen dado un incremento moi importante das entidades de acción voluntaria e que con este crecemento pois tamén se teñen detectado ou aparecido necesidades e demandas das propias asociacións e que é necesario –entendemos nós– que estas novas demandas, ¿non?, que estas necesidades, que estas asociacións teñen enunciado, é moi convinte que estén acompañadas e atendidas desde os poderes públicos.

O departamento que vostede dirixe, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, puxo xa no ano pasado en marcha un proceso participativo para elaborar o Plan galego de voluntariado 2006-2010. Froito deste proceso temos un Plan galego do voluntariado que, entre os compromisos que recolle, é o de modificar o actual marco normativo e, consecuentemente, elaborar unha nova lei do voluntariado galego que actualice a normativa vixente e que tamén lle dé resposta ás demandas deste sector e debuxe un novo marco que fomente e afortale a acción voluntaria.

No Bloque Nacionalista Galego coincidimos con este obxectivo, con esta necesidade, e pensamos, polo tanto, que é necesario desenvolver canto antes este proxecto, facelo dunha maneira participativa e tendo moi claro que o obxectivo desta lei non debe ser tutelar a acción voluntaria senón, en todo caso, apoiar e afortalar o voluntariado en Galiza.

Nós sabemos que neste momento este é un proceso que está en marcha, si nos gustaría, en todo caso, saber un pouco a metodoloxía que se vai a seguir e que se está seguindo para a elaboración desta lei e cando podería ter entrada na Cámara galega.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Pontón.

Señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González):** Grazas, señora presidenta.

Señora deputada, efectivamente, o voluntariado é un fenómeno de crecente importancia na nosa sociedade, tanto polo aumento do número de persoas que prestan a súa acción voluntaria como tamén pola complexidade do movemento asociativo, que aumenta en cantidade e en cualidade.

Eu creo que a acción voluntaria en Galiza tense demostrado e demóstrase todos os días do ano, aínda que, efectivamente, houbo momentos de especial importancia para o país como o que vostede acaba de mencionar, onde os voluntarios fixéronse máis visíbeis para o conxunto da sociedade, cousa, por outra lado, positiva. E ademais eu creo que é importante tamén salientar que nunha época de crecente individualismo na sociedade pois resulta edificante que a acción voluntaria vaia en aumento no noso país. Eso demostra a realidade dunha sociedade viva e comprometida co seu futuro colectivo. Voluntarios nos que, por certo, boa parte deles, ata un 30%, están nas edades comprendidas entre os 21 e os 25 anos. Co cal tamén se enterra o mito dunha xuventude pouco comprometida, individualista ou apática.

Ben, dende a Administración consideramos que debemos actuar para que a xente poida desempeñar esa labor no noso país e, polo tanto, crear os escenarios necesarios para que esa labor sexa efectiva e cas maiores facilidades posibles. Non se trata, polo tanto, que a Administración teña que suplantar os voluntarios nin tampouco nin sequera decirlle cal é o camiño a seguir, senón camiñar conxuntamente e preparar os escenarios necesarios para que os voluntarios podan exercer a súa labor. Precisamente por eso pensamos que é necesaria unha modificación da actual Lei do voluntariado, e nese traballo estamos.

Decir que baste un dato, que non só por numérico pode considerarse cuantitativo, senón cualitativo. Durante a época de vixencia do 1º Plan de voluntariado as asociacións de voluntarios pasaron no noso país de 318 no 2002 a 577 no 2005. Ou sexa, duplicaron o seu número. Pensamos, polo tanto, que só eso xa indica, de por si, unha nova situación, a que a nova lei debe de ter presente. Ademais a nova lei debe tamén servir para diferenciar claramente a acción voluntaria do traballo profesional retribuído; algo que pensamos que

polo aumento do traballo voluntario era hoxe máis urxente e necesario, se cabe, que cando se iniciou o 1º Plan galego do voluntariado.

Con esa idea, e sobre todo coa idea de participación directa dos voluntarios, que se teñen que converter nos auténticos protagonistas da redacción da lei, temos iniciado os traballos para esta nova redacción.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señora presidenta.

Grazas pola resposta, señor vicepresidente.

Nós podemos coincidir con que tamén é importante sacar algunha conclusión dalgún dato. A min, desde logo, me parece que é relevante ir eliminando un certo traxe que se lle quixo facer en algún momento á xente nova deste país, e decirmos pois eso, ese mito do pasotismo e do individualismo, e que, evidentemente, eu creo que cando se poñen as bases e as condicións materiais para poder participar o que se demostra máis ben é que hai ese compromiso co país e tamén ese compromiso coa sociedade na que viven. A nós nos parece que é importante o anuncio que se facía, ¿non?, a respecto de que un dos alicerces da lei sexa o de clarificar o que é a acción voluntaria e traballo remunerado, e que, polo tanto, eso quede perfectamente deslindado, porque houbo, certamente, nalgúns momentos da nosa historia, quen intentou substituír, por exemplo, o que debe ser a prestación de servizos sociais por esa prestación de acción voluntaria, que nós entendemos que sempre debe ser, en todo caso, un complemento e para atender determinadas situacións e nunca estar substituíndo postos de traballo.

Nós cremos que é importante que o proceso, ademais, sexa consensuado, que podan participar todas as asociacións, e que cando esta lei chegue a este Parlamento veña con ese consenso social e, en todo caso, aquí tamén ver si somos capaces de que ese consenso que se xenere na propia sociedade o poidamos conseguir tamén nesta Cámara.

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Pontón.

Señor vicepresidente, ten vostede a palabra.

**O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González):** Grazas, señora presidenta.

Señora deputada, antes comentábase o itinerario do 1º Plano galego do voluntariado e as conclusións que da súa execución se pudesen tirar. O proceso participativo que temos iniciado serviu, primeiro, para sacar conclusións do primeiro Plano galego de voluntariado e sobre todo para redactar e aprobar o segundo Plano galego de voluntariado xa no ano pasado.

Este plan, que foi concebido como unha folla de ruta para a política de voluntariado ata o ano 2012, xa recollía expresamente, despois da participación de todas as entidades voluntarias, a necesidade de modificar o marco normativo actual que rixe as accións voluntarias e as asociacións de voluntariado. Polo tanto, foi o propio movemento de voluntariado quen preconizou e pediu esa modificación de lei.

Todo este proceso participativo que temos iniciado xa dende o ano pasado tivo o seu colofón no segundo Congreso galego de voluntariado, celebrado o 15 de maio; un congreso monográfico que versou fundamentalmente sobre a futura lei de voluntariado. Nel participaron máis de 350 persoas procedentes de 200 entidades diferentes de voluntariado do país, e nel houbo algunhas cuestións suscitadas e que teñen que servir de guía para a redacción da lei: a necesidade de continuar mantendo esta metodoloxía de participación, refrendada absolutamente por todo o mundo; a posibilidade de contar cun observatorio galego de voluntariado; o fomento dos sistemas de calidade nas organizacións –tema continuamente reivindicado polas asociacións de voluntariado–; o impulso do papel das entidades locais; ou a necesidade de establecer claramente as diferencias, como dicíamos antes, entre o traballo voluntario e o traballo remunerado.

Ben, foron conclusións, polo tanto, deste congreso que teñen que ser a guía para a redacción dunha lei. Como é lóxico, nós temos a intención e o desexo de que esa unanimidade, produto da participación de todas as entidades nas conclusións do segundo congreso, se traslade tamén á Cámara e que a nova lei de voluntariado sexa aprobada co consenso de

todos os grupos. O noso obxectivo é poder pechar o texto definitivo do proxecto de lei, incorporando as achegas do Congreso e poder remitilo a esta Cámara para a súa aprobación antes de finais de ano, para o cal quero contar e espero contar –estou seguro de contar– coa colaboración de todos os grupos parlamentares. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**Pregunta de D.ª María Modesta Riobó Dios, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento da Lei de dependencia**

**A señora PRESIDENTA:** Pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento da Lei de dependencia.

Para formular a pregunta ten a palabra a señora Riobó Dios.

**A señora RIOBÓ DIOS:** Boas tardes.

Grazas, señora presidenta.

Señor vicepresidente, a Lei de promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia supón un importante avance no desenvolvemento do estado do benestar. Esta lei reconece o dereito das persoas con discapacidade que non poidan valerse por si mesmas a ser atendidas polos poderes públicos, e, polo tanto, vén a reforzar notablemente o sistema de servizos sociais que, como saben, a pesar de ser competencia exclusiva das comunidades autónomas na nosa comunidade, non tivo ese alcance nin a cobertura necesarias para dar unha resposta adecuada á demanda social que existe neste eido.

Polo tanto, esta lei, a Lei da dependencia, supón un importante avance porque significa o recoñecemento dun notable problema social que pasa a ser abordado dende a perspectiva dos dereitos da cidadanía. En Galiza temos un número notable de persoas con diferentes graos de dependencia, e é notoria na nosa comunidade a especial dificultade á hora de pór en marcha o desenvolvemento desta lei. As características da nosa poboación polo seu avellentamento, a súa dispersión e incluso índices de retorno, así como o número importante de persoas dependentes, xunto con ese

déficit de equipamentos sociais que padecemos, fixo posible un acordo entre a Vicepresidencia da Xunta e o Goberno do Estado para un financiamento máis xusto que poida garantirmos así o desenvolvemento da lei na nosa comunidade.

Dende o primeiro momento da tramitación desta lei vimos observando unha importante colaboración entre a Vicepresidencia da Xunta e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a posta en marcha do novo sistema de dependencia polos beneficios que proporcionará a todas as persoas que se atopan nestas circunstancias na nosa comunidade.

A lei regula esas condicións básicas de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia mediante a creación dun sistema para a autonomía e a atención á dependencia coa colaboración e participación de todas as administracións públicas.

A lei, como saben, entrou en vigor en xaneiro, pero máis ben o que entrou en vigor foi a constitución do Consello Territorial, que é ese órgano colexiado que no seu seo véñense tomando e consensuando eses acordos tan relevantes que van a permitir o desenvolvemento da lei. Sabemos do esforzo que vén, que se ven desenvolvendo pola Comisión Delegada do Consello Territorial, esforzo para asegurar o mesmo nivel de prestacións e servizos a todas as galegas e galegos dependentes.

Por iso, facémolles esta pregunta, señor vicepresidente: ¿Cal é o procedemento de xestión que está levando a cabo para facer efectivo o desenvolvemento desta lei na nosa comunidade? Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Riobó.

Señor vicepresidente, ten vostede a palabra.

**O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González):** Grazas, señora presidenta.

Ben, en Galiza hai máis de 91.000 persoas dependentes. Según os últimos datos que temos, é o 3% da poboación, e delas 16.500, cando menos, son grandes dependentes. Ben, dende o Goberno galego queremos pór en marcha e estamos a pór en marcha un sistema galego de atención á dependen-

cia, e queremos que ese sistema sexa un sistema próximo, accesíbel, transparente e eficiente. Transparente a base de dar á xente a máxima información e unha información de calidade. Próximo e accesible, facilitando á xente o acceso a esa información e, polo tanto, levándoa hacia o cidadán e non esperando que o cidadán teña que buscala. E eficiente a base de conseguir, de intentar e de conseguir, unha lóxica cooperación entre as diferentes administracións dende a dirección do Goberno galego a través da Vicepresidencia.

Para cumprir estes obxectivos establecemos un dispositivo baseado en tres elementos básicos: primeiro, un dispositivo de información móbil integrado por catro oficinas de información itinerantes, catro autobuses, que recorren todo o territorio galego. Teño que dicir que este dispositivo suspendeuse durante a campaña electoral para evitar calquer tipo de suspicacia. Teño que dicir tamén que a Xunta Electoral de zona de tres provincias ratificou a total imparcialidade desta campaña e animounos a seguir con ela; inda así, a suspendimos para evitar calquer tipo de suspicacia. Eso é unha cuestión paradóxica neste, porque as tres xuntas electorais de zona se pronunciaron en base a denuncias do Partido Popular. Nós suspendimos a campaña e despois houbo moitos alcaldes do Partido Popular que nos chamaban todos os días para protestar porque non iban os autobuses a informar á xente. Pero unha vez pasada a campaña electoral, volve a estar outra vez en marcha ese dispositivo de información móbil, que se complementa, ademais, con un teléfono de información gratuíta e unha páxina *web* dispoñíbel para o mesmo menester.

O segundo elemento é a rede estable de asesoramento e recollida de solicitudes de valoración. Téñense disposto en todo o país hasta 81 puntos para este menester, utilizando as delegacións provinciais, centros sociais, residencias de maiores, de xeito de que haxa puntos de atención e de recepción de solicitudes en todas as comarcas de Galiza. Durante os días que levan funcionando, xa se teñen atendido a máis de 10.000 persoas e xa se teñen recollido casi 3.000 solicitudes de valoración.

E o terceiro elemento son os equipos de valoración; equipos de valoración que están compostos xa dende o mes de xaneiro por 54 profesionais, aos que agora se sumarán outros 50, e que van a iniciar —aproveito a súa pregunta para anunciálo— a súa labor de valoración dos grandes dependen-

tes a partires xa do mes de xullo. Estes equipos de valoración iniciarán a valoración dos dependentes que o teñen solidado.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Señora Riobó.

**A señora RIOBÓ DIOS:** Grazas, señora presidenta.

Grazas, señor vicepresidente, pola súa reposta e información. Entendemos o seu interese polo desenvolvemento efectivo da Lei da dependencia na nosa comunidade pola importante aportación que supón ás persoas dependentes, ás súas familias e aos seus cuidadores e cuidadoras.

É de destacar o esforzo e traballo realizado e que se está a realizar para pór en marcha o Sistema Galego de Atención á Dependencia e que este sistema beneficie a todas e todos nas mesmas condicións. Estamos a ver como se puxeron en marcha o que consideramos son os mecanismos adecuados, ademais dun xeito realista e dun xeito eficiente, para proporcionar información e asesoramento que faciliten os trámites para que o sistema poida desenvolverse con normalidade e poia atender as demandas de todas as persoas dependentes da maneira máis eficiente.

Ademais, polo que puidemos comprobar, non hai queixas pola falta de información nin pola falta de transparencia. O único que preocupa é se interfere ou non na campaña electoral ou se os autobuses visitan antes uns concellos ou outros. Iso significa, ao noso modo de entender, que a campaña de información e asesoramento está ben deseñada, é unha campaña eficiente, e iso é algo do que nos temos que alegrar todos.

Por outro lado, esa actitude de cooperación co Estado vai favorecer que se atendan as peculiaridades da nosa poboación e, polo tanto, acceder así a un financiamento e a uns servizos máis axeitados ás nosas necesidades.

Estamos comprobando que na nosa comunidade estase levando a cabo un traballo riguroso nun tema de tanta transcendencia para toda a cidadanía para facer efectiva a lei nas

mellores condicións. Non nos queda máis que agradecer ese traballo e ofrecerlle a nosa colaboración.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González):** Grazas, presidenta.

Señora deputada, eu penso que é moi importante que teñamos presente que nun tema coma este hai dous planos diferenciados, claramente interrelacionados, pero que convén especificar. Un é o recoñecemento dun dereito universal que se plantexa na Lei de autonomía persoal, un paso importantísimo, importantísimo. E por eso o Goberno galego e os grupos que apoian ao Goberno galego nesta Cámara apoiaron esa lei no seu debate e no Congreso dos Deputados e nas Cortes Xerais do Estado. Pero unha cousa é o recoñecemento do dereito e outra cousa é a súa aplicación efectiva; é dicir, que na práctica os cidadáns teñan a posibilidade real de exercer ese dereito, non só de que se lle reconozca.

E para que ese exercicio sexa real temos que crear unha auténtica rede pública de atención á dependencia, o sistema galego de atención á dependencia do que estamos a falar. E eso témolo que facer eiquí en Galiza, non nolo vai facer ningún por nós; eso témolo que facer eiquí en Galiza. Témolo que facer dende a cooperación; primeiro, dende a cooperación intelixente coa Administración do Estado e, segundo, en Galiza, en cooperación intelixente entre todas as institucións con competencias no ámbito da atención á dependencia.

Nós estamos intentando levar a cabo un traballo nesa liña, primeiro de cooperación co Estado, porque precisamos que, ademais do recoñecemento do dereito, a lei teña unha financiación xusta para Galiza. Por eso temos insistido tanto na necesidade de que se teña en conta a especificidade do noso país. Non costa o mesmo atender a mil dependentes en Galiza que atendelos en outras partes do Estado, ente outras cousas porque os 16.500 grandes dependentes e os 91.000 dependentes de Galiza non están adscritos en 10 ou 15 cida-

des senón que están adscritos en 35.000 núcleos de poboación.

Por iso temos insistido diante do Consello Territorial e diante do ministerio para conseguirmos unha financiación xusta para a Lei de dependencia en Galiza, que, por outra parte, non consiste en pedir ningún tipo de caridade ou gracia, senón simplemente en conseguir que os impostos dos galegos e das galegas sirvan tamén para atender aos galegos e ás galegas que máis o precisan.

Teño que decir que dese traballo, como sempre ten sucedido, se teñen sacado resultados positivos, e agora nos toca a implantación en Galiza do Sistema Galego de Atención á Dependencia, para a cal o Goberno galego e esta Vicepresidencia quere contar tamén con todos os grupos da Cámara e sobre todo con todas as institucións de Galiza, coas institucións locais e, por suposto, coa institución autonómica, que ten a potestade e a obrigação de dirixir o proceso.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

**Pregunta de D.<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias, do G. P. Popular de Galicia, sobre a demora da efectivización polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do financiamento prometido para a aplicación da Lei de dependencia en Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Pregunta agora do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demora da efectivización polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do financiamento prometido para a aplicación da Lei de dependencia en Galicia.

Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Gracias, señora presidenta.

Señor vicepresidente, a nosa pregunta tamén é sobre a Lei da dependencia, pero seguramente sobre un tema máis concreto, un tema do que vostede tamén falaba, que é esa cooperación intelixente co Goberno central. O 5 de xuño do pasado ano vostede asinaba un protocolo de colaboración co ministro de Traballo e Asuntos Sociais. Segundo ese protocolo, Galicia percibiría 60 millóns de euros a maiores do

financiamento que lle correspondera á nosa comunidade coa aplicación da Lei da dependencia. Despois de asinar ese protocolo vostede chega a Galicia asegurando que con eses cartos se saldaba a débeda histórica en materia de servizos sociais, que con eses cartos se ía adiantar a implantación da Lei da dependencia na nosa comunidade a través dun plan de choque, a chamada versión galega do proxecto estatal, e comprometeuse a crear dezasete novos centros, que financiaría con eses 60 millóns de euros, co fin de atender as esixencias da lei.

Pero a verdade é que hoxe nos preguntamos cal é a realidade, señor vicepresidente. E a realidade é que hoxe en día, un ano despois dese compromiso por parte do Goberno central, non temos todavía transferidos a Galicia nin un só euro deses 60 millóns prometidos. Vostede mesmo, o pasado 25 de abril, denunciaba publicamente nos medios de comunicación a falla de compromiso por parte do Estado. Advertía vostede que este incumprimento ía crear unha situación de frustración e de rexeitamento en Galicia. Frustración e rexeitamento porque ás persoas dependentes que teñen recoñecido un dereito non se lles vai poder prestar eses servizos. Denunciaba vostede que a posta en marcha da tan esperada Lei da dependencia era inviable, porque a Administración central non destinaba suficiente diñeiro para atender os 17.500 galegos que deberían beneficiarse este mesmo ano desta nova lei. E denunciaba vostede que a lei acabaría sumindo nun déficit a Administración galega.

As últimas novas que temos –por suposto a través dos medios de comunicación– é que, despois das intensas negociacións e como resultado da firmeza da súa xestión co Goberno central, o pasado 18 de maio o Ministerio de Traballo, dentro do reparto da financiación para as comunidades autónomas, anunciaba o traspaso dunha partida de 18,7 millóns de euros para aplicar a Lei da dependencia en Galicia. Pero da sinatura do convenio que ratifica a aportación deses 60 millóns de euros adicionais comprometidos para Galicia, a día de hoxe, nada de nada. Por iso o noso grupo hoxe, neste pleno, quería preguntarlle cómo valora vostede o feito de que dende o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aínda non se fixera efectivo o financiamento prometido para o adianto da Lei da dependencia en Galicia.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

Ten a palabra o señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González):** Grazas, señora presidenta.

Señora deputada, creo que o Partido Popular ten confundido nos últimos días as cantidades e os termos, ¿non? Entre outras cousas, porque se ten confundido, creo que a veces malintencionadamente, e outras veces seguramente por despiste, o que son o pago, efectivamente, dunha débeda histórica, dos 60 millóns adicionais, ca cantidade finalmente asignada polo ministerio dentro do reparto correspondente a Galiza para este ano 2007, que son dúas cousas diferentes.

Primeira cuestión. Efectivamente, nós conseguimos na negociación co Estado, e así está escrito no protocolo de colaboración e asinado, unha financiación suplementaria á Lei de dependencia de 60 millóns de euros para suplir o déficit infraestrutural en materia social que Galiza ten. Eu non dixen nunca que con eso quedara resolto todo, eso si, dixen que foi un paso moi importante que ata agora nunca se tiña dado. Por certo, que cando temos que conseguir e temos que pedir ao Estado que poña 60 millóns de euros adicionais para enxugar un déficit de infraestruturas, é porque o déficit de infraestruturas existe, e non o fixo este Goberno. Dígoo porque eu a veces me estraño de que vostedes pregunten sobre estas cousas, porque nos dan a oportunidade a nós para recordar a situación que tivemos que atopar, e que fannos falta eses 60 millóns de euros, entre outras cousas, ¿por que?, pois porque alá donde o Plan xerontolóxico dice que ten que haber 3,5 prazas de residencia por cada 100 maiores de 65 anos, pois neste país atopámonos cunha situación na que só hai 1,86; atopámonos con que a cobertura pública da axuda a domicilio establecida no plan é de 3,2 usuarios por cada 100 maiores de 65 anos, e nós estamos unicamente no 1,91, somos en esto a penúltima comunidade do Estado, só nos gana en déficit Ceuta. Bueno, se falamos dos centros de día, a cousa non é mellor. O índice galego de cobertura en prazas por cada 100 maiores de 65 anos en centros de día é do 0,18. Eiquí si que se fixo un esforzo importante por parte de Galiza, e eiquí non nos gana nin Ceuta, estamos de últimos directamente.

Ben, esta é a situación que atopamos, e esta é a situación que temos que enfrentar, por eso eran necesarios os 60 millóns de euros adicionais; 60 millóns que se van a facer efectivos neste ano 2007, co horizonte de que no ano 2009 podamos ter paliada esa situación de déficit. E, polo tanto, eses 60 millóns vanse aplicar no ano 2007, no ano 2008 e no ano 2009.

Vostede pregunta sobre o que estamos a facer. Pois é que incluso antes de que recibamos a transferencia desos 60 millóns de euros, este Goberno xa se puxo a traballar, e por iso están en marcha a construción de 45 centros de día neste momento. Entre outras cousas, fanse agora porque antes non se facían. Pero vostede, xa que me dá a oportunidade de decilo, pois proveito para transmitirlo.

E, dende logo, a labor que temos feita para modificar os criterios de financiación da propia lei, que, por certo, tamén se establecía no protocolo de colaboración e acordo co Goberno do Estado, serviu para que no reparto que se fixo para este ano 2007, para o que queda do ano 2007, Galiza fora perceptora de case 19 millóns de euros. Iniciamos as negociacións con pouco máis de 15, acabamos con 19. E, por certo, no reparto deste ano, a este que facemos referencia, Galiza é a quinta comunidade que máis recibe, unicamente nos superan comunidades como Valencia, Andalucía, Cataluña ou Madrid, con maior número de habitantes ca nós e, polo tanto, tamén con maior número de dependentes.

Eso é o que eu lle podo trasladar, e, polo tanto, non teña vostede duda que os 60 millóns de euros vanse utilizar en Galiza. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

Señora Rodríguez Arias, ten vostede a palabra para o seu turno de réplica.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Si, gracias, señora presidenta.

Señor vicepresidente, a verdade é que os que confundimos as cifras non somos nós, o que está intentando confundir hoxe aquí, neste pleno, é vostede. Nós temos as cifras perfectamente claras, e vostede as ten clarísimas tamén, pero sabe que fai máis dun ano que o Goberno central se com-



prometeu con vostede a facer unha transferencia de 60 millóns de euros a Galicia a maiores do que lle correspondía pola Lei da dependencia, e que a día de hoxe non a fixo efectiva. E vostede eso o sabe. E mesmo vostede mudou de discurso en varias ocasións, e o responsable dos asuntos sociais en Galicia non pode mudar de criterio ou de discurso segundo lle conveña.

Primeiro. A punto de iniciarse o trámite no Parlamento, desmarcouse completamente do proxecto socialista, asegurando que os custos eran para nós e os beneficios eran para Madrid. Logo marcha vostede a Madrid, firma un convenio co ministro de Traballo e Asuntos Sociais, o señor Caldera, e chega a Galicia dicindo que o BNG vai apoiar esa lei porque a cambio o Goberno central vai a dar 60 millóns de euros adicionais á nosa comunidade. Despois volve a cambiar de criterio e vén laiándose nos medios de comunicación dicindo que agora o Estado non lle vai a dar os recursos económicos necesarios para implantar esta lei en Galicia.

Perdóneme vostede, señor Quintana, pero os que confundimos as cifras non somos nós, o que cambia de discurso é vostede, todos os días, según lle vaía o conto co ministro Caldera. *(Aplausos.)*

A realidade é outra, e vostede mo pode confirmar. A día de hoxe, as súas promesas continúan no aire. Nos fala vostede dos catro autobuses móbiles. Que, por certo, non sei qué alcaldes lle chamaron a vostede para reclamar ese autobús na campaña electoral, cando lle podo asegurar que a maioría dos alcaldes non tiñan nin idea que ese autobús iba pasar polos seus concellos. ¡Nin idea, señor vicepresidente!

O certo é que, das prestacións que están recollidas neste momento, ningunha se está materializando. O único que se está materializando é esa campaña informativa da independencia. En lugar de habilitar os medios económicos e persoais para aplicar esta lei en Galicia, vostede o que fai é pór en marcha unha campaña dos autobuses e unha campaña dunha rede para asesorar como se ten que cubrir a instancia para que se recoñezca a dependencia.

Dende logo, neste escenario de incertidume, que é o escenario real que existe neste momento, nós, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o que reclamamos é unha postura conxunta, unha postura conxunta do presidente da

Xunta e de vostede, vicepresidente da Igualdade e do Benestar, ante o Goberno central para asegurar que os dependentes galegos terán os mesmos dereitos que o resto dos dependentes residentes no noso país. E que os dereitos recoñecidos nesta lei sexan unha realidade canto antes.

Dende logo, traballen vostedes neso, e neso nós tamén estaremos con vostedes.

Máis nada e moitas grazias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazias, señora Rodríguez Arias.

Señor vicepresidente, ten vostede a palabra.

**O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González):** *Moitas grazas, señora presidenta.*

Señora deputada, eu hasta hoxe, e antes de escoitala a vostede, pensei que a virtude en política era precisamente ter a capacidade para recoñecer os avances, polo tanto, poder cambiar a posición en función de que se consiga o que un pide. Eu hasta agora pensei que o malo en política era traballar a piñón fixo, e vostede o que me propón é traballar a piñón fixo.

Eu cando escoito as primeiras palabras, as primeiras intervencións arredor da Lei de dependencia, e vexo que é unha lei filosoficamente admirábel pero que contén determinadas especificacións ao respecto da financiación, ao respecto do non pagamento da débeda histórica ou ao respecto do non recoñecemento das competencias exclusivas de Galiza, pois manifesto con total independencia, como sempre fai o Bloque Nacionalista Galego, con total independencia, a nosa posición e a posición do Goberno galego, que comparte a filosofía da lei pero non está de acordo con determinadas especificidades dela. E grazias a esa labor de esixencia, de cooperación intelixente, conseguimos que haxa 60 millóns adicionais; conseguimos que na lei se establezca a necesidade dunha financiación específica para Galiza, tendo en conta as súas características; conseguimos de que se aprobe unha carta de servizos específica para Galiza e que se recoñezan as nosas competencias exclusivas na materia. E, polo tanto, recollido eso, pasamos da crítica ao apoio, como ten que facerse en política, non como fan vostedes e os seus representantes no consello terri-

torial, que é igual que se diga blanco ou negro, sempre dicen que non. Vostedes sigan por esa ruta.

Vostede me pregunta cantos alcaldes chaman do PP. ¡Moi-tos! Por certo, moitos dos que chamaron, agora xa non van ser alcaldes, cousa que tamén é de saludar. (*Risos.*) Pero seguirán, ¿por que? Porque a xente quere información, a xente quere información e nós lla vamos a dar. Vámonsla a dar, entre outras cousas, porque é necesario pór en marcha un auténtico sistema galego de atención á dependencia. E mire, para facer eso, fai falta, sobre todo, partir do convencemento —da necesidade e do convencemento— da creación dunha auténtica rede pública de atención. E vostedes eu creo que neste teñen mala conciencia. Teñen mala conciencia, entre outras cousas, porque agora, cando nós temos que informar dos dereitos que dá a Lei de dependencia, ¿sabe cal é unha das preguntas que reiteradamen-te se expresa por parte de quenes acuden a estas oficinas? ¿E donde está o centro de día ao que eu vou ter que ir? ¿E onde está o centro de día ao que vou ter que levar ao meu pai? ¿E onde está a residencia onde podo levar ao meu fillo discapacitado? É o que pregunta todo o mundo. Eu voulle indicar, se podo facer algunha indicación, aos traballadores desos centros que cando lle pregunten eso, lle pregunten a vostede, que lle pregunten a vostede onde fixéron os centros de día, onde fixéron as resi-dencias. Porque vostedes foron os que non fixéron o sistema galego de atención á dependencia, e por eso o temos que facer nós agora. ¿Como? Primeiro esixindo ao Estado que aporte as cantidades necesarias para solventar o noso déficit histórico. E eso son eses 60 millóns de euros que executaremos no ano 2007, 2008 e 2009. E ao mesmo tempo, aplicando unha lei na que temos conseguido xa que se teña en conta a especificidade de Galiza, e, polo tanto, no reparto de este ano subamos dos pouco máis de 15 millóns aos 19 que agora vamos a recibir, e que ademais teñamos conseguido no Consello Territorial que non sexa unha financiación fixa, senón que se poda renegociar para o ano que vén, tendo en conta, polo tanto, unha vez máis, a especificidade do noso país.

Este vai ser o traballo que estamos a facer, é o traballo que estamos a facer para a implantación en Galiza, dunha vez por todas, dun auténtico sistema galego de atención á dependencia. O que vostedes non fixéron, vamos. (*Aplau-sos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor vicepresidente.

### **Pregunta de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete depu-tados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de pacientes da lista de espera non estrutural en cada hos-pital do Servizo Galego de Saúde, así como en Povisa**

**A señora PRESIDENTA:** Substanciamos agora a pregunta do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o número de pacientes da lista de espera non estrutural en cada hospi-tal do Servicio Galego de Saúde, así como en Povisa.

Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Santali-ces Vieira.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Moitas gracias, señora pre-sidenta.

Bueno, volvemos a facer esta pregunta, retomamos esta pregunta, porque houbo, como ben saben, un intento fallido na outra, na outra, na outra sesión plenaria. Todo era un tema dun no, “no estrutural”, que é o que queremos preguntar.

E todo isto é en base a que existe un decreto, que é o Decreto 605, que fala do tratamento homogéneo que se debe de dar no tema da lista de espera dentro do Sistema Nacional de Saúde. Isto foi de obrigado cumprimento para as comunidades autónomas, que tiveron que adaptarse, e fixérono a través de sendo decretos, que en Galicia, en con-creto, foron dous.

Trátase, polo tanto, dun sistema de información uniforme para a toda a nosa comunidade autónoma a nivel de listas de espera quirúrgica, consultas externas e probas diagnósticas.

Estos datos están sendo facilitados, a consellería publica os datos cada trimestre, incluso se discuten no Parlamento; bueno, no último trimestre non se discutiron pero se discu-ten aquí periodicamente. Os datos que se publican son datos de listas de espera estrutural, que se corresponde co progra-mado nos hospitales, os que se trasladan a outros centros públicos, os trasladados a outros centros concertados e os pacientes que se programan no propio centro.

Pero —e con isto xa é repetir a pregunta, señora presi-dente, me vai a perdonar que abrevie un pouco—, pero hai outros datos que non se están publicando, que son os da non estrutural, o paciente que rechaza ir ao centro concertado, o

paciente que rechaza ir a outro centro público. Por exemplo, un paciente de Ourense que non queira ir ao Hospital Público de Verín ou aqueles que están por espera médica ou pola propia vontade do paciente.

Polo tanto, o que pedimos, para ter unha idea global de como está a lista de espera total na nosa comunidade autónoma, é que nos den os datos dos pacientes en lista de espera estrutural e non estrutural.

Nada máis, señora presidenta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Santalices.

Señora conselleira de Sanidade ten vostede a palabra.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vidal):** Si, moitas grazas, señora presidenta.

Eu querría comentarlle ao señor deputado que realmente me chama a atención que pida estes datos cando eles mesmos tampouco os daban. Pero é que non teño ningún problema en dárselos e explicarlle pormenorizadamente.

O que si quero lembrarlle é que a 31 de decembro do ano 2006 temos en lista de espera, é dicir, hai 6.235 pacientes menos que están esperando unha intervención.

Eu lamento que vostede queira confundir aos cidadanos preguntando e dando todo tipo de explicacións e revolven-do, porque este Goberno si que se comprometeu a actuar con total transparencia na súa xestión. Cando vostedes só facilitaban a lista de espera puntualmente cada seis meses e tras os plans de choque que melloraban os seus resultados e non facilitaban as demoras nin por meses nin por hospitais nin por especialidades, agora ten vostede toda esta ansiedade de coñecer todos os datos. Eu estou encantada, porque ademais isto é unha información avalada polo tratamento homoxéneo, como vostede dixo, con todos os criterios acordados no Sistema Nacional de Saúde e con unha metodoloxía conxunta para todos os hospitais.

E como vostede ben dixo, esta metodoloxía a implantó en España unha ministra, unha ministra do Goberno do PP,

Ana Pastor, e que foi a que deu este plantexamento, e aquí tamén unha regulación autonómica definindo a espera estrutural, a que está causada por mor da organización dos recursos dispoñibles e por tanto atribuído á administración sanitaria, e a espera non estrutural, allea aos medios sanitarios, que vén por motivos clínicos que non aconsellan unha intervención nun momento dado ou ben porque o paciente solicita pospoñer unha intervención ou ben porque ese paciente quere ser intervido nun centro público por especialistas públicos.

Sobre a pregunta, direille que no ano 2007 diminuíron os pacientes tanto en espera estrutural, como lle dixen ao principio, como en espera non estrutural, e que representan a 31 de marzo un 26% do conxunto do sistema.

De xeito, no Complexo Hospitalario Juan Canalejo temos 554 pacientes; en Santiago, 1.614; en Arquitecto Marcide, 429; en Xeral-Calde 545; no Hospital da Costa, 148; no comarcal de Monforte, 15; Ourense, 795; comarcal de Valdeorras, 18; Pontevedra, 630; en Vigo, 6.496; en Povisa, 984; Barbanza, 74; Salnés, 67; Verín, 29; Xunqueira, 70. Como ve, non teño ningún problema en darlle os datos nin da lista estrutural que facemos cada tres meses na páxina web nin da lista non estrutural.

E, por certo, por certo, vostedes nin a non estrutural nin a mencionaron nin a puxeron nunca na súa páxina web. Pero non é sólo eso, senón que moitas das comunidades do seu signo do PP a estes momentos tampouco fan ningunha referencia na súa páxina web das listas estruturais.

E teño que decirlle que con respecto ás listas non estruturais, comunidades como Madrid, por exemplo, están nun 60%, e, por exemplo, tamén están fóra do Sistema Nacional de Saúde por non respectar os propios criterios, elaborados por ministros do PP, por certo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora conselleira.

Señor Santalices.

**O señor SANTALICES VEIRA:** Moitas grazas, señora presidenta.

O decreto, señora conselleira, ten xa o tempo suficiente como para que demos os datos tanto de listas de espera estrutural como non estrutural. Pasou tempo máis que suficiente para que se den aquí os datos, porque esto nos permitiría dimensionar a existencia total, global, de cómo estamos a nivel de lista de espera na nosa comunidade. Porque son, señora conselleira, estes pacientes, son tamén pacientes que están esperando, e, polo tanto, o primeiro que debemos de facer é ter unha idea e dimensionar ben de cómo está este problema para poder pór en marcha algo que nós lle puxemos enriba da mesa, que é un decreto de garantías de tempos de espera. Todo paciente que bote, que espere, máis nunha consulta externa dun tempo máis que razoable deberíamos de ofertarlle que sea atendido no menor tempo posible, tanto para as consultas externas como para as probas diagnósticas. De aí viña, señora conselleira, o interés de conocer nós... Non vou a entrar agora no análisis dos datos, entrarei cando proceda.

Pero eu o que lle pido, señora conselleira, é que reflexione sobre a cuantía, tendo en conta sólo os datos que dá aquí vostede, dos pacientes que hai neste momento na lista de espera non estrutural e que están esperando nalgún momento que se lle dé algunha solución. Eu o que lle pido é que tome en consideración a proposta que nós lle fixemos sobre o decreto de garantías de tempos de espera.

Nada máis, señora presidenta.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Santalices.

Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vidal):** Si, eu lle agradezco moito esa consideración. Pero, por certo, tempo tiveron, dende o ano 2003 que regularon na comunidade autónoma a lista de espera estrutural e non estrutural realmente non fixeron nunca nin unha aproximación para dar eses datos.

E ademais, por certo, ese decreto de garantía que tamén publicaron vostedes en maio de 2005 o publicaron con unha disposición transitoria que non era dispoñible facer dese dereito hasta en tanto non se fixera unha aplicación infor-

mática, por certo. E quen impuxo tamén ese decreto dispoñible para que fora un dereito utilizable por todos os cidadáns foi este Goberno tamén nada máis chegar ao Goberno.

Por tanto, se hai transparencia e vontade por parte deste Goberno de darlle solución aos pacientes que están en lista de espera, me parece que foi este Goberno quen afrontó con toda honestidade ese plantexamento e todas esas solucións.

E, por certo, quero tamén comentarlle que esta, esta consellería e o Servizo Galego de Saúde deu sempre aos seus xerentes instrucións precisas para que nunca se utilizara ningún tipo de eventualidade nin de traspaso de pacientes dun lado para outro como podía haberse pensado que en outros tempos se fixo. Porque realmente nos chama a atención que nun hospital dun área atopáramos cando chegamos ese número de pacientes tan elevados nunha lista de espera non estrutural. E ademais tamén agochados pacientes nunha área tamén de Vigo que realmente tampouco vostedes tiveron a honestidade de dicirlle aos cidadanos que estaban en lista de espera. Eran de Povisa, eran de Povisa, do sistema público, e tampouco tiveron esa honestidade. Por tanto que me veña aquí a facer esa pregunta e dicirme que non estamos a dar os datos, paréceme realmente, pois ¿que quere?, unha ironía. Porque se alguen estaba a dar os datos cada tres meses, especialidade por especialidade, hospital por hospital, foi este Goberno; e quen tuvo tamén a honestidade de dicir que estaban agochados eses pacientes fomos nós.

E como ve tampouco teño ningún empacho en dicirlle os pacientes que están en lista non estrutural. Pero tamén lle debo de dicir que deses pacientes moitos deles, eu diría que máis dun 50%, estaban xa nesa lista non estrutural en decembro do 2005; e nós en dous meses que levábamos naquel momento de Goberno non fomos capaces de facer tal acúmulo de pacientes en lista de espera.

Por tanto, se ten que preguntar dónde estaban e quen puxo eses pacientes en lista de espera non estrutural debería de preguntarllo aos meus antecesores, que lles darían unha explicación moitísimo mellor.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora conselleira.

**Pregunta de D.<sup>a</sup> María del Carmen Acuña do Campo e dous deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os obxectivos do desenvolvemento do programa “Alerta Escolar”**

**A señora PRESIDENTA:** Pregunta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre os obxectivos do desenvolvemento do programa “Alerta escolar”.

Para formular a pregunta ten a palabra a señora Acuña do Campo.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Gracias, presidenta.

Señorías, conselleira, a Consellería de Educación conxuntamente coa de Sanidade puxeron en marcha neste curso 2006-2007 o programa “Alerta escolar”. Trátase para o noso grupo dun programa único e innovador que esperamos consiga contribuír a mellorar o manexo das situacións de urxencia. Situacións onde resulta tan importante, en ocasións ata crucial, xuntar inmediatez e eficacia.

A poboación escolar en Galicia é de 366.000 alumnos e alumnas de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos; son ademais 32.000 profesores e profesoras, distribuídos nos 1.800 colexios da nosa comunidade.

Con estas cifras sería temerario pensar que non se van producir situacións de urxencia ao longo dun curso escolar. Aínda tratándose de nenos e nenas e de xóvenes na súa maioría sans, debemos ter moi presente que un accidente ou un traumatismo pódense producir en calquera momento. Ademais, non podemos esquecer que desgraciadamente tamén na infancia e na xuventude preséntanse patoloxías que poden ocasionar situacións de urxencia con relativa frecuencia.

Por outra parte, nós entendemos que este programa non busca converter ao profesorado de Galicia nese persoal paramédico perfectamente adestrado para resolver calquera emerxencia que nos presentan as series televisivas americanas, senón que tan só pretenderá que o profesorado, que, por estatística, ao longo da súa vida profesional de seguro terá que se enfrontar a algunha situación deste tipo, incrementa con esta medida o recursos materiais e os coñecementos mínimos para facelo da mellor forma posible. E, sobre todo,

que teña a tranquilidade que se require para abordar estas situacións sabendo que vai contar sempre co necesario respaldo, coa coordinación e coa dirección do 061.

Esperamos e desexamos tamén que a incuestionable utilidade deste programa salve as dificultades que sen dúbida supón a súa posta en marcha, xa que é preciso coordinar para o seu desenrolo aos pais, alumnos e alumnas, os profesores e profesoras e o persoal sanitario.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas queremos preguntarlle, conselleira, cáles son os obxectivos principais que a Consellería de Educación pretende acadar co desenvolvemento deste programa “Alerta escolar”.

Moitas gracias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Acuña do Campo.

Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Sánchez Piñón):** Presidenta.

Señorías.

Comprácame responder a esta pregunta porque trata sobre unha das iniciativas do Goberno galego a través das consellerías de Educación e Sanidade que puxemos en marcha conxuntamente. Esta iniciativa ten un carácter innovador porque procuramos a través dela mellorar a atención educativa sanitaria dos nosos alumnos.

Abordamos deste xeito por primeira vez unha cuestión que ata o de agora tan só se tiña resolto mediante a entrega, sacrificio e, por non decilo, a impagable improvisación de profesores e mestres.

Eran os docentes os que ante unha situación de risco para os alumnos non dubidaban en poñer todo o seu esforzo e o seu saber persoal para resolvelas da mellor forma posible. Sen embargo, dende o Goberno somos conscientes de que este esforzo que ata agora foi exclusivamente voluntario e persoal, debe e ten que verse amparado e reforzado desde a propia Administración. Por iso, en colaboración coa Consellería de

Sanidade e tamén con Urgencias Sanitarias de Galicia, o 061, puxemos en marcha o correspondente convenio de colaboración creando e deseñando o programa de “Alerta escolar”. Esta iniciativa ten un obxectivo claro: que o profesorado sexa capaz de recoñecer unha emerxencia médica, de realizar os xestos e actuacións fundamentais para atender nun primeiro momento os alumnos cando se presenten algunhas das patoloxías para as que foi deseñado este programa, e así poder alertar eficazmente aos servizos sanitarios.

O programa artículase en tres áreas, a primeira delas é a asistencia sanitaria, a segunda é a formación e a terceira é difusión.

Na primeira delas preténdese a optimización e adecuación da resposta asignada dende a central de coordinación do 061, que enviará previamente un e-mail informativo a todos os pediatras da comunidade autónoma. O que pretendemos é que teñan unha base de datos no centro médico de referencia dos nenos e que xa inmediatamente, ante unha chamada dun profesor, saiban decirlle qué ten, qué tipo de patoloxía ten o neno e que podan actuar.

Tamén se facilitará ao profesorado unhas guías de actuación de uso fácil e de rápida aplicación, que lle servirá para recoñecer o cadro clínico.

E tamén, finalmente, pois o que se pretende é que dende o 061 se poida aconsellar sobre o material e dotación básica dos botiquíns ubicados nos centros, así como as recomendacións de uso dos mesmos.

E no aspecto da formación, as dúas consellerías levarán a cabo un plan específico sobre os coñecementos necesarios para o desenvolvemento do programa, para a reanimación cardiopulmonar e os primeiros auxilios nos colexios e tamén o material, dotación básica. E tamén o que pretendemos é que este programa sea desenvolvido polos especialistas e que estará dirixido a todos os membros da comunidade educativa.

Finalmente, a difusión. Informarase, loxicamente, a todos os colexios, enviaranse os materiais que están sendo elaborados polas dúas consellerías, e estes materiais chegarán aos pais, aos titores, aos mestres e a todos os centros educativos.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora conselleira.

Señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Gracias, presidenta.

Gracias, conselleira, pola súa resposta.

En primer lugar, celebrar a sensibilidade demostrada polo actual Goberno ante estas posibles e tamén, como non, probables situacións de resgo na escola. E, así mesmo, agradecer a tranquilidade que nos xera a posta en marcha deste programa. Tranquilidade que tamén débese estender aos profesores e profesoras que por cuestións biolóxicas, como é a idade, poden chegar a ser os receptores dalgunha destas técnicas de RCP, de reanimación cardiopulmonar, antes que ninguén. Mostrar tamén a nosa satisfacción ante unhas medidas que tratan de mellorar a atención e o coidado dos nosos escolares no terreo máis importante, a súa saúde. Gustaríanos coñecer, se fora posible, cales son as enfermidades que contempla, que se contemplan especificamente, no Programa Alerta ao que usted aludiu.

Non quero rematar tamén sen mostrar a nosa sorpresa ante o feito de que medidas tan útiles, e que ademais non esixen de novas infraestruturas nin de grandes inversións, senón que tan só esixen xestión para aproveitar mellor os nosos recursos, non se tiveran tomado antes, nos anos de xestión popular. Desexamos que iniciativas deste tipo se estendan tamén a outros campos e que Galicia se afiance nese camiño que ten iniciado, de mudar o posto de cola no conxunto das comunidades polo de referente e modelo que empeza a ter.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Acuña.

Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Sánchez Piñón):** Presidenta.

Agradezo, pois, as súas verbas de apoio ao programa, e dicir, que, bueno, é un programa do que a verdade esta-

mos satisfeitos de comenzalo. Sobre todo porque é un programa donde novamente se amosa a colaboración entre diferentes departamentos do Goberno, que penso que é unha maneira de traballar que está dando moi bos resultados. E que, efectivamente, é unha cousa que non implica moitos medios materiais pero si moitos organizativos e de xestión. E, por tanto, sabemos que imos a chegar a máis de 300.000 alumnos, a máis de 1.800 centros, e que a formación que está pensada está dirixida para todos os docentes que o desexen.

Esta formación vai a ter un mínimo de dez horas, estarán impartidas por especialistas, e repetirase todas as veces que sexa demandado polos centros educativos. Loxicamente, nunha primeira etapa non chegaremos a todos os docentes, pero temos unha previsión de que xa nun primeiro momento chegaremos a máis de 5.000 docentes polas peticións que temos. Das patoloxías incluídas no programa pois están a epilepsia, o shock anafiláctico, a hipoglucemia e, en xeral, todas aquelas que impliquen unha emerxencia médica e que necesiten reanimación cardiopulmonar ou a prestación de primeiros auxilios.

A min gustaríame tamén sinalar a alta incidencia que temos, cada vez máis, non só en Galicia senón en todo o mundo desenvolvido, que é a alta incidencia da asma. E, por tanto, é moi importante nos centros educativos ter unha formación, porque xa o 20% dos nenos teñen algunha crisis de asma en algún momento da súa vida. Esta é unha porcentaxe importantísima da poboación infantil, e, por tanto, temos que ter os docentes preparados para recoñecer un tipo de crisis desta e saber a gravidade que pode implicar. Por tanto, non estamos ante unha cousa puntual senón estamos atendendo pois a moitas patoloxías; evidentemente, a incidencia é diferente dunhas a outras. Pero tamén dicir que a formación do profesorado é fundamental para recoñecer este tipo de patoloxías e, loxicamente, vai estar en mans dos especialistas.

Agradecer, como sempre, aos mestres, aos profesores, a súa adicación, pero tamén deixar claro que eles non van a ter a responsabilidade, senón a detección dunha emerxencia, e inmediatamente estará todo coordinado co 061 para dar a resposta necesaria polos especialistas.

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup>. Ana Belén Pontón Mondelo e D. Xosé Ramón Paz Antón, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o fomento e promoción do deporte feminino**

**A señora PRESIDENTA:** Finalmente a pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre o fomento e promoción de deporte feminino.

Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón Montelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, vou a empezar con algo que pode parecer unha evidencia. Para o noso grupo, desde logo, é unha evidencia, pero cremos que é desas cousas que é necesario repetir, porque, efectivamente, aínda que todo o mundo parece coincidir, logo non é tanto. E esa evidencia é que a discriminación contra as mulleres é un fenómeno estrutural e que afecta a todos os ámbitos da vida social, económica, cultural e tamén deportiva. Porque nós entendemos que sobre este último ámbito, o ámbito deportivo, a invisibilidade das mulleres ten sido en moitas ocasións maior e mesmo ten pasado totalmente desapercibida. Moi poucas... Ten habido moi pouco debate sobre esta cuestión, aínda que, efectivamente, ten habido tamén moitas deportistas que teñen alertado sobre esta situación.

O feito de que non se teña falado moito sobre esta cuestión tamén provoca que a visión de ver esto como algo normal teña sido moito maior que noutros ámbitos, e que no pasado non se teñan tomado medidas correctoras para poder ir eliminando esas diferencias importantes que existen no ámbito deportivo e que dificultan a práctica deportiva para moitas mulleres.

Sabemos no BNG que desde o departamento que vostede dirixe desde logo non se aplica esta óptica, senón máis ben a contraria, e mesmo se ten informado nesta Cámara, a través de diferentes comparencias, que un dos obxectivos que se marcaban no ámbito da política deportiva era o de fomentar a participación das mulleres e a súa igualdade de oportunidades tanto no que é o deporte de base como no que xa é o deporte profesional ou de elite.

Nós cremos que este último... Bueno, nós defendemos que na política deportiva ten unha importancia moi grande o que é o deporte de base e a incorporación de mulleres xa desde as idades máis novas a este deporte. Pero tamén cremos que ten un valor simbólico e mesmo ideolóxico moi importante o de darlle relevancia social ás deportistas galegas que neste momento están colleitando éxitos, e que son moitos, posto que é moi importante ademais ir creando modelos, ir creando referentes femininos, que permitan romper con algunhas das inercias, con algúns dos estereotipos que existen na sociedade.

Ben, nós cremos que, polo tanto, é fundamental, para poder invertir estas tendencias, aplicar a perspectiva de xénero tamén na política deportiva, poñer medidas concretas que permitan ir facilitando esa participación, e nós sabemos que desde a Dirección Xeral de Deportes se ten iniciado pois un camiño neste sentido.

A nosa pregunta é para coñecer cal é a valoración das medidas que se teñen posto en funcionamento, posto que tamén cremos que desas primeiras medidas se poden sacar algunhas conclusións importantes de como ten que evolucionar a participación das mulleres no deporte.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Pontón.

Señora conselleira de Cultura e Deportes, ten vostede a palabra.

**A señora CONSELLEIRA DE CULTURA E DEPORTE (Bugallo Rodríguez):** Ben, efectivamente á nosa chegada creo que fomos moi conscentes da situación que se daba con respecto ao tema das mulleres no deporte. Efectivamente, máis da metade da nosa poboación son mulleres, pero o número de mulleres federadas no ano 2005 correspondía só a un 14%. Pero, o que é máis, había ademais cuestións moi importantes como o feito de que, por exemplo, a igual esforzo e a igual mérito, non existía o mesmo apoio económico. Do mesmo xeito que tampouco había un recoñecemento claro para as nosas mulleres deportistas nin tampouco igual espazo nos medios de comunicación.

Nese sentido, no 2006, dende a Dirección Xeral para o Deporte, abríronse toda unha serie de medidas posto que

considerabamos que era necesario unha discriminación positiva que fora variando esas cifras, cifras que son moi graves cando baixamos, ademais, ao concreto e vemos que, por exemplo, en deportes tan importantes neste momento, como é o fútbol, o porcentaxe de mulleres federadas non chega nin tan siquera ao 1%, e que incluso naqueles outros como o baloncesto ou o balonmán, donde as porcentaxes son moi superiores, están moi lonxe de semellarse ao 50% que deberían de corresponder.

Nese sentido temos moi claro, e tivemos moi claro no 2006, o que había que facer. E, en primeiro lugar, o que se puxo en marcha foi destinar unha partida concreta exclusivamente para o deporte feminino. Esa partida concreta, no 2006, foi de 1 millón de euros, que estaba para incentivar as federacións para que realizaran tanto proxectos no ámbito do deporte feminino como para axudar a clubs femininos ou a mulleres deportistas. Pero ao mesmo tempo tamén plantexamos a utilización de toda unha serie de criterios na valoración das diferentes axudas que se levaban adiante pola dirección xeral, de forma que esa discriminación positiva non só tivera unha partida orzamentaria propia senón que estivera recollida en todas e cada unha das medidas e convocatorias que levaba adiante a Dirección Xeral para o Deporte. Así, por exemplo, foi o caso das axudas a clubs e entidades deportivas, de forma que todas elas, cando solicitaban unha axuda para participar en campionatos oficiais, se encontraban que o segundo criterio máis importante de valoración que se tiña era precisamente o número de equipos e de licencias femininas. Tanto é así que, do total de cen puntos posibles, en realidade vinte deles podían proceder deste mesmo criterio.

Tamén, así mesmo, nas axudas aos clubs deportivos para que organizaran probas nos calendarios oficiais das federacións deportivas, se puntuaba especialmente o feito de organizar probas de categoría feminina. E, así mesmo, neste ano e no próximo ano, a dirección xeral vai incrementar as axudas aos clubs femininos nun 15%.

Ao mesmo tempo tamén, como existen outra serie de cuestións non relacionadas directamente coas deportistas senón cos técnicos e tamén cos postos de dirección relacionados co deporte, se puxo en marcha, entre os criterios dos convenios coas federacións, un criterio específico para considerar como un elemento clave o feito de elaborar cursos de



formación e programas de tecnificación e formación para así ter un maior número de mulleres que puideran ocupar postos de dirección deportiva. Porque ademais, se observamos non solamente no número de licencias, se observamos, por exemplo, o número de mulleres que ocupan postos de dirección nas federacións, nos daremos conta de que, das cincuenta e seis existentes na actualidade, só dúas están presididas por mulleres. Por esa razón, incluso, introducimos como criterio para a composición da assemblea xeral que as federacións, nas súas eleccións, axustaran na medida do posíbel as súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, que é a Lei galega de igualdade entre mulleres e homes, co obxecto, así, de poder garantir, na medida do posible, un camiño cara á paridade nos órganos de representación.

Outra medida tamén que impuxemos foi “a igual mérito, igual esforzo, igual apoio económico” para os nosos deportistas de élite. Así, por exemplo, as nosas deportistas que neste momento están preparando Pekín 2008 teñen exactamente axudas pola porcentaxe exacta que representan dentro dese equipo. E ademais tamén o que fixemos foi un esforzo na creación das seleccións por contar con seleccións femininas, como foi o caso da de baloncesto e da de balonmán.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora conselleira.

Señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Grazas, señora conselleira.

Espero que neste turno de réplica vostede non teña que facer o mesmo esforzo que tuven que facer eu para ser capaz de escoitar a súa resposta.

Ben, eu agradezo esta resposta, creo que hai encima da mesa medidas importantes, que non son só medidas de cara á galería senón que veñen detrás pois con un orzamento e con unha perspectiva que nós cremos que é importante.

Si nos gustaría, en todo caso, facer dúas, vamos, dúas observacións a respecto de todo esto. E é coñecer cal é o grado de participación tamén das mulleres deportistas no deseño de todo este tipo de medidas. Porque nós tamén cremos que a participación é un elemento fundamental na arti-

culación das políticas, e, neste caso, pois darlles a posibilidade ás mulleres de ter unha conexión coa Administración e de ter a capacidade de dar a súa opinión.

E outro aspecto que nós cremos que é moi importante en todo o que se refire á aplicación de políticas de igualdade de xénero, é ter un maior coñecemento e unha maior profundidade nas análises, e para iso é necesario facer estudos. E, polo tanto, tamén nos gustaría saber e coñecer se hai algún estudo feito no noso país sobre a participación das mulleres, se se vai a facer e se se vai a incentivar unha liña de investigación neste sentido, posto que, se non coñecemos en profundidade a efectividade das políticas e podemos comparar os datos, malamente poderemos logo avaliar os resultados.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Pontón Mondelo.

Señora conselleira, o seu turno de peche.

**A señora CONSELLEIRA DE CULTURA E DEPORTE (Bugallo Rodríguez):** Grazas, señora presidenta.

Señora deputada, bueno en realidade a invisibilidade das mulleres deportistas parece ser que sigue sendo invisíbel para algúns, ¿non? Pero, efectivamente, unha cuestión que para nós significou un dato moi positivo foi o avance no número de licenzas deportivas no propio 2006, donde se conseguiu chegar ao 17,7%. Ese dato que nos pareceu positivo nos axudou ademais a seguir traballando neste impulso. Pero tamén considerábase que era moi importante —porque é un camiño realmente difícil e que ten que compensar moitos anos ata chegar ata aquí—, que era moi importante ter en conta todas as ideas, todas as opinións e todas as propostas que elas mesmas, todas as deportistas, pero non solamente as deportistas, senón tamén deportistas, árbitros, xuízas, adestradoras, directivas, federativas, xornalistas, etc., todo ese mundo de mulleres relacionado co deporte podía axudarnos nese longo camiño que aínda nos queda para chegar á igualdade da muller no deporte.

Por esa razón o 27 de marzo deste mesmo ano se realizou en colaboración coa Vicepresidencia da Xunta da Galicia, coa Secretaría Xeral da Igualdade, a primeira xornada de

deporte- muller, que nós denominamos “Crecendo dende a igualdade”; unha igualdade que, como vemos, todavía tardará tempo en conseguirse. Precisamente nesa xuntanza o que fixeron esas mulleres foi poñer de manifesto non solamente a validez desas propostas, senón tamén toda unha serie de propostas novas que elas consideraban que debíamos encamiñar para así, dende logo, ter a oportunidade de ir abrindo cada vez máis ese camiño longo que outros herdamos, debido, precisamente, a esa invisibilidade.

Así o que nos pedían era un trato igualitario nos medios de comunicación, maiores axudas tamén dende os patrocinadores e tamén continuar nas xornadas de formación e nas xornadas de participación con elas, porque elas tiñan moi claro que era unha cuestión fundamental que a súa propia experiencia fora recollida como fórmula tamén axeitada para orientar esas políticas de discriminación positiva.

Dende logo, así foi ese compromiso. Nós comprometímonos a que era a primeira das múltiples xornadas que incluso se van facer con carácter territorial por diversos puntos de Galiza para ir recollendo toda esa participación. Pero ao mesmo tempo, efectivamente, considerábase que era necesario dar un paso máis no punto da investigación, e por esa razón se lle encargou á Universidade de Vigo a realización dunha análise específica da situación das mulleres no deporte en Galiza; unha análise que se está realizando nestes momentos e do cal esperamos ter pronto os primeiros datos.

En definitiva, sabemos que queda un longo camiño por recorrer, polo que vexo máis longo do que aínda parecía, porque a súa invisibilidade sigue sendo clara para unha parte, por exemplo, desta Cámara. Pero, dende logo, nós temos moi claro que estas medidas non van ser anecdóticas, senón todo o contrario, van conseguir por fin ir camiñando cara á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en Galiza e, por suposto, tamén dentro do deporte.

Nos queda por recorrer un camiño que outros non recorreron, pero ímolo facer o máis rápido posible e contando con todo o mundo. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora conselleira de Cultura e Deporte.

### *Declaración institucional*

**A señora PRESIDENTA:** Vou a dar lectura a unha declaración institucional que me fixeron chegar os voceiros dos grupos.

Declaración institucional sobre a paz en Palestina.

Transcorridos cincuenta e nove anos dende a expulsión de case un millón de palestinos, a violencia sigue a desangrar esa terra. Após case seis décadas de desterro, o pobo de Palestina apenas conta coa presión e solidariedade internacional para, sobre a base do cumprimento íntegro da resolución das Nacións Unidas, entre elas a relativa á creación dun estado palestino, poder pór fin ao conflito que o enfronta con Israel, pero que é imprescindible o cesamento da violencia e da ocupación.

Sobre esta base de respecto e aplicación do dereito internacional e os dereitos humanos, o Parlamento de Galiza quere manifestar a súa solidariedade co pobo palestino e o seu compromiso activo a prol dunha paz xusta e duradoira neste país.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

E, rematada a orden do día, rematada a orden do día, érguese a sesión.

Moitas gracias e boas noites.

*Remata a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
2.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
3.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
4.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barcón Sánchez, María del Mar	(PS deG-PSOE)
7.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
8.- BernardoTahoces, Angel	(PP)
9.- Blanco Parga, Carlos Fernando	(BNG)
10.- Burgo López, María de la Concepción	(PS deG-PSOE)
11.- Cajide Hervés, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
12.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
13.- Castelao Bragaña, José Manuel	(PP)
14.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
15.- Castro García, Roberto	(PP)
16.- Cerdido Pintos, María Marta	(PP)
17.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
18.- Cuiña Crespo, Xosé	(PP)
19.- da Silva Méndez, María Carme	(BNG)
20.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(PS deG-PSOE)
21.- Fervenza Costas, José	(PP)
22.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
23.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
24.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
25.- González Mariñas, Pablo	(BNG)
26.- González Méndez, María Amparo	(PP)
27.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
28.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
29.- López Abella, María Susana	(PP)
30.- López Besteiro, Manuela	(PP)
31.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
32.- López Veiga, Enrique César	(PP)
33.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
34.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
35.- Losada Álvarez, Abel Fermín	(PSdeG-PSOE)
36.- Mato Otero, Beatriz	(PP)
37.- Meijón Couselo, Guillermo Antonio	(PSdeG-PSOE)
38.- Méndez Romeu, José Luís	(PSdeG-PSOE)
39.- Miras Portugal, Aurelio Domingo	(PP)
40.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
41.- Núñez Feijoo, Alberto	(PP)
42.- Orza Fernández, José Antonio	(PP)
43.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
44.- Parga Núñez, Manuel	(BNG)
45.- Paz Antón, Xosé Ramón	(BNG)
46.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47.- Pérez Ares, César Augusto	(PP)
48.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
49.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
50.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
51.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
52.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
53.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
54.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
55.- Riobó Dios, María Modesta	(BNG)
56.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP)
58.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
59.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
61.- Salgado Núñez, Carmen Janet	(PP)
62.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
63.- Santiso Miramontes, José Antonio	(PP)
64.- Seara Sobrado, Laura Carmen	(PSdeG-PSOE)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Tabares Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
69.- Tojo Ramallo, Luís María	(PSdeG-PSOE)
70.- Tomé Roca, José	(PSdeG-PSOE)
71.- Valladares Rodríguez, María Luisa	(PP)
72.- Varela Sánchez, Ricardo Jacinto	(PSdeG-PSOE)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
74.- Vega Buxán, María Xosé	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)



---

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25